



ÍNDICE - SUMARIO

Nº 182

Volume XXXVII

marzo-abril 2013

Guieiro	
por Pedro Castelao	3
Estudos	
Galiza, a corrosión da identidade	
por Xoán López Facal	5
Os tempos sombríos han quedar atrás	
por Agustín Fernández Paz	26
A Igrexa e o momento crítico da identidade galega	
por Engracia Vidal Estévez	47
Sombras e pouquidade na dramaturxia de Vidal Bolaño	
por Xesús Portas Ferro	66
Achegas	
As artes vivas en Galicia, unha crise anunciada	
por Inmaculada López Silva	86
Crónicas	
Este vaise e aquel vaise...!	
por Xosé Luís Barreiro Rivas	99



8 de marzo: Día internacional da muller por Xoán Bernárdez Vilar	107
Carta desde a banda da esperanza por Manuel Regal Ledo	118
Ilustracións por Soedade Pite	57, 75



Xa estamos en primavera. Escribo isto a comezos de abril e a chuvia segue a ser intensa. O frío aínda non se foi. O vento azouta con forza. O mar non acouga. En Ribeira unha tromba mariña fixo estragos tronzando árbores e levantando tellados. No Padornelo aínda había neve está última fin de semana. En Madrid nunca vin chover tanto. Os campos de Castela están verdes e vizosos coma os prados de Galicia. Porén, estamos xa en primavera.

A meteoroloxía eclesial tamén anda revolta. A renuncia de Bieito XVI e a elección de Francisco foron un auténtico equinoccio estacional. Un auténtico punto de inflexión nos inicios dun século incerto no que a Igrexa precisa novos pulos para afrontar con forza os novos retos. Nos pontificados anteriores cometeuse, ao respecto, un erro fatal: as cuestións incómodas, difíciles e desafiantes na teoloxía e na vida eclesial foron silenciadas, reprimidas ou deslexitimadas. Mandar calar non é solucionar. É adiar o problema. Bieito XVI entreabriu algunha fiestra dalgún novo movemento para ventilar un aire xa irrespirable por excesivamente viciado. E nunca mellor dito (desgraciadamente). Pero aínda non escampou. O frío aínda non se foi. A chuvia segue a ser intensa. O novo bispo de Roma parece decidido a afrontar o vendaval, pero antes de arranxar o mundo, ten (temos) que arranxar a casa. A reforma da Curia e o ecumenismo parecen ser preocupacións centrais de Francisco. Benvido sexa.

Galicia está vivindo nos últimos anos as devastadoras consecuencias que tivo a irresponsable campaña electoral de Núñez Feijoo fronte ao bipartito. Abriuse a caixa dos tronos e aínda non se pechou. Velaquí a maior trola mediática espallada por toda a península: o castelán é un idioma perseguido en Galicia. O actual goberno de Galicia do Partido Popular, que, como todo goberno galego, debe promover, garantir e protexer a lingua e a cultura do seu pobo, parece comportarse coma o seu principal inimigo. Quen aínda non o vexa con claridade debe ler con atención este número de Encrucillada.

Xan López Facal analiza con maestría a corrosión da identidade colectiva do noso pobo centrándose na dimensión política e cultural das últimas décadas. O panorama é desolador. Atila cabalga con forza. Agustín Fernández Paz amplía e concreta a súa análise reflexio-



nando con toda claridade sobre orzamentos, investimentos, política editorial, grao de atención ao teatro e á industria audiovisual. Os tempos son rexos, pero hai esperanza. A creatividade alternativa, as iniciativas persoais e de pequenos grupos seguen a resistir contra vento e marea. Engracia Vidal radiografía moi de preto a situación da Igrexa valorando o alcance da inculturación en Galicia. Temos unhas dioceses ancoradas en inercias sacramentais, sen auténtica vida de renovación eclesial, e con dirixentes principalmente instalados nunha diglosia que aínda non superou seculares prexuízos clasistas verbo da lingua de noso. Tamén Engracia comparte a esperanza do cambio. Estaremos chegando xa a esa ansiada primavera?

Xesús Portas Ferro achéganos, con pericia e extrema pulcritude, á figura poliédrica de Roberto Vidal Bolaño. Como se sabe, este 17 de maio recibe a homenaxe de toda Galicia na celebración do día das Letras Galegas. Lendo o traballo de Portas recórrese o mundo imaxinario de Vidal Bolaño e asístese a representacións teatrais non representadas. A este mesmo mundo das artes escénicas dedica Inmaculada López Silva unha achega na que debulla o proceso de transformación da industrial teatral vivido nos últimos anos. –Qué hai detrás da conversión do IGAEM en AGADIC?

A Rolda política de Xosé Luís Barreiro reflexiona sobre a emigración, Pescanova, o PSdeG-PSOE, e o Deportivo de A Coruña. A Rolda da Cultura de Xoán Bernárdez comeza cunha preciosa evocación de mulleres senlleiras na historia de Galicia e continua co seu habitual e exhaustivo repaso ao mundo do audiovisual, das letras, a banda deseñada, o cine, o teatro, a etnografía, e novas en xeral. A Rolda de Igrexa de Manuel Regal Ledo fálanos de Bieito XVI, Francisco, as Xornadas de Pastoral das Escolas Católicas, os desafiuzamentos, os cen números do suplemento Dumio, o Sínodo diocesano de Santiago, o caso Pagola e o sacramento da reconciliación. Coma sempre, os debuxos de Soedade Pite ilustran o que as verbas non sempre poden dicir.

Pedro Castelao



Galiza, a corrosión da identidade

Xoán López Facal

1.- Cultura e política: os dous eixos da identidade colectiva

Cultura e política, tradición e proxecto, lingua e gobernación, son as dúas trabes que sosteñen a conciencia colectiva de identidade e pertenza que nos singulariza como suxeito histórico e queremos denominar nación. A nación é a categoría operativa que nos permite describir a persistencia temporal da nosa identidade por máis que haxa quen a cualifique de ilusión, normalmente desde outra perspectiva nacional excluinte. As clases, as nacións son efectivamente categorías que nos axudan a comprender a complexidade social. Mais, o propio concepto de sociedade é cualificado de mito desde algunhas perspectivas. Esta era, por exemplo, a opinión de Margaret Thatcher ao respecto:

A xente que pide constantemente a intervención do goberno o que fai é botarlle a culpa dos seus problemas á sociedade. E saben? non existe a sociedade. Hai individuos, homes e mulleres, e hai familias. Ningún goberno pode facer nada se non é a través da xente, e a xente, primeiro debe coidar de si.

En definitiva: nada de sociedade, cada un ao seu. A tese anarco-liberal que nega calquera realidade por riba do individuo prolifera nos atribulados tempos que nos toca vivir. O reduccionismo epistemolóxico que esta posición revela non se estendeu afortunadamente de momento á física, se así fose poderíamos afirmar que todo o existente non é mais nada ca unha colección de átomos; excelente posición para confundir un cabalo cun penedo do monte Pindo.

O fundamento da cultura que nos singulariza como nación histórica é a lingua que posuímos sen por iso negar que coexisten

culturas e nacións ben diferenciadas baixo unha lingua común. Mais nós criamos unha, é o noso honor.

A potencia operativa da nación, a confirmación da súa capacidade proxectiva maniféstase na súa maior ou menor aptitude para suscitar preservar un sistema de forzas políticas propias. Galiza, como Cataluña e o País Vasco, aférranse ao seu signo maior, o idioma, mentres pugnan con maior ou menor fortuna por potenciar un sistema político propio, garante dun futuro autónomo, calquera que sexa a extensión que lle queiramos conceder a este concepto. Lingua e política como expresión e reserva de identidade.

Unha ollada desapaixonada ao noso país en tal perspectiva devólvenos, non obstante, un panorama inquietante: a lingua está doente, vítima do seu progresivo confinamento en usos familiares, circunstanciais ou litúrxicos; as forzas políticas propias –sen dependencia externa– afánanse nestes momentos en cerrar un capítulo máis da inveterada crise en que sobreviven.

O escenario xeral en que se desenvolven o devalo da lingua e a política de signo nacionalista agudiza o risco de deserción social masiva. A insólita dureza da crise económica que aflixe a periferia europea conta xa un quinquenio que foi esnaquizando mecanismos de convivencia e cohesión social e sementando a amarga sensación de abuso e corrupción xeneralizada que a sociedade percibe. O Fiscal Superior de Galiza, Carlos Varela –un exemplo de honestidade, competencia e galeguismo no desempeño da súa función– non se couda de denunciar con rigor e vigor a omnipresencia de comportamentos corruptos que contribúen a desmoralizar a sociedade e a devalar calquera convocatoria á súa rexeneración¹.

2.- Escenario político: vitoria por defecto, derrota por incomparecencia

O 21 de outubro do 2012, o PP de Galiza (661.300 votos, 41 escanos) conseguía revalidar a maioría parlamentar de que gozaba

1 Pode escoitarse a súa ponderada intervención sobre “corrupción sistémica” nun recente acto celebrado en Vigo: <http://www.galeguizargalicia.tv/>

nos comicios autonómicos. O PSOE de Galiza (297.600 votos, 18 escanos) e o BNG (146.000 votos, 7 escanos) entraban en colapso político. Unha nova forza de índole heteroxénea e perfil radical liderada por Beiras, a AGE, abrollaba en medio do naufraxio con 200.800 votos recadados e 9 escanos conseguidos. Unha breve nota á reflexión sociolóxica: o PP non parece desenvolverse ben entre semáforos, nas sete cidades galegas obtivo apenas o 38% dos seu apoio electoral mentres as forzas da oposición (PSdG, AGE e BNG) conseguían o 48%, é dicir, 50.000 votos urbanos máis de diferenza en favor da oposición parlamentar nacionalista ou de esquerdas.

A vitoria do PP foi nítida mais non cabe ser interpretada en clave de entusiasmo popular polas virtudes que adornan ao presidente Feijoo e ao partido que o sustenta. Nunca máis certo foi que as eleccións non foron nesta ocasión gañadas senón perdidas pola oposición. A dureza da crise que nos abafa é un poderoso estímulo de reactivación do repertorio de reflexos sociais condicionados de signo defensivo, é dicir, conservador. Os escenarios apocalípticos son proclives a actitudes de submisión e desmobilización social. “Sálvese quen poida” é un lema sempre propicio ao conservadorismo. O Partido Popular vén sendo a nosa forza política por defecto, o noso valor refuxio ante situacións de incerteza. O partido mellor implantado na sociedade galega tamén. O discurso conservador acomódase perfectamente a ese sentido común inercial e acrítico que configura aínda amplas capas da sociedade galega. É esa “maioría natural” á que gustaba apelar Fraga Iribarne. O afrontamento nacionalista e o discurso socialdemócrata fracasaron por simple incomparencia.

Amarga é a lei do vencedor. A forza gañadora non traía boas intencións. Incubada na dereita sen complexos de inequívoco sabor norteamericano que Aznar gustaba predicar, embutida de groseiro economicismo de escola de negocios, a dereita que agora governa, esqueceu hai tempo as súas raíces social-cristiás. Hoxe consagra os seus esforzos a substituír o imperativo da protección social pola eficiencia do mercado e a subverter o principio da cidadanía como

sede de dereitos individuais e colectivos pola dura lei do lucro, o crecemento e a competencia en mercado aberto. O argumento-fetichismo implícito en tal posición é tan simple como inconsistente: a mesa do rico é pródiga en sobras e son estas as que permiten satisfacer a indixencia das turbas. Nova versión da harmonía pre-establecida neste caso arredor da mesa de Epulón. Que ninguén se impaciente, a mesa acabará desbordando aínda que non sabemos cando.

Para nós, galegos de convicción galeguista, o atentado máis irritante perpetrado contra o país en nome da nova racionalidade de auditor de contas é o desatado contra os nosos atributos nacionais: a lingua e as institucións de autogoberno.

Quer por motivos de convicción quer por oportunismo, Feijoo baseou o deseño das súas campañas electorais na liberdade de decidir e na hipótese dunha presunta imposición do idioma galego no ámbito do ensino primario e secundario. Baixo a bandeira da liberdade –un concepto-chave da dereita actual apto para revestir de poética democrática a indecente prosa mercantilista que impregna o seu ideario– o flamante candidato deu en predicar na campaña do 2009 a boa nova da definitiva liberación da situación de opresión lingüística que o país soportaba e da súa inmediata eliminación a través de consulta vinculante aos proxenitores dos párvulos e mocións sometidos a tan opresivo réxime lingüístico. O galego entraba así no demagóxico menú da liberdade, tan barato como indixesto e potencialmente destrutivo.

Os alumnos ían ser definitivamente manumitidos pola magnanimidade do PP das normas de expresión oral e escrita que lles foran impostas para elevalos, xunto cos seus pais, á dignidade de cidadáns libres. Dito e feito, o Decreto 79/2010 puña en texto legal o atentado contra un idioma ferido e secularmente preterido. Estorbo circunstancial de confusa raíz histórica e incerta utilidade para capas sociais semi-iletradas en proceso de castellanización. O inglés –o idioma dos mercados– é moito máis útil, sentenciaban os contábeis como se un idioma mais requirise un idioma menos. Organizacións cívicas de signo nacionalista –Queremos Galego, A

Mesa, CIG-Ensino— presentaron recurso. Finalmente, a finais de 2012, coincidindo coa confirmación de Feijoo para liderar a nova lexislatura, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza emitía sentenza de invalidez sobre as principais alteracións introducidas polo PP á lei convivencia lingüística en vigor até o momento. A competencia para formular leis, sexan estas educativas ou tributarias, reside no Parlamento, non nas conveniencias do Executivo. Un pequeno detalle que pasou desapercibido á temeraria e onerosa corte presidencial.

A Xunta e a Consellaría de Educación, responsábeis do clamoroso erro, responderon á sentenza con aparente oufanía. O xogo de espellos deformantes en que se dirime o discurso político aconselloulles argumentar que a sentenza derogatoria do TSXG apenas cuestionaba o 5% do Decreto 79/2010, o resto era correcto. Como é habitual o Conselleiro foi confirmado, o manual de estilo aconsella resistir nestes casos. O acto final deste lamentábel episodio de prepotencia ignara é un recurso á totalidade do Decreto 79/2010 presentado pola Real Academia Galega no mes de marzo de 2013 nun acto de independencia institucional que a honra. A ameaza do Goberno galego de proceder a recorrer a sentenza do TSXG perante o Tribunal Supremo non chegou finalmente a materializarse. Un ataque transitorio de lucidez que todos celebramos.

O idioma non parece ser o único estorbo detectado pola perspicacia do Goberno Feijoo para avanzar cara á plena modernización do país. Segundo as reflexións do Presidente, o Parlamento Galego, podería estar sobredimensionado, igual que o monumento do Gaiás parece ser demasiado grande e caro. Debemos recoñecer que a opinión presidencial podería contar cunha miga de razón vistos os reiterados esforzos de degradalo de cámara lexislativa a simple macrodeputación-xestora de asuntos galegos. Demasiado Parlamento para tan curtas aspiracións. A hipótese que sopesa o Presidente é reducir os efectivos do Parlamento de 75 a 61 deputados. O Presidente chegou a utilizar o argumento de que el mesmo decidira reducir o número dos seus Conselleiros de 13 a

8 sen notar nada. O argumento é susceptible de desenvolvemento recursivo: por que non reducir os efectivos do Goberno a catro e observar se así mellora? Unha entrevista concedida ao diario *El Mundo* o día 7 de outubro do 2012 permítenos comprobar o acrisolado sentido do principio de subsidiariedade que atesoura un dos presidentes das tres nacionalidade históricas que no Estado existen.

P.- ¿Usted sería partidario de devolver competencias al Estado?

R.- Soy partidario de cumplir nuestras obligaciones, cada uno las suyas. Gobierno de la nación y CC.AA. Devolver competencias al Gobierno central, llegado el caso, si se consensúa entre todos, no sería tan dramático.

Dramático en absoluto, ademais de economicamente racional. A quen lle interesa realmente o Parlamento Galego? Desde logo, a institución non parece quitarlle o sono ao PP nin ao PSOE de Galiza. O único discurso político lexitimador ensaiado a prol da súa dignidade que eu lembre foi o de Fraga Iribarne nunha das súas fugaces incursións teóricas onde esbozou as categorías de Autoidentificación e Administración única. O PSOE nunca se viu na obriga de entrar en sutilezas a tal respecto. Chegado o caso sempre cabía a posibilidade de refuxiarse na apreciada antigalla retórica da alma xacobina, simple metáfora de españolismo acrítico. O caso do BNG é máis desalentador. A noutrora casa común do nacionalismo galego practicou desde que eu teña memoria un desprezo manifesto polo cadro institucional en vigor. A necidade de tal posición parece formar parte da dotación xenética da organización. É aínda hoxe o día en que seguen a circular polo BNG e o seu contorno expresións tan pouco agradecidas como Autoanemia (Autonomía) e Parlaentiño de cartón (Parlamento Galego), dúas denominacións que compoñen xunto coa Telegaita (TVG) a triloxía do autodesprezo polas precarias institucións de autogoberno. Se o nacionalismo galego manifesta tal menosprezo e a esquerda socialdemócrata practica o indiferentismo máis descarnado, en nome de quen podemos opornos á pretendida xibarización das nosas institucións de autogoberno?

3.- De historias e identidades: Galiza non é unha simple peculiaridade española

Diga o que diga a postmodernidade cosmopolita vivimos tempos identitarios como simple reacción ante o decreto de anonimato obrigatorio e globalizador que impregna o ambiente. Escusado lembrar a virulenta resurrección do islamismo máis agresivo e proselitista ou as innumerábeis receitas de sabedoría particular con que nos asedian as variadas congregacións neo-relixiosas, gastronómicas, dixitais ou naturistas. Opina o filósofo francés Marcel Gauchet que despois do ocaso da cosmovisión relixiosa e o virtuoso estado republicano francés e do devalo das relixións seculares de salvación inmanente e terreal, a necesidade de crenza inza e toma vigor en identidades variadas e mesmo complementares². Son como nazo ou como me interpreto, vasco, xudeu, operario ou melómano, as pertenzas poden ser múltiples e heteroxéneas: homosexual, bretón e protestante ao mesmo tempo. O Estado privatízase mentres a sociedade se estataliza. A identidade non ten con frecuencia pretensións proselitistas e ademais é inmune á obxeción, afirma Gauchet.

Reverdece agora en España o conflito sempre latente das identidades políticas e a heteroxeneidade constitutiva do Estado. As súas implicacións para o proxecto nacional galego poden ser decisivas dependendo de como este se desenvolva. Entramos na selva de identidades, agravios e intereses. Terreo accidentado e hostil.

As identidades hispánicas son un produto recente. Historiadores informados e ecuanímes como Álvarez Junco ou Inman Fox datan a partida de bautismo da identidade española na guerra contra o francés que tivo en Goya o seu retratista excepcional e na Constitución de Cádiz o seu texto fundador. Os textos fundacionais da marmórea intemporalidade de España proceden de onte mesmo, da historiografía liberal do século XIX de onde emigraron aos textos literarios, aos decretos, ás conmemoracións e

² M. Gauchet, *La religión en la democracia. El camino del laicismo*, El Cobre Ediciones, Madrid, 2003.

ao imaxinario colectivo. Os óleos filosóficos da consagración patriótica fóronlles administrados polos intelectuais do noventa e oito: Ortega, Unamuno ou Ganivet, prolongados no movemento rexeneracionista, a de renovación pedagóxica que promovía a Institución Libre de Ensinanza. Un amplo e rico construto intelectual que deu á luz á España intemporal finalmente entronizada no sobrio pedestal de Castela. Un relato naturalmente ilusorio que moitos hispanos contemplamos con escepticismo. Non podemos ignorar que a bandeira española actual procede dun Real Decreto de 1785 para dotar de pavillón á Mariña Española e que non foi até 1908, cen anos despois da francesada, cando outro Real Decreto lle concedeu o privilexio de presidir publicamente festas e conmemoracións. O primeiro monarca que asinou como Rei de España foi Xosé Bonaparte, cidadán francés nacido en Córsega e falecido en Florencia.

A lei de símbolos de Galiza é só algo posterior: 1984. Tal vez non resulte impertinente lembrar que o pavillón galego presidido polo Santo Graal totémico en campo azul constaba xa como bandeira do Reino de *Galyce* no armorial inglés Segar's Roll, compilado en 1282, ou no armorial du Hérault Vermandois, compilado en Francia nos últimos anos do século XIII ou no fermoso pendón e arreos ecuestres exhibidos nos funerais de Carlos V en 1559³. A simboloxía e tradición eucarística da catedral lucense podería afundir as súas raíces nun pasado afastado que pode prolongarse até a polémica aberta por Berengario de Tours (1000-1088) sobre a realidade da presenza eucarística segundo algúns investigadores. Un dogma que tivo que esperar até o IV Concilio de Letrán (1215-1216) para a súa proclamación. A ofrenda das sete cidades do Reino ao culto sacramental data de 1669, durante o tétrico reinado de Carlos II. Nin Galiza nin os seus símbolos naceron onte. Compostela é unha creación franco-galega que data do ano 820. Portugal é unha crianza galega de inusitado éxito histórico.

Toda nación necesita o seu relato fundacional. O de España procede da suntuosa *Historia General de España* (1850-1867) en

3 http://www.bandeiragalega.com/es/santo_grial_reino_galicia.htm

vinte e nove tomos, da autoría do liberal progresista palentino don Modesto Lafuente. Antes só existían dinastías e historia sagrada. Galiza non demorou en redactar o seu propio relato identitario. O primeiro tomo da *Historia de Galicia* de Manuel Murguía viu a luz en 1865. El foi o noso Modesto Lafuente e o máis eximio oficiante na tradición celtista que impregnou o noso ideario colectivo como Rosalía foi e será sempre o noso primeiro mito nacional. España contou coa Xeración do 98, nós coa Xeración Nós, similar a menaxe fundacional: cohesivo, proxectivo, confirmatorio.

A memoria nacional de Galiza que afinca nas vizosas raíces democráticas de Murguía e Rosalía adquiriu dimensión política definitiva en Castela. Detrás deles, o longo cortexo de reos precursores. Como Martín Sarmiento, que proclamaba con orgullo, “Galicia, mi patria, es la Provincia que más voces latinas conserva”, o mesmo que descubriu a homenaxe do Marqués de Santillana á lingua galega e portuguesa na prosa dos decidores e trobadores, o primeiro que defendeu tamén a orixe galega de Camões, un sabio que viviu rodeado de 7.500 libros que sostíña a opinión de que os nenos galegos deberían ser escolarizados no seu propio idioma, sen consulta previa aos seus proxenitores.

A nosa estirpe cultural é vella e moi real, nada ten que envexar á liñaxe de Aitor do totem do Touro, inventada polo vasco-francés Joseph Augustin Chaho (1811-1858) e rememorada por Pío Baroja no *Laberinto de las Sirenas*. Nin ás eminentes *Glòries Catalanes* porque o noso Aragón chegou máis lonxe e chámase Portugal aínda que ás veces pretendamos esquecelo.

Tres son as nacións culturais hispánicas en teimosa defensa dun espazo político propio. Tres identidades que partillan a mesma convición, o da súa identidade orixinaria, coexistente, mais non deriva de ningunha outra. Igual que don Quijote, nós podemos proclamar: “*Yo sé quién soy y sé que puedo ser*”.

Pode ser que toda identidade se reduza a un relato e todo colectivo social a unha colección de individuos anónimos; poderíamos adoptar mesmo os ideais dunha cidadanía apátrida como pretende

o pensamento libertario ou cosmopolita. É posíbel tamén que o ser humano non sexa mais ca un primate con excesivas pretensións. Podemos concordar ou discrepar a vontade de todas estas afirmacións, depende do nivel epistemolóxico en que decidamos instalarnos. Mais, sen sociedade, sen patria, sen humanidade que podemos dicir de nós mesmos?

Non é difícil detectar a dimensión política en pugna baixo as diversas formulacións en conflito. Se a nacionalidade galega que nos fundamenta, Galiza, é un concepto mítico, cal é a razón de se ter consumido tanta enerxía en rebautizala como *Región del Noroeste* como todos lembramos ou a actual insistencia en denominar *Gobierno de la Nación* ao que exerce desde Madrid? Non escasean os escepticismos de raíz ilustrada que pretenden escamotear un concepto de identidade alternativa baixo a capa da ecuánime arbitrase. Existe Galiza?, preguntan; existe España?, podemos responder á galega.

4.- Rompeu o fío azul: aldeas sen xente, cidades sen confín

Nacín en 1940, Primeiro Ano Triunfal para os triunfadores e primeiro de derrota para os exiliados e os vencidos. O ano abría en Galiza un proceso ben coñecido por historiadores e economistas que se coñece como proceso de re-ruralización. Terminada a guerra, asolado o país, pacificados os montes pola Garda Civil, nunha sociedade empobrecida e carente de alternativas, a xente carecía doutra posibilidade vital que non fose volver á casa da aldea e pórse a traballar para subsistir. Gardo na retina adolescente os adros da igrexa cheos de xente na misa dos domingos, as feiras cheas de feirantes –para nós, a de Senande– as colleitas de millo con axuda colectiva para evitar o perigo das primeiras chuvias, as cabaceiras cheas de millo. Desculpen o apuntamento biográfico, nacín na aldea no ano corenta e alí corrín camiños até os quince. Son fillo dunha aldea fisterrá da posguerra.

O fío azul que unira xeracións era firme aínda, parecía mesmo irrompíbel. Aprendiamos o galego por impregnación e usabámolo a cotío como vehículo de comunicación e sociabilidade. Con gheada

e seseo, cos nosos ditongos en “ui” –*nuite, truita, pasaduiro*– con ese seseo peculiar que nos permite recoñecernos en calquera lugar aos aborixes da Costa da Morte:

E usté de onde é? / De Masaricos / Ah xa mo paresia a min, eu son daí de Moraime.

Pouco que ver co acento incoloro, inodoro e insípido dos locutores de radio e TV ou do atroz refungar dos altofalantes empeñados en demostrar que o código comunicativo utilizado –sen acento, sen estigma, sen historia– é unha simple prótese molesta, artificial e prescindíbel. Da gramática, para que falar. Lido nun autobús público compostelán: “Este autobús lévalle á Área Central”, que cousa é a que ten a ben levarnos –a mochila tal vez?–; é un asunto enigmático. A ignorancia do uso e da posición dos pronomes na súa dupla función de dativo e acusativo penetrou xa na miña aldea por simple emulación da garularía televisiva. O lleísmo que infecta á lingua é un andazo contaxioso e tal vez incurábel. A fonética resistía, mais a diferenza entre “e” e “o” aberto e fechado bátese en retirada o mesmo que o noso incorruptíbel “n” velar cede sen remedio ante un “ñ” alveolar insistente e alleo: “un granacordo non está ben, alguna vez, o benestar” Algo arranaxaríamos mudando o signo “ñ” por “m” para representar o noso son xenuíno pero está interdito.

O fío azul da transmisión oral familiar, auténtico legado cultural inter-xeracional, a confirmación idiomática por vía de contacto coa veciñanza, rompeu. Na miña adolescencia aldeá era obxecto de burla calquera afectación señoriteira no falar. Hoxe é moda. Habitabamos o escenario da re-ruralización cando a aldea parecía ter freado o seu declive secular e aínda non fora inventada esa estraña categoría da liberdade idiomática porque había liberdades bastante máis urxentes que defender. Hoxe é habitual contrapoñer liberdade a equidade. Igual que o xenocidio cultural por omisión, non é moda, é unha sutil campaña.

En 1959, o sistema autárquico colapsou como sabemos vítima da súa inviabilidade económica. O nacionalsindicalismo tiña a despena baleira e foi obxecto de eficiente eutanasia activa por

parte daqueles homes de gris da Obra de Deus que sabían ben o que valía unha peseta. O Plan de Estabilización de 1959 foi un paquete de medidas económicas que rompían a fantasía autárquica, o estancamento inflacionista e a incapacidade para importar. Soara a hora da liberalización económica e con ela a do cambio acelerado. O período 1960-1975 desencadeará os fluxos migratorios tanto externos como internos e con eles o fluxo de divisas e un proceso de crecemento urbano apresurado e caótico. No entanto, as aldeas baleiráronse. Ao abeiro do rápido crecemento experimentado pola Europa democrática dos “trinta gloriosos”, 1945-1975, Galiza liquida a toda présa a súa precaria economía agraria para ensaiar unha economía de base industrial que pasou despois a economía de servizos.

Interesa insistir no colapso do mundo rural, gardián secular do fio azul da transmisión oral do idioma e a cultura. O resultado foi a emerxencia da noite para a mañá dunha urbanidade caótica carente de modelo e de exemplaridade social. A aldea extínguese, a cidade prolifera e rompe os seus límites en urbanizacións accesorias e vilas satélite. Sacrifícase a inútil sabedoría ancestral, símbolo para a maioría da penuria ancestral, para “ascender” á urbanidade suburbana ou suburbial como promesa de benestar e de liberación definitiva da servidume da terra. Todo ía a máis excepto a exemplaridade cívica e lingüística. Os centros das cidades, ocupadas por clases medias tradicionais ascendentes ou descendentes pretendían esquecer a aldea e pasar a exercer unha cidadanía de estrea á altura dos tempos. Certo que a Editorial Galaxia (1950) nos ensinou a ler cando o galego estaba en réxime de liberdade vixiada, mais faltaron clamorosamente as voces da exemplaridade cívica, política, mediática ou eclesial na cúpula social. Instancias en definitiva de auto-recoñecemento e identificación. Agora mesmo non é tarefa doada redactar unha lista de figuras socialmente exemplares en comportamento democrático galeguista. Non cotiza demasiado en todo caso.

O idioma galego inzaba non hai tanto os espazos urbanos con presenza popular –que cidade non os tiña?– e dominaba con toda naturalidade na ampla ruralidade de onde provimos todos

os galegos. De contado, o progreso económico asinou o idioma da maioría co estigma da ignorancia e a subalternidade. As cidades foron tornando espazos inhóspitos para a práctica do idioma secular. Unha breve anécdota familiar. Santiago, anos oitenta, dous escolares:

**Mirar una cosa, vosotros sois portugueses?*

-Non, somos de aquí.

**Aaah, vuestros padres son profesores de gallego, no?*

-Non, o meu pai é enxeñeiro e a miña nai médica.

**Aaaah, de veras!?*

Os sete municipios de referencia do sistema urbano galego –Ferrol, Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo, na franxa litoral máis Lugo e Ourense na interior– ocupan o 3,3% da superficie de Galiza: 982 km² dos 29.575 totais. En 1960 concentraban o 24% da poboación galega con 621.245 habitantes. Hoxe, en 2012, as sete cidades suman un millón de habitantes e concentran o 36% da poboación. Un cambio tan profundo ten naturalmente causas, proceso e consecuencias. En termos de fidelidade ao idioma non son difíciles de constatar os comportamentos de abandono e mesmo de fuxida desordenada sen aparente remorso.

Socialmente encoméndanse ao idioma secular labores da baixa cualificación como a conversa circunstancial e o canto coral de sobremesa. Mais, da mesma maneira que a acolledora tenda de proximidade desaparece ante o super polivalente e o hiper exuberante, as nosas moradas échense de cachifallos que veñen coa súa partida de bautismo *prêt-a-porter*: a “*chimenea*” (lareira) do salón, a “*tostadora*” (torradora) das torradas, a “*bombilla*” (lámpada) da iluminación, o “*buzón*” (caixa de correo) das cartas... Menos mal que nos queda Portugal, persoalmente síntome máis a vontade nunha loxa ou hiper portugués. Gustaríame pensar que non é unha manía.

O galego esmorece no medio urbano por falta de funcionalidade percibida. Sen galego podes facer de todo, con galego veraste obrigado a dar máis dunha explicación. O uso decidido do idioma en medio indiferente ou hostil non é cómodo. De aí a

considerar o galego como un código lingüístico peculiar dos galeguistas vai un pequeno paso. O mesmo que vai en convertelo en venerábel código litúrxico para uso transitorio e fugaz de políticos en exercicio.

Resiste a cidadanía *idosa*, adopta o castelán con inocencia o neno e o adolescente. Xa non será preciso preguntarlles se son portugueses. Só o 15% dos rapaces entre 5 e 14 anos falaban en galego sempre en 2008 contra o 29,59% que usaban só o castelán. Entre os *idosos* de máis de 65, a proporción de falantes exclusivamente en galego ascendía en tanto ao 52,9% contra o 10,98% que utilizaban só o castelán. A brecha xeracional non fai máis ca aumentar. Son cifras do Instituto Galego de Estatística.

Canto maior o tamaño da urbe menos práctica do galego⁴. O Sur peor que o Norte. Santiago mantén a tónica dunha maior lealdade ao idioma como digna homenaxe á súa condición de capital simbólica de Galiza. Tal vez mereceu por iso gañar o estatus de que goza de Praza Maior de Galiza. O Consistorio compostelán conseguiu manterse afastado até datas recentes da estridencia populista e o enredo pecuniario que asediaron a outras capitais. A ecuación urbandade ↔ galegitude ten algo que non cadra. Tal vez teña chegado o tempo en que Bernal de Bonaval deba interpelar aos Martín Códax, Joám de Cangas e Mendinho para preguntarlle como colega: que pasa convosco, camaradas?

Persoas que declaran falar en galego. Ano 2008 (IGE)

Coñecemento declarado: %	Moito	Bastante	Pouco	Nada
Santiago de Compostela	68,92	23,60	5,89	1,58
Lugo	54,96	32,47	7,93	4,64
A Coruña	52,43	29,68	13,07	4,82
Ourense	43,42	41,72	10,09	4,77
Pontevedra	39,71	42,85	12,26	5,19
Ferrol	33,28	44,55	17,62	4,54
Vigo	29,55	45,44	18,16	6,85

4 [http://www.ige.eu/igebdt/esqvp.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=3013&R=2\[all\]&C=1\[0\];0\[all\]&F=&S=](http://www.ige.eu/igebdt/esqvp.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=3013&R=2[all]&C=1[0];0[all]&F=&S=)

O galeguismo soñou cunha grande cidade galega rectora da exemplaridade cultural e o protagonismo económico. Non houbo sorte. O milagre español propiciou a proliferación dun andazo de anemia social que tan ben recolle un comentario dunha profesora italiana visitante ao contemplar o caos urbanístico que invadía montes e leiras: “Que pena que teña chegado antes a este país o diñeiro que a cultura”.

O último Mapa sociolingüístico de Galicia publicado pola Real Academia Galega permite cuantificar a dimensión alcanzada polo proceso de substitución lingüística entre 1992 e o 2004:

Lingua inicial no segmento 16-54 anos⁵.

%	2004	1992	Δ (2004-1992)
Só galego	20,6	51,2	-30,6
Galego e castelán	41,0	34,4	+6,6
Só castelán	36,2	13,6	+22,6

O grupo de monolingües de nacemento en galego pasou de ocupar o primeiro lugar ao terceiro. A opción galego-e-castelán supera nun 20%: ($41,2 - 20,6 = 20,4\%$) ao monolingüismo galego e a opción “só castelán” nun 15%: ($36,2 - 20,6 = 15,6\%$). Algo non vai ben co idioma despois de trinta anos ben cumpridos de exercicio da autonomía.

5.- A dimensión internacional do noso idioma

É imposible contabilizar o número de idiomas actualmente falados no mundo. As estimacións van de 3.000 a 7.000, segundo criterios. Sabemos que Asia e África concentran a maior parte deles e Europa resulta case irrelevante a tal respecto. Cuantitativamente non será preciso lembrar a esmagadora hexemonía lingüística dos idiomas europeos. O chinés mandarín é o primeiro idioma en número de falantes, se este for o criterio relevante para vulgar a potencia dun idioma.

5 *Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004*, Tomo I, RAG, Seminario de Sociolingüística.

O futuro dos idiomas está na comunicación sen fronteiras e esta depende da potencia demográfica e económica da comunidade de falantes. Internet é moi probabelmente o mellor banco de probas desta correlación entre lingua e potencia expansiva. O futuro da comunicación científica e persoal está na internet.

Só 10 linguas se clasifican no *top ten* das que se disputan o mercado da comunicación global. O español está naturalmente entre estas, o portugués tamén.

Os dez grandes idiomas mundiais na comunicación por internet⁶

Idiomas	Usuarios	Grao penetración internet	Crecemento en internet (2000-2011)	Usuarios internet:%	Poboación falante (2011)
Inglés	565.004.126	43,4%	301,4%	26,8%	1.302.275.670
Chinés	509.965.013	37,2%	1.478,7%	24,2%	1.372.226.042
Español	164.968.742	39,0%	807,4%	7,8%	423.085.806
Xaponés	99.182.000	78,4%	110,7%	4,7%	126.475.664
Portugués	82.586.600	32,5%	990,1%	3,9%	253.947.594
Alemán	75.422.674	79,5%	174,1%	3,6%	94.842.656
Árabe	65.365.400	18,8%	2.501,2%	3,3%	347.002.991
Francés	59.779.525	17,2%	398,2%	3,0%	347.932.305
Ruso	59.700.000	42,8%	1.825,8%	3,0%	139.390.205
Coreano	39.440.000	55,2%	107,1%	2,0%	71.393.343
Dez grandes	1.615.957.333	36,4%	421,2%	82,2%	4.442.056.069

A interpretación do cadro anterior non presenta dificultades. Hai 82,5 millóns de usuarios de portugués en internet, 3,9% da totalidade en todo o mundo. Estímase en 254 millóns o número de falantes de portugués no mundo. O grao de implicación na comunicación da poboación falante de portugués alcanza o 32,5%⁷. Entre as linguas romances, o portugués compite co outro grande idioma de comunicación global como é o español, ambos con fortísimas taxas de crecemento que só ceden ante o imponente empuxe do chinés, o árabe e o ruso.

6 Información procedente de *Internet World Stats*, (Miniwatts Marketing Group, 2012).

7 Calculado como % de usuarios de internet sobre falantes: $100 * 82.586.600 / 253.947.594 = 32,5\%$.

Brasil (8,4 millóns de Km², 200 millóns de habitantes, Saõ Paulo: 11 millóns) garda a chave do futuro da comunidade de falantes da lingua que compartimos. É unha vigorosa potencia emerxente que xunto con Rusia, India, China e Sudáfrica, o grupo de países coñecido na literatura económica como BRICS desde que así foi bautizado por Jim O'Neil, economista de Goldman Sachs. De acordo coa súa análise este será o grupo dominante na economía mundial no ano 2050.

Immensa avantaxe a de Galiza, bisagra lingüística entre España e Portugal e propietaria por dereito propio dos dous grandes romances da comunicación global. O galego é unha lingua global a través da súa variante portuguesa, o catalán como o euskera, o hebreo ou o sueco nunca o serán. Somos conscientes acaso deste privilexio e das oportunidades que nos concede ou preferimos orientar os nosos esforzos a rememorar brumosas idades pretéritas en aldeas abandonadas? O flagrante contraste entre a progresiva decrepitude e retroceso do noso idioma e a vigorosa expansión da variante portuguesa interpélanos directamente e esixe resposta.

A recorrente proclamación da necesidade de aproximarnos ao mundo da lusofonía foi unha constante dos soñadores dunha Galiza en pleno uso das súas facultades. Castelao, o creador da nosa identidade política moderna, afirma no Libro Primeiro do *Sempre en Galiza*: “O galego é un idioma extenso e útil porque –con pequenas variantes– fálase en Brasil, en Portugal e nas colonias portuguesas” (IV: 41-42) e tamén “...a nosa lingua siguiu froecendo en Portugal e o povo galego non quixo esquecerla” (VII: 51). A ninguén pode sorprendere que ese fiel testamenteiro de Castelao que foi Valentín Paz Andrade, reflexione nas súas memorias⁸: “... Galiza é a fonte, Portugal ponte e hoxe Brasil algo que se asemella ao paraíso prometido”. Argumentos de autoridade?, en absoluto, simples tradición operativa. Talvez teña chegado a hora de tirar as consecuencias do facto de que un colectivo multirracia

8 Tucho Calvo (1998): *Valentín Paz Andrade. A memoria do século*, Edicións do Castro, Sada. A reflexión vén na páxina 367.

250 millóns de persoas coincide en autoidentificarse como –eu– e como –nós–.

A cicatriz histórica que abriu a opción pola independencia emprendida por Portugal e a progresiva integración na monarquía española elixida por Galiza marcou unha profunda cicatriz convertida en eiva consubstancial. A reforma liberal de 1833 puña fin á Xunta do Reino de Galicia, pálido reflexo do nosa ancestral condición nacional. Galiza perdera xa o dereito a voto nas Cortes da Coroa de Castela en favor de Zamora a mediados do século XV. Foi en 1623, grazas ás xestións de don Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar, galeguista e bibliómano como Sarmiento, como Galiza conseguiu recuperar temporalmente o vello dereito a voto mediante pago de 100.000 ducados. Vellas historias esquecidas na evanescente memoria histórica que herdamos. Afortunadamente Galiza puido contar aínda nos Séculos Escuros con rexas personalidades como o diplomático don Diego Sarmiento no XVII ou o monxe beneditino, tamén Sarmiento, no XVIII que souberon ostentar con orgullo a súa condición de galegos. Unha lección oportuna en medio da *maré* asimilista que nos asolaga.

Somos 240 millóns os habitantes deste mundo de fronteiras progresivamente difusas que nos recoñecemos como eu para configurar un nós colectivo que os lingüistas denominan galego-portugués. Parece ter chegada a hora de tirar as conclusións pertinentes mediante debate sosegado e operativo. A cuestión excede o ámbito académico para entrar no das estratexias de supervivencia. Galego-castelán fronte a galego-portugués é a disxuntiva real. Preservar o idioma da irresistible presión asimilista á que se ve sometido mediante un proceso de depuración, restauración e renovación para convertelo en vehículo de comunicación moderno apto para calquera uso é a tarefa que nos espera.

As circunstancias para abrir un diálogo construtivo sobre a cuestión parecen agora máis propicias. Unha personalidade tan recoñecida no ámbito académico e institucional como Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega, admitía en recentes declaracións a conveniencia de someter a consideración a aproxi-

mación do galego ao estándar luso-brasileiro. Nunha recente entrevista co xornalista Xan Carballa que forma parte da serie por el concibida *Conversas no Ronsel de Valentín Paz-Andrade*, avanzaba Villares a seguinte opinión⁹:

P.- Algunhas decisións que se tomaron en materia lingüística tamén cegaron camiños?

R.- Tomamos unha decisión no seu día que hai que asumir pero tamén hai que revisar. A decisión foi estandarizar a lingua con máis aproximación á lingua falada –que ten a súa lóxica– e facer unha estratexia sobre o galego como idioma independente que o separou máis do que xa o estaba do mundo luso-brasileiro. Isto conseguiu que cando o galego entrou no sistema educativo e nas institucións, fose aceptado, pero deixounos á marxe dun padrón lingüístico do que formamos parte, o portugués-brasileiro, que debíamos cultivar moito máis. Non se trata de que aquí falemos portugués, senón de termos unha especial sensibilidade, na literatura ou na cultura en xeral, co mundo da lingua portuguesa. Só pode abrírnos camiños porque o portugués non é só unha lingua mundial, senón que é oficial na Unión Europea e quen domine dúas linguas oficiais ten moitas máis oportunidades. Desaproveitamos ese recurso. Entendo ben por que se fixo, non só por moderación política, tamén por nacionalismo. Para os nacionalistas, mesmo para os máis radicais, ter unha lingua propia é un factor substancial de identidade. Pero que iso fose así non quere dicir que non sexa revisábel e teñamos que facelo. Quizais esteamos agora no momento de reconsideralo.

Opinión semellante era a defendida polo doutor en Economía e profesor da Universidade de Vigo Santiago Lago Peñas¹⁰ e tal vez non estea de mais mencionar de paso a recente publicación en portugués do Informe Anual 2013 sobre política chinesa por parte do IGADI por vez primeira. O mapa do idioma galego encóntrase, como o mapa político de Galiza, en proceso de revisión. Do seu éxito vai depender o futuro da nosa identidade colectiva.

9 <http://www.valentinpazandrade.es/gl/conversas/a-cultura-danos-seguridad-e-calquera-proxecto-de-futuro-ter-que-levar-a-marca-propia-para-diferenciarse> Xan Carballa, Santiago, 2 de xaneiro de 2013.

10 <http://www.farodevigo.es/opinion/2013/02/03/galicia-opportunidades-recursos-i/751390.html>

6.- O futuro está aberto, os alicerces resisten, o tempo aprema

A poucos pobos é dado o privilexio de criar unha lingua e menos aínda de que esta chegue a alcanzar dimensión internacional. A historia recente do noso país canto á lealdade ao idioma e preferencias políticas non anima ao optimismo. E con todo, non hai lección que non deixe pouso e fracaso que non comporte reacción. A precariedade identitaria, a indefinición política e a cesión ás pulsións asimilistas crean tamén os seus anticorpos. Recoilo ao paso un slogan xuvenil reproducido en camisetas e prendedores: “Eu nunca serei γο”.

Non podoo concederme o privilexio de exercer de pesimista nas actuais circunstancias cando me foi dado vivir tempos en que o simple adhesivo “Falemos galego” era obxecto de persecución obstinada cando aínda non fora inventada a categoría de liberdade lingüística que agora prolifera. En todo caso non podoo esquecer a profunda sentenza de Hölderlin no seu poema Patmos: “Cercano está o deus e difícil é captalo. Mais, onde prolifera o perigo crece tamén o que nos salva”.

O uso consciente e decidido do idioma, a súa xeneralización como vehículo habitual nos espazos de creatividade cultural –música, teatro, literatura– é un facto recente e contaxioso. Hoxe é o día en que o compromiso coa docencia en galego e o seu uso consciente prende en capas decisivas da sociedade: novos profesionais, artistas, parellas novas. Coñezo algúns deles, hai anos coñecíaos a todos.

A prensa tradicional é un tenaz vehículo de asimilación aos aires que sopran na capital do reino pero os diarios dixitais máis populares e activos son monolingües en galego. Como o son a maioría das iniciativas culturais emerxentes. Fica moito por facer, mais o obradoiro ten cada vez máis operarios.

Un segmento social inquieto e activo que flutúa en torno ao 25% do electorado en sucesivos comicios ten como referencia política as organizacións nacionalistas, o mesmo tamén que está disposto a mobilizarse ante calquera agresión á cultura autóctona. As convo-

catorias en defensa pública do idioma concentran unha e outra vez millares de persoas. Crece tamén a aproximación cordial ao inexplorado universo das culturas de expresión portuguesa, na música –Cantos da Maré vai pola novena edición– nos clubs de lectura, nas Escolas Oficiais de Idiomas. Máis aló da liturxia cultural, as novas xeracións toman posicións sen necesidade de beneplácito nin permiso. De novo o Hölderlin de Patmos: “...cando o sementador coa pá recolle o trigo e o lanza ao aire aventándoo na eira/cae aos seus pes o farelo e ao final queda o gran”.

Xoán López Facal

Enxeñeiro industrial e economista



Os tempos sombríos han quedar atrás

Agustín Fernández Paz

1.- Introducción¹

Nunha entrevista que o crítico Armando Requeixo mantivo co escritor Mario Regueira², este facía algunhas afirmacións que reflecten moi ben o que bastantes persoas pensamos sobre a situación actual da literatura e, por extensión, da cultura de noso. Á pregunta «¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?», Regueira contestaba o seguinte:

É desconcertante o viva e fluída que se mantén a nosa cultura tras anos de abandono institucional, falta de visibilidade e hostilidade declarada dunha parte da sociedade. Vivimos nunha especie de oasis rodeado do máis atroz dos desertos, pero o certo é que nese pequeno espazo, e sen caer en idealismos, construímos algo semellante aos anos dourados da nosa tradición literaria. A vida que desprenden as voces novas da poesía, as sorpresas de calidade e vangarda que nos deixa anualmente a narrativa, ou o simple e puro feito de que haxa xente que aínda escribe ensaio e teatro, son feitos que debemos valorar como unha especie de milagre que evidencia a vontade do pobo galego de seguir contando cunha cultura propia contra vento e maré. Na mesma liña poderíamos falar da cantidade de proxectos editoriais e culturais que traballan cunha dedicación e unha perspectiva crítica admirábeis, moito máis se temos en conta que moitas veces o fan dende a precariedade ou a autoxestión.

1 Este texto, limitado na súa extensión, apóiase en numerosas fontes que, na súa maioría, aparecen recollidas nas notas a rodapé. Céntrase sobre todo na cuestión cultural, que ten a lingüística como pano de fondo. Para os problemas da lingua, creo que segue a ser válido o artigo que escribín para un número anterior desta revista («Do pasado e do futuro». *Encrucillada*, 161, xaneiro-febreiro, 2009).

2 <http://armandorequeixo.blogaliza.org/2013/03/13/parlamento-das-letras-mario-regueira/>

E, noutra parte da entrevista, apuntaba con lucidez un dos temas que constituirán o eixe deste meu traballo:

É evidente que o primeiro que lles falta ás nosas letras é un poder político que mire por elas con verdadeiro interese e implicación. A maior parte dos seus problemas derivan diso, e non hai máis que recorrer á comparación con outras linguas con menos falantes e un Estado ou poder local comprometido con elas para que resulte evidente. A literatura galega podería ter un papel moito máis destacado no contexto europeo, polo menos equivalente ao doutras pequenas nacións. En cambio, vivimos desperdiciando talento coa mesma alegría coa que acabamos cos bosques autóctonos ou enchoupamos os mares de fuel.

O que a seguir tentarei expoñer son algúns dos feitos que apoian esta valoración compartida por tantas persoas. E fareino non desde unha análise cuantitativa, para a que non son a persoa axeitada, senón desde unha perspectiva cualitativa (mais, quen o desexe, pode analizar os datos que se recollen no Observatorio da Cultura Galega³, dependente do Consello da Cultura, ou nos dous Observatorios da Lingua⁴ presentes na Rede).

Antes de comezar, aclaro tamén que, como o concepto «cultura» é moi amplo, a miña análise vaixe cinguir principalmente ás manifestacións culturais que, en menor ou maior medida, están ligadas a unha dimensión económica. É dicir, ás distintas industrias culturais e ás actividades sociais organizadas, desde as asociacións culturais ata os creadores que tentan vivir, total ou parcialmente, do seu traballo.

E, xaora, concentrareime naquelas facetas da cultura que empregan o galego como lingua preferente. Esta ligazón coa lingua é fundamental, pois os problemas sociais que padece o idioma repercuten de xeito evidente en calquera manifestación cultural. Por poñermos un exemplo, cando falamos das perspectivas de

3 <http://observatorio.consellodacultura.org/>

4 O Observatorio da Lingua Galega, dependente da SXPL: <http://www.observatoriodalinguagalega.org/>, e o Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia, dependente do Consello da Cultura.

medre da lectura en galego, estas dependen, máis que do esforzo editorial, de que se amplíe o número de lectores potenciais das publicacións na lingua de noso. E este número pouco poderá medrar se o sistema educativo non garante unha boa competencia na lingua para todo o alumnado, nin tampouco se socialmente se alimentan entre a cidadanía os prexuízos contra o galego. Así que vai ser inevitable volvermos unha vez e mais outra sobre a situación sociolingüística para entendermos cabalmente o que sucede na cultura.

2.- De onde vimos?

É ben doado entender que, ao falarmos de cultura galega, non podemos empregar os mesmos parámetros que utilizaríamos para analizar unha cultura normalizada. Os anos de desleixo e de represión que padeceu a lingua de noso fixeron necesario agardar ata a segunda metade do século XIX para contarmos cunha cultura en galego que fose máis aló do riquísimo acervo popular.

Sabemos que o que as elites abandonaron, por razóns dabondo estudadas⁵, foi conservado e cultivado pola poboación traballadora. A inmensa riqueza da cultura popular, desde a musical á literaria, pasando polas manifestacións parateatrais e polo xenio da lingua, mantívose e medrou mentres as manifestacións cultas esvaecían.

Cando os homes e as mulleres do Rexurdimento, con Rosalía de Castro como símbolo primeiro, comezaron a poñer as bases da cultura galega contemporánea, atoparon numerosísimos atrancos. Sempre foron unha minoría na loita por abriren un camiño que quedara cegado desde o remate do esplendor medieval e a posterior asimilación política.

O seu esforzo grandísimo acadou un novo pulo a comezos do século XX, coa creación das Irmandades da Fala, o verdadeiro

⁵ Véxase *Historia social da lingua galega* (Henrique Monteagudo. Galaxia, 1999) e *Os precursores na normalización* (Carme Hermida, Xerais, 1992).

motor na recuperación do prestixio social da lingua e das súas manifestacións públicas. Este pulo, que foi medrando de xeito evidente deica o ano 1936, ficou coutado pola sublevación militar, a guerra civil e a longuísima ditadura de Franco, onde os actos culturais en galego, primeiro duramente reprimidos e logo parcialmente tolerados, tiveron moitas dificultades para saíren dun círculo cultural reducido e chegar ao conxunto da poboación. Algo ben lóxico, se temos en conta que a lingua galega carecía de recoñecemento legal e estaba proscriba no sistema educativo, nos ámbitos sociais prestixiados, na prensa e nos programas de radio e televisión⁶.

Como ben sabemos, o panorama non comezou a mudar ata o remate da ditadura e os anos da chamada transición democrática. A Constitución (1978), o Estatuto de Autonomía (1981) e a Lei de Normalización Lingüística (1983) definiron o marco legal en que nos habiamos mover en adiante. Un marco limitado, mais que tamén permitía avances maiores, de existir vontade social e política, como nos demostra o caso de Cataluña.

Así comezou a etapa que chega deica o día de hoxe; unha etapa en que a cultura galega acadou unhas cotas, en tamaño, en visibilidade social e en calidade, moi superiores ás das décadas precedentes. Era doado medrar, é ben certo, porque se partía de bases moi precarias. Malia o escaso entusiasmo dos gobernos autonómicos e a desconfianza das elites sociais, económicas e mediáticas, o galego foi acadando ámbitos e funcións que antes lle estiveran vedados.

O estatus do galego como lingua oficial, xunto co castelán, e o recoñecemento como «lingua propia de Galicia», serviron para construír un marco legal que, durante o período que vai de 1983 ao 2005, fixo posible unha certa consolidación da industria cultural, así como dun circuíto estable de espazos para actividades culturais.

6 Véxase *A represión lingüística en Galiza no século XX* (María Pilar Freitas Juvino. Xerais, 2008).

3.- Comeza o século XXI

Agás o breve período do goberno tripartito (1988-1989) e os anos do bipartito (2005-2009), o goberno autonómico estivo sempre controlado por partidos escasamente interesados na recuperación e promoción da lingua e cultura galegas. En 1989, con Fraga Iribarne como presidente, comezou un longo período (16 anos) de goberno do Partido Popular, no que houbo moitas sombras e algunhas luces. Entre estas, un certo desenvolvemento das industrias da cultura, un incremento da rede de bibliotecas ou a construción de edificios destinados a servizos culturais.

A presenza social do galego coñeceu un certo medre, menor do que cabía agardar, ao tempo que diminuían os falantes que tiñan o galego como primeira lingua. Ampliouse dun xeito moi tímido a utilización do galego como lingua vehicular no ensino, mentres que o seu uso nos medios de comunicación, se exceptuamos a Radio e a Televisión de Galicia, así como algúns medios comarcais, non pasou de anecdótico.

Nos últimos anos da longa presidencia de Fraga Iribarne, producíronse dous feitos relevantes que paga a pena salientar nesta nosa análise. Un deles ben positivo: ante a evidencia de que o devalo social da lingua comezaba a resultar difícil de enmascarar, o goberno promoveu a elaboración do que logo se chamaría o Plan Xeral de Normalización da Lingua (PXNL). Nel participou un amplo número de representantes dos diferentes ámbitos profesionais e, tras a discusión e revisión por parte das forzas políticas, aprobouse por unanimidade do Parlamento Galego en setembro do 2004⁷.

O Plan Xeral⁸ facía unha radiografía da situación social do galego, estruturada en sete grandes apartados que ían desde á Administración ata a Proxección exterior da lingua, pasando pola Educación, a Economía, a Sanidade ou os Medios de comunicación. Partindo desa radiografía, o Plan propuña uns obxectivos a medio prazo e un

7 Cousas da vida! O vicepresidente daquel goberno era Alberto Núñez Feijoo.

8 Xunta de Galicia (2005): *Plan Xeral de Normalización da Lingua*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

amplio repertorio de medidas para acadalos. Unha completa folla de ruta para as actuacións que os Gobernos autonómicos deberían levar a cabo nas dúas primeiras décadas do século XXI.

O feito negativo foi a decisión de crear a Cidade da Cultura no monte Gaiás, nas aforas de Santiago. Unha xigantesca e megalómana infraestrutura que non tardou en revelarse coma un pozo sen fondo que, cal cósmico burato negro, ameazaba con absorber os orzamentos dedicados ao conxunto da cultura. Un despropósito do que agora, nos anos de escaseza, estamos a sufrir as consecuencias.

O goberno de Fraga Iribarne perdeu as eleccións autonómicas do ano 2005, dando paso a unha nova etapa, a do chamado goberno bipartito, presidido por Pérez Touriño e sostido polo PSdeG-PSOE e polo BNG.

Malia a tendencia a estigmatizar as actuacións deste goberno, o certo é que os seus case catro anos serviron para sentar as bases do que podería ser un medre cultural relevante, apoiado nas liñas de actuación que sinalaba o PXNL. Aínda que non se tomaron decisións que agora se revelan imprescindibles, como a paralización da Cidade da Cultura; aínda que houbo divisións entre os dous partidos e faltou valentía para legislar sobre a presenza da lingua galega no ámbito educativo, o certo é que se produciron avances incuestionables: a aprobación da Lei do Libro e da Lectura, a creación da rede de escolas infantís coñecidas como “galescolas”, a presenza do libro galego nos eventos internacionais, a creación de plataformas na Rede para a difusión da música e da literatura feita en Galicia, a creación dos Premios Nacionais de Cultura, a modernización e ampliación da Rede de Bibliotecas, a posta en marcha de Axencia de Industrias Culturais, o apoio á industrial editorial ou as medidas para favorecer as actitudes positivas en relación co idioma de noso.

Na segunda parte da lexislatura, aprobouse un novo decreto que regulaba a presenza das linguas no ensino non universitario, elaborado seguindo as pautas do Plan Xeral. Unha medida que provocou o ataque inmediato dos sectores opostos á normalización social do

galego, con Galicia Bilingüe e UPyD como punta de lanza, apoiados con entusiasmo por sectores emerxentes do PP, o mesmo partido que promovera o PXNL, que albiscaban un rendemento electoral. Foron os anos das falacias resumidas en “la imposición del gallego”, “la defensa de la libertad lingüística” y “el derecho de los padres a elegir”, espalladas eficazmente polos principais xornais de Galicia. Mentiras reiteradamente desmontadas⁹, pero que acabaron por se instalar nun sector da sociedade e serviron para que, contra o que se prognosticaba, o PP gañase as eleccións do ano 2009 e formase o primeiro goberno con Núñez Feijoo como presidente.

4.- Os anos da regresión

Este primeiro goberno dun PP que fixera bandeira das falacias anteditas iniciou unha intensa contrarreforma co obxectivo principal de coutar as actuacións lingüísticas e culturais que agromaran co goberno bipartito, e co propósito de devolver a lingua galega a unha situación residual e subordinada. Nos primeiros meses de goberno, mesmo daba a impresión de que andaban a peitear toda a normativa para atopar onde había algunha medida favorecedora do galego e proceder a anulala.

Sen ánimo de ser exhaustivo, cito aquí algunhas daquelas actuacións: eliminación das axudas económicas aos programas experimentais de ensino en galego en E. Infantil (maio, 2009); modificación do decreto que regulaba o currículo de E. Infantil, para dificultar na práctica a presenza do galego (maio, 2009); eliminación da esixencia de coñecemento do galego para acceder á función pública (xuño, 2009); derogación do Decreto 124/2007 que regulaba o uso das linguas no ensino (xuño, 2009); modificación da normativa das galescolas de E. Infantil (agosto, 2009); eliminación das referencias ao galego nas licenzas por estudos (maio, 2009); recorte dos orzamentos para os ENL dos centros educativos (xaneiro, 2010); supresión das axudas para a promoción do galego nos concellos (setembro, 2009); supresión da pro-

9 Xosé-Henrique Costas (coord.): *55 mentiras sobre a lingua galega*. Laiovento, 2009.

ba de galego nas oposicións á docencia (febreiro, 2010); drástica diminución das axudas para o fomento do galego na xustiza; paralización das páxinas web que divulgaban a música e a literatura en galego; peche de Flocos TV, dependente de AGADIC; desmantelamento de Man Común, a plataforma de software libre en galego; diminución das axudas á edición e á tradución; paralización das medidas contempladas na Lei do Libro e da Lectura, como a creación do Instituto Rosalía de Castro para a promoción exterior...

Con todo, as dúas actuacións principais que centraron esta cruzada contra o galego foron, en primeiro termo, a loita xurídica e ideolóxica para aprobar o chamado «Decreto para o Plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia» (79/2010, de 20 de maio), fortemente contestado nos centros educativos e na rúa¹⁰. Un decreto que diminuíu de xeito dramático a presenza do galego no ensino, que prohibiu a súa utilización nas materias científicas, que retirou e destruíu os libros de matemáticas, que lle permitiu aos pais de Educación Infantil decidir a lingua utilizada nas aulas, que autorizou o alumnado a utilizar a lingua da súa preferencia independentemente daquela en que se impartise a materia... Un decreto que, tras presentaren recursos diversas institucións, vén de ser parcialmente anulado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e aínda está pendente do resultado dos recursos¹¹ presentados perante o Tribunal Supremo.

A outra actuación que quero salientar é o continuado labor de oposición á presenza social da lingua galega, mediante declaracións e actos que amparándose nunha utilización espuria dos conceptos liberdade e reposición dos dereitos civís conseguiron estender en sectores da sociedade os prexuízos contra o galego, unha ferida que será imprescindible curar no futuro.

10 Houbo varias manifestacións cidadás multitudinarias, creáronse asociacións para a defensa da lingua (Queremos Galego, ProLingua...), publicáronse libros específicos e ducias e ducias de textos ao redor do asunto.

11 Sobre o recurso da RAG: http://www.realacademiagalega.org/novas/-/asset_publisher/E4jf/content/a-academia-informa-sobre-o-recurso-de-casacion-presentado-contra-o-decreto-de-plurilinguismo?

5.- A coartada da crise

Un aliado inesperado veu favorecer esta política: a crise financeira que se iniciou no ano 2008 e que se foi manifestando cada vez cunha virulencia maior. A «crise» (para entendérmonos, seguiremos utilizando este termo para designar o proceso que puxeron en marcha as “elites extractivas¹²” coa finalidade de diminuír os recursos das clases medias e baixas e favorecer as clases altas, tanto no ámbito europeo como no español) está a ter como resultados principais a ampliación do foxo entre ricos e pobres e a ringleira de dramas sociais (desemprego, desafiuzamentos, emigración, pobreza, precariedade...) que estamos a vivir nestes últimos anos.

Unha crise que levou os gobernos a vérense obrigados a realizar recortes no gasto para diminuír a voluminosa débeda (que era maioritariamente privada pero que, coas axudas aos Bancos, se foi transformando en pública, baixo a máxima de «privatizar os beneficios, socializar as perdas»).

Tamén o goberno galego se viu nesa necesidade. E os seus recortes foron inmisericordes con todo o referido ás manifestacións culturais en galego. Non só diminuíron os orzamentos (o cadro da páxina seguinte, da autoría da CTNL¹³, é dabondo elocuente), senón que tamén desapareceu a Consellería de Cultura como tal, reducida agora a unha Secretaría Xeral adscrita á consellería denominada “de Cultura e Educación”. A coartada da crise foi reiterada unha vez e máis outra para xustificar a poda, estendendo a idea de que os gastos en cultura son superfluos e non precisan dos apoios que se lles entregan xenerosamente a outros sectores produtivos. Como se a industria cultural non significase un 2% do PIB e non dese traballo a unhas 26.000 persoas¹⁴!

12 Véxase http://politica.elpais.com/politica/2012/09/08/actualidad/1347129185_745267.html

13 http://www.ctnl.org/web/notic.php?ide=1059&desc=a_xunta_desmantela_a_lingua_tamen_nos_orzamentos&show=1&comentario=true

14 Todos os datos, no estudo *O capital da cultura. Unha achega ás industrias culturais de Galicia*, coordinado por Alberto Meixide e Víctor Fernández Freixanes (Fundación Caixa Galicia, 2010).

Cadro-resumo dos orzamentos da Xunta para Política Lingüística en 2005, 2009, 2012 e 2013


Concepto	2005 PP	2009 PSOE-BNG	2012 PP	2013 PP	Diferenza con 2005	Diferenza con 2012
Adquisicións e publicacións	–	–	115.000 €	65.000 €	–	-43,5%
Bolsas no centro Ramón Piñeiro	454.064 €	548.106 €	211.140 €	185.696 €	-59,1%	-12,1%
Campañas de normalización	3.756.579 €	5.236.835 €	2.567.014 €	1.322.256 €	-64,8%	-48,5%
Convenios con medios de comunicación	6.400.000 €	3.087.200 €	800.000 €	700.000 €	-89,1%	-12,5%
Cursos e actividades de formación	1.492.430 €	2.633.200 €	1.000.000 €	710.000 €	-52,4%	-29,0%
Estudos e traballos de investigación	907.043 €	1.281.461 €	671.614 €	481.614 €	-46,9%	-28,3%
Lectorados e centros de estudos galegos en universidades de fóra*	810.227 €	1.092.900 €	701.859 €	715.422 €	-11,7%	+1,9%
Normalización lingüística concellos	751.266 €	801.708 €	520.000 €	400.000 €	-46,8%	-23,1%
Proxectos de fomento en centros educativos non universitarios	680.000 €	1.000.000 €	400.000 €	300.000 €	-55,9%	-25,0%
Entidades sen fin de lucro promoción	997.090 €	1.200.000 €	200.000 €	75.836 €	-92,4%	-62,1%
Subvencións a empresas editoriais	1.202.025 €	1.050.000 €	300.000 €	250.000 €	-79,2%	-16,7%
Outros convenios con entidades	671.012 €	609.278 €	220.107 €	220.107 €	-67,2%	=
Outros gastos (bens correntes e servizos, mobiliario, mantemento, transferencias varias, etc.)	1.709.199 €	939.296 €	586.110 €	298.547 €	-82,5%	-49,1%
TOTAL	19.830.935 €	19.479.984 €	8.135.514 €	5.724.478 €	-71,1%	-29,6%

*Este apartado inclúe as seguintes tres partidas: bolsas nos lectorados de lingua galega, transferencias a universidades do resto de España e transferencias ao exterior para a creación de lectorados e centros de estudos galegos.

Porcentaxe dedicada á Política Lingüística sobre o total de orzamentos da Xunta

Ano	Orzamento total da Xunta	Orzamento Política Lingüística	Porcentaxe lingua
1993	(675.999.240.000 pts) 4.048.000.000 €	(2.881.490.000) 17.254.431 €	0,43%
2005	8.824.000.000 €	19.830.935 €	0,23%
2009	10.581.000.000 €	19.479.984 €	0,18%
2012	9.557.000.000 €	8.135.514 €	0,09%
2013	9.137.000.000 €	5.724.478 €	0,06%

Gráfico: Evolución dos orzamentos da Política Lingüística da Xunta entre 1993 e 2013



Nun lúcido texto, «O inverno social da cultura»¹⁵, Iago Martínez facía unha síntese do acontecido nos últimos catro anos; a el pertencen estes fragmentos:

A cultura, en tanto que sector produtivo, está a vivir o seu particular inverno social en Galicia. O gasto público no sector minguou un 42,5% entre 2008 e 2011, e fíxoo de maneira ben máis drástica ca no resto das áreas funcionais da Xunta. Iso ilustra o escaso peso político que tiña o conselleiro Roberto Varela en Monte Pío e, por extensión, o pouco interese do Goberno na (desleal) materia. Vista con perspectiva, a supresión do departamento a comezos de ano para engadir competencias e infraestruturas ao de Educación parece, de feito, un exercicio de coherencia.(...)

Como é norma nos gobernos *serios*, os recortes aplícanse nas engrenaxes máis febles, as pequenas empresas e as traballadoras da cultura, mentres o Gaiás consome recursos inmensos de procedencia pública e privada –case 1,6 millóns ao ano, programación á parte– que nunca, ou case nunca, redundan nun beneficio social obxectivo.(...)

Mentres a sociedade non reaccione e asalte o que é seu, rompendo o xogo da administración da miseria, a Xunta seguirase a parecer ao doutor que encarna Pierre Étaix en *Le Havre*, a última obra mestra de Aki Kaurismäki. Logo de diagnosticarlle unha enfermidade que acabará axiña coa súa vida, o personaxe trata de consolar a paciente. «Os milagres existen», dille cun sorriso mínimo. Ela retruca o que retrucaría calquera axente cultural en Galicia: «No meu barrio, non».

Que actuación tan distinta á de gobernos como o francés ou o islandés! O caso de Islandia é paradigmático e paga a pena referírmonos a el por significar unha ollada distinta á hora de se enfrontar a esta crise. En EL PAÍS (3-3-2013) publicouse unha reportaxe de Daniel Verdú, «Viaje al milagro cultural islandés»¹⁶, á que pertencen estas liñas:

15 *Tempos Novos*. n° 184, setembro 2012, pp. 38-40.

16 http://cultura.elpais.com/cultura/2013/03/02/actualidad/1362234273_153861.html

Se o colapso financeiro que sufriu Islandia adoita interpretarse como un laboratorio de preguntas e respostas sobre a crise, conviría tomar nota dalgunhas das solucións. A diferenza do sur de Europa, onde os recortes e as subidas de impostos se cebaron especialmente na cultura, desde o 2008 este país de 320.000 habitantes e o tamaño de Portugal centrouse no sector das industrias creativas. O impacto económico desa actividade (uns mil millóns de euros) dobra hoxe ao da agricultura e está só por debaixo da lendaria máquina de exportar bacallau ao mundo continental, primeira industria da illa. (...)

Vemos a cultura como a base das industrias creativas, unha parte cada vez máis importante da nosa economía [explica Katrín Jakobsdóttir, a ministra de Cultura]. Cando me nomearon ministra, afronteino como unha cuestión de supervivencia. A cultura é un factor económico moi importante. (...) A base ten que vir do sector público. Coma a educación. Xestionar as escolas é parte dunha comunidade.

Medran os teatros, o mercado literario florece [engade o autor Andri Magnason], aumentou a produción cinematográfica, o mesmo que a escena musical. E todo este apoio multiplícase na economía. As artes non son un proxecto paralelo á boa economía, son a base da súa saúde.

A presenza de Islandia como país convidado na Feira do libro de Frankfurt serviulle ao editor Manuel Bragado para reflexionar sobre o caso islandés nun artigo publicado en Faro de Vigo¹⁷. Tras loar a puxanza da industria editorial islandesa e a súa expansión internacional mediante unha eficaz política de traducións, concluíu que:

(...) esta política pública de fomento da creación literaria e da lectura, como de apoio á industria editorial realizada polo goberno islandés, mesmo a pesar das dificultades provocadas polas políticas de consolidación fiscal, é un camiño ben diferente ao emprendido polo Goberno Galego que, até agora, en aras da austeridade e sen contar cunha guía orientadora e estratéxica para a política do libro

17 <http://www.farodevigo.es/opinion/2011/10/24/o-caso-islandes/591085.html>

das diversas consellarías non dubidou en sacrificar sen contemplación ningunha as axudas de fomento da produción editorial de materiais didácticos impresos e dixitais, como as primeiras vítimas do seu programa desapiadado de recortes. O exitoso caso islandés amosa que erran os que consideran as políticas de normalización lingüística e de apoio ás industrias culturais como os primeiros sectores que poden ser amputados de raíz, sen graves consecuencias para o corpo social.

Logo desta panorámica xeral, ímoslle pasar revista aos diversos eidos da industria cultural, para comprobarmos cal é o resultado das políticas públicas aplicadas polos gobernos de Núñez Feijoo. Resultados que xa nos adiantaba hai pouco o Observatorio da Cultura¹⁸:

En 2012 perdéronse 2.800 empregos no sector da cultura, o que supón un descenso do 11,6% con respecto ao último ano. A día de hoxe, hai rexistrados 21.400 galegos traballando no sector cultural, que nos sitúa en niveis do ano 2004. O descenso do emprego cultural en Galicia é moito máis alto que a media estatal, que só perde un 6% neste sector.

6.- O sector editorial

O sector editorial é a industria cultural de maior peso e visibilidade, considerada “estratéxica” na Lei do Libro e da Lectura. En porcentaxe, supón algo máis do 10% do conxunto das industrias culturais. Aquí distinguiremos entre a edición desde Galicia e a edición en galego (en 2012, esta supuxo o 45% da edición total; ou sexa, no noso país edítanse máis títulos en castelán).

Malia ser evidente o medre do libro galego nas últimas décadas, a crise (que afecta ao conxunto de España) e os recortes do goberno están a propiciar unha redución moi significativa, tanto no número de títulos como na cantidade de exemplares das tiraxes. Manuel Bragado, director de Edicións Xerais, a quen lle debemos

18 <http://www.culturagalega.org/noticia.php?id=22385>

unha utilísima «Serie estatística sobre a edición en galego»¹⁹, escribiu en xaneiro deste ano unha interesante entrada no seu blog *Bre-temas*, de título diáfano, «-26,37%», da que reproduzo estas liñas:

O adianto das cifras de rexistro do ISBN da edición realizada en 2012 polas editoras privadas confirma a tendencia á aceleración da diminución do número de títulos e do volume das tiradas. Os editores en España publican menos títulos e menos exemplares de cada un deles. No caso de Galicia, a edición privada en galego redúcese nun 26,37%, xa que pasa dos 1820 títulos de 2011 aos 1.340 de 2012, unha diminución moi significativa (480 referencias menos), xa que en 2011 o número de títulos en galego diminuíu nun 16,30%. Non é un disparate estimar que nos dous últimos anos a edición privada en galego reduciu nun 40% o número dos seus títulos. (...) Datos para a reflexión do sector e das administracións públicas sobre as políticas actuais de lectura e de promoción da lingua galega.

Contrasta esta realidade coas inmensas posibilidades de medre que tería o libro galego de estar apoiado polo goberno e as elites sociais. Como xa dixen máis atrás, a non alfabetización no idioma dunha parte da cidadanía, a precaria competencia na lingua que ofrece un sector significativo do sistema educativo e, sobre todo, os prexuízos contra a lingua son os principais obstáculos. Os que me levaron a escribir, cando o goberno de Núñez Feijoo xa amosara as súas intencións, o texto «Oito doas para San Simón»²⁰, do que reproduzo aquí un anaco:

(...) persoas que aínda queréndonos ler non poden, porque no sistema educativo non desenvolveron esa competencia para lernos na lingua de noso. Ou, tamén, persoas que podéndonos ler refugan favelo, pois é aventurado achegarse con gusto a unha lingua alcumada de radical, de atrasada, de limitadora, de inútil, de imposta. (...)

Pertencermos a unha cultura socialmente estigmatizada leva aparellados serios problemas de visibilidade (e penso agora nos

19 Para quen desexe consultala: http://bretemas.com/wp-content/uploads/2012/10/Datos_edicion_-Galicia_2011.pdf

20 “Oito doas para San Simón”, en *O rastro que deixamos*, pp. 121-131 (Xerais, 2012).

nosos libros, confinados coma nunha reserva india en boa parte das librarías, ou no tratamento subordinado que reciben nos medios de comunicación, ou na insistente mentira de que somos unha literatura subvencionada). En Galicia existe unha fervenza de creatividade que non pode fluír con plenitude, pois unha boa parte das elites financeiras, empresariais, mediáticas e políticas desconfían e negan esa creatividade se se manifesta na lingua de noso, unha lingua que parecen ver como un andazo que cómpre extirpar de raíz.

De querérmonos apoiar en cifras que exemplifiquen o devalo destes últimos anos, debemos recorrer ás catro partes do imprescindible artigo, «Cifras críticas para o libro galego», que Manuel Bragado publicou en *Brétemas* os días 29 de setembro²¹, 1²², 3²³ e 6 de outubro²⁴ do pasado 2012. Un valioso traballo ao que pertencen estes anacos (as negriñas son do autor):

Cos datos achegados pola *Panorámica de la edición española de libros 2011*, vemos que a edición en Galicia baixou con respecto ao ano anterior un 28,88% (3.384 títulos), mentres que a edición en galego o fixo no 16,30% (2.130 exemplares). A edición en galego en Galicia supuxo o 77,32% do total da realizada na nosa lingua e o 48,67% da editada en Galicia.

Por ámbitos temáticos, a edición continúa concentrándose no eido escolar xa que o libro de texto co 24,50% (585 títulos) e a literatura infantil e xuvenil co 15,40% (328) representan o 39,90% dos títulos publicados. Porén, semella identificarse unha mudanza de tendencia xa que a edición infantil é a que máis diminúe, mesmo nun moi apreciable 40,36%, mentres que se incrementa nunha porcentaxe semellante a de Ciencias Sociais que xa supón o 29,30% do sector. Pola súa banda, a edición literaria co 20,20% (431 títulos) diminúe nun 36,80%, porcentaxe moi elevada.

21 <http://bretemas.com/onte-386-cifras-criticas-para-o-libro-galego-i/>

22 <http://bretemas.com/onte-388-cifras-criticas-para-o-libro-galego-ii/>

23 <http://bretemas.com/onte-390-cifras-criticas-para-o-libro-galego-iii/>

24 <http://bretemas.com/onte-393-cifras-criticas-para-o-libro-galego-iv/>

Se comparamos a edición en galego coa doutras linguas oficiais, comprobamos que a nosa é a que máis descende (-16,80%), mentres que en castelán diminúe nun 0,13%, incrementándose en éuscaro nun 2,65% e en catalán nun 19,67%”.

A «Serie estatística sobre a edición en galego», á que antes me referín, ofrece uns datos máis optimistas sobre o lectorado comprendido entre os 3 e os 16 anos. No sistema educativo, unha parte significativa de centros está a facer un eficaz traballo de promoción da lectura. Son moitos os e as docentes que asumen a necesidade de ter a lectura como un dos eixes principais do seu traballo, decisión ben visible no incremento e vitalidade das bibliotecas dos centros²⁵. A isto non é alleo o traballo do Servizo de Bibliotecas Escolares²⁶, que suple a falta de medios con altas doses de entusiasmo.

Malia os datos anteriores, volvo ás palabras iniciais de Mario Regueira. É unha evidencia a variedade e calidade do libro galego, con títulos magníficos cada novo ano, así como o coidado na edición por parte dos editores. E lectores potenciais hainos, e ben deles. Só se precisa un apoio decidido das Administracións e unha presenza axeitada nos medios de comunicación para que o panorama poida cambiar positivamente nos anos vindeiros.

7.- O sector teatral

As artes dramáticas veñen experimentando, ao longo de toda a etapa autonómica, unha situación que sempre distou de estar normalizada. Houbo, con todo, etapas nas que as axudas á produción e as tentativas de crear un circuíto teatral estable, unidas ás montaxes do Centro Dramático Galego, permitiron ver que era posible unha nova realidade. Isto, como tantas outras facetas no ámbito da cultura, experimentou un devalo desde o inicio dos gobernos do Presidente Feijoo. Un bo resumo da situación do sector encontrá-

25 Unha vitalidade constatable se se visitan as páxinas <http://www.planetaki.com/bibliotecas#start> e <http://planetaki.com/bibliotecasescolaresgalegas>

26 <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/>

molo na reportaxe²⁷ elaborada por Montse Dopico para o xornal *Praza Pública*, á que pertencen estes fragmentos:

Entre a débeda de Agadic, os recortes e a falta de perspectivas de traballo, o que nos queda é marchar para a casa. É totalmente imposible manter o circuíto de consumo teatral actual. Estamos chegando ao final dunha etapa de 30 anos de teatro. (...) O retraso nos pagamentos da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), unido ao dos concellos, desequilibrou as contas das compañías desde o inicio da lexislatura. A débeda na actualidade cífrase nun millón de euros, segundo os cálculos de Agadic (Antonio Durán ‘Morris’, presidente da Asociación de Actores e Actrices de Galicia).

(...) A cuestión fundamental é que a administración non ten un plan para o teatro, asegura Salvador del Río, presidente de Escena Galega. Todo o que fan é froito das presións. A Rede Galega de Teatros ten moitas deficiencias, e nós propoñemos medidas para ter máis funcións por obra, pero non nos fan caso. O orzamento que se dedica ao teatro é unha cantidade ridícula, unha miseria. Non hai cartos para o teatro pero si para inventar o Festival das Rías Baixas, ou para traer a Björk.

8.- O sector audiovisual

Os meus coñecementos sobre este sector non pasan dunhas poucas ideas xerais. Trátase, ademais, dun sector que non é doado analizar de xeito conxunto, xa que abrangue desde as producións realizadas por e para a Televisión de Galicia ata os filmes “de autor”, pasando polas numerosas coproducións de filmes comerciais que se realizaron na primeira década deste século.

O cine “de autor”, en boa parte descoñecido polo gran público, mais con amplos recoñecementos en festivais internacionais, é o mellor exemplo do pulo que experimentou este sector nos últimos anos, sobre todo desde as axudas á creación que impulsou o go-

27 <http://praza.com/cultura/208/lestamos-chegando-ao-final-dunha-etapa-de-30-anos-de-teatror/>

berno bipartito. O máximo expoñente deste cine é, sen dúbida, *Todos vós sodes capitáns*²⁸, de Oliver Laxe, que acadou o Premio da FIPRESCI no Festival de Cannes 2010 e moitos outros galardóns internacionais.

Para facérmonos unha idea cabal da evolución do sector desde o ano 2000, o mellor é darlle voz a unha das persoas pioneiras no audiovisual galego, Manolo González, que publicou hai pouco unha moi recomendable crónica do acontecido nestes anos, «Unha década case prodixiosa»²⁹, á que pertencen os seguintes anacos:

Dende que comecei a interesarme polo audiovisual galego alá polo 1983, nunca vira cousa igual. A Xunta de Feijoo –como en case todo o demais–, non goberna, destrúe...(...) Certo é que a Gran Recesión ten acougados os corazóns da meirande parte da poboación. Mais precisamente nos momentos difíciles é cando a clase política non pode deixar de actuar sobre un sector produtivo que xera emprego e riqueza e que, ademais, transmite a imaxe do país ao resto do mundo. A súa inacción está poñendo en perigo vinte e cinco anos de crecemento ininterrompido e un tecido profesional que custou moito esforzo erguer entre todos. (...)

Por outra banda, a “*Damnatio Memoriae*” foi devastadora para todas as iniciativas democráticas e innovadoras: fora Flocos TV, Cinemas dixitais, o sitio web da Axencia, a convocatoria pública de festivais, Curtas na rede, a transparencia, a información, as comisións paritarias e renovábeis anualmente. (...)

Nestes momentos, o audiovisual galego “tradicional” é un barco varado e desnortado, sen capitáns, escaso orzamento e nula estratexia, baixo unha política inexistente, nun tempo que vai camiño de denominarse no futuro “trienio negro”, “lexislatura perdida” ou “tempo da devastación planificada dun sector”. Menos mal que o “mundo paralelo”, onde todos son capitáns e navegan en pequenas dornas, continúa a proporcionarnos ledicia, esperanza

28 <http://www.zeitunfilms.com/en/tvsc/festivals>

29 Publicado orixinariamente na revista *Tempos Novos*. Reproducido na Rede no blog *Acto de Primavera*: <http://actodeprimavera.blogaliza.org/2011/12/02/unha-decada-case-prodixiosa-1/> e <http://actodeprimavera.blogaliza.org/2012/01/23/unha-decada-case-prodixiosa-2/>

e orgullo cos seus pequenos filmes, desprezados pola industria e a crítica oficialista, pero que están a colocar a bandeira do cinema galego en todos os grandes peiraos da creación audiovisual contemporánea.

9.- *Eppur, si muove!*

Escribo este texto no mes de marzo, e as noticias que o poderían ampliar aparecen un día e mais outro. Nunha entrevista co pianista de jazz Abe Rábade³⁰, o músico declara: «O tecido da industria cultural galega está a ser desmantelado e, obviamente, iso afecta tamén o jazz». En *Praza Pública*³¹, leo a reacción do goberno ante a sentenza contraria ao seu Decreto de Plurilingüismo:

Aínda que a Xustiza lle prohíbe á Xunta realizar estas dúas prácticas o líder conservador [Núñez Feijoo] interpreta que “a sentenza non impide aos pais”, senón que “impide que sexa obrigatoria no seu resultado”. Así, afirma, “seguiremos facendo as consultas, pero non producen efectos legais de forma inmediata, porque a sentenza o impide”, “pero será determinante para que nós adoptemos unha decisión ou outra”. Traducido: no decreto non figurará que as consultas son vinculantes pero, na práctica, serano.

En relación a que un rapaz poida expresarse nunha lingua ou noutra”, ignorando o idioma en que se imparte a materia, como establece agora o decreto, o precepto tamén desaparecerá do texto normativo. Pero a Xunta, mediante unha instrución, “pediralles flexibilidade” aos docentes para que “ningún rapaz suspenda por utilizar o galego se unha materia se dá en castelán” e para que “non suspenda por utilizar o castelán se se dá en galego”. Malia todo isto, Feijoo pide adhesións ao seu texto, convertido agora para o Executivo nun “punto de encontro indiscutible”, no que “está a inmensa maioría da sociedade” e “ao que todas as forzas políticas se poden sumar se queren sacar a lingua da discusión pública.

30 <http://www.sermosgaliza.com/artigo/cultura/abe-rabade-como-o-resto-da-industria-cultural-do-pais-a-do-jazz-esta-a-ser-desmantelada/20130318153429012650.html>

31 <http://praza.com/politica/3860/a-xunta-non-recorrera-as-sentenzas-do-decreto-pero-manteraa-as-enquisas-as-familias/>

En *Eldiario.es*, na noticia titulada «Manter aberta a Cidade da Cultura custe case 9.000 euros ao día», leo estas liñas que confirman a semellanza deste contedor cun voraz burato negro que zuga os orzamentos que deberían ir destinados a manter e potenciar o tecido cultural.

Nas contas públicas para 2013 a partida consignada para a Cidade da Cultura é de 10 millóns de euros, transferidos na súa práctica totalidade coa forma de “subvencións á explotación”. Aínda que esta cantidade –uns dous millóns de euros inferior á destinada o ano pasado– é ilustrativa do custo do edificio, se cadra aínda o é máis a análise dos custos dos seus servizos básicos, os mesmos que agora a Fundación vai contratar para os próximos dous anos por un montante total que supera os seis millóns de euros.

E así unha noticia detrás doutra, non hai día sen elas. Como escribiu Xabier P. DoCampo³², tamén nestas datas, cada unha delas é «...unha marca máis da afronta glotocida do actual goberno de Galicia, (...) a continua agresión á nosa lingua por parte daqueles que máis deberían traballar e teimar na súa defensa e na promoción do seu uso».

E, non obstante, *Eppur, si muove!* Xaora que se move! Se cadra por estarmos afeitos a traballar en situacións adversas, os distintos sectores da cultura galega están a facer o imposible por resistir nesta etapa tan difícil. Contamos cun amplo e variado número de persoas e entidades con talento creativo e con ganas de construír. Velaí a vitalidade e variedade da nosa literatura. Velaí ese milagre anual que é o Salón do Libro de Pontevedra. Velaí a música, coa proliferación de grupos e con figuras como Mercedes Peón, Berroguetto, Uxía ou Carlos Núñez que espallan Galicia polo mundo adiante. Velaí o exitoso Culturalgal, esa feira que cada ano funciona como un observatorio da cultura galega, e que o pasado decembro nos permitiu constatar a existencia dun público interesado e dinámico, así como a proliferación de novas e imaxinativas propostas, en especial as dirixidas á xente nova. Velaí a aparición de pequenas empresas que, desde o galego, se están a introducir nos novos soportes das TIC e nas redes

32 <http://praza.com/opinion/964/cadaquen-que-fale-por-si/>

mundiais. Velaí a insólita vitalidade da creación audiovisual. Velaí a puxanza da nosa lingua na Rede (a conquista máis nova: a rede Twitter en galego)... Todo isto forma parte tamén da nosa realidade.

A potencialidade é enorme, en Galicia contamos con esas fábricas da imaxinación das que fala Manuel Rivas. Mais tamén sabemos o que nos falta. As elites financeiras, mediáticas e políticas viven aínda de costas á lingua e á cultura de noso. Temos un goberno que, máis alá das boas palabras, segue espallando prexuízos cara á lingua e a cultura. E unha parte da sociedade, como consecuencia de todo o anterior, ignora ou olla con desconfianza a vitalidade cultural que se expresa na lingua propia de Galicia.

Os camiños de futuro pasan por crear as condicións para que muden estas circunstancias. As bases para construír xa están moi ben definidas no Plan Xeral para a Normalización da Lingua que o Parlamento aprobou por unanimidade no 2004. E desde os diversos sectores tamén se ten reflexionado sobre os pasos que con tanto éxito souberon dar outros países. De entre os últimos, gustaríame salientar un valioso documento³³ da Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural, incluído nunha noticia tamén destes días, onde «alertan do desmantelamento da cultura como motor social e económico»³⁴.

Os tempos sombríos han quedar atrás. Hai futuro para a nosa lingua³⁵, haino para as diferentes manifestacións da nosa cultura, xaora que si! Só precisamos vontade de construír, azos para poñermonos ao labor e sumarmos máis e máis vontades. Un fermoso proxecto para o noso país, no que paga moito a pena integrármolos. É a herdanza que lles debemos ás xeracións vindeiras.

Agustín Fernández Paz
Escritor

33 <http://praza.com/xornal/uploads/agpxc-que-facer-coa-cultura.pdf>

34 <http://praza.com/cultura/3767/alertan-do-demantelamento-da-cultura-como-motor-social-e-economico/>

35 Véxase *Do estigma á estima* (Valentina Formoso. Xerais, 2013).



A Igrexa e o momento crítico da identidade galega

Engracia Vidal Estévez

Hai seis meses que comprometín este traballo no Consello da Revista. Non quixen pensalo moito porque, fuxindo do pesimismo inicial, preferín agardar pola esperanza... Pero os prazos bótanse enriba e a esperanza, lonxe de reverdecer, escurece e engúrrase forzada polo día a día.

Con todo, no me rendo. E, se estou disposta á reflexión, é porque no fondo creo, e espero, nos dous polos: Igrexa e galegitude. Inxenuidade? Optimismo naïf? Ou tal vez necesidade vital?

Non vou pronunciarme. Eu mesma espero que a reflexión me axude a tomar postura e que, entre o punto de partida e o de chegada, vaia medrando a fe e fagamos posibles as dúas realidades. Se non como as soñamos hai anos, como debemos vivilas hoxe e mañá.

1.- A identidade galega

Non irei aos libros para definila. Prefiro dála a luz desde o meu interior. E irei buscala no momento no que a concibín nos anos setenta, cando retornei a Galicia despois de vinte anos de ausencia, nos que a rapaza que deixara Cambados, volvía a Santiago para recuperar a súa terra. Nin Santiago era o Cambados dos anos corenta, nin eu era a rapaza que seguira medrando en Madrid, en Granada, en Roma, en París ... que me fixeran espertar á universalidade e que estaba disposta a vivila alí onde tocasse...

Na miña formación relixiosa –coa perspectiva de educadora, e moi concretamente como educadora da fe– insistíronme sempre

sobre a encarnación na realidade, en valorar a terra, as persoas, as tradicións, a cultura do lugar onde se desenvolva o noso traballo. Sen esa dimensión non podería nunca chegar ao corazón das persoas, novas ou adultas, ás que se supuña ía educar. Sempre coa perspectiva de que ía ter que vivilo en calquera país do mundo. As misioneiras que ían a África, ou a calquera illa oriental, servían de modelo cando compartían as súas experiencias aprendendo novos idiomas e costumes. E as autoridades da Congregación bendicían estas actitudes como exemplares.

Eu son consciente de que traía estas boas disposicións tan eficientemente transmitidas polas miñas formadoras, e estaba disposta a vivilas sen saber aínda como.

O que non sabía tan ben era que me ía ser moi doado descubri-lo, compártilo e vivilo. Doado con matices. Porque ignoraba totalmente que as dúas institucións que inculcaran en min este compromiso de encarnación no medio, a Igrexa xerárquica (refírome en particular aos profesores e profesoras dos cursos de Pedagogía da fe, de carácter oficial) e a Congregación relixiosa, que por outra parte tanto me deran ao me abriren horizontes moi amplos, ían ser, en certa maneira, un obstáculo a este camiño de arraigamento. Pensabamos e tiñamos moi claro que a santidad non está no punto medio, senón no extremo evanxélico (Casiano Floristán transmitíunolo nas súas clases...). Pero á hora da verdade renxen cando queremos levar á práctica os principios. Iso forma xa parte da vida e aí quedou e quedará para a Historia.

Santiago e Galicia estaban, daquela en pleno postconcilio, tentando descubrir os novos valores con que constituíons coma a *Gaudium et Spes*, a *Lumen Gentium*, a *Sacrosanctum Concilium*, entre outras, agasallaran á Igrexa. Unha liturxia aberta ao pobo e á lingua, á cultura; o que demos en chamar a encarnación dos valores da fe nos valores do pobo.

A Igrexa non pretende pór unha rixida uniformidade naquelo que non afecta á fe ou ao ben de toda a comunidade nin sequera na liturxia; pola contra respecta e promove o xenio e as calidades pe-

culiares das diferentes razas e pobos... admitiranse variacións e adaptacións aos diversos grupos, rexións e pobos. (S.C. 37-38).

Non había moito que os novos partidos políticos, aínda clandestinos, ían tamén nesta liña de encarnación na galeguidade; aínda que lle desen outros nomes e matices. Por outras motivacións e por outros medios. Pero por aí estaban tentando tamén o cambio: o desenvolvemento do pobo galego. Necesitábao e merecíao. Pois, fuxindo de esaxeracións e victimismos, ninguén pode dudar de que o Padornelo separaba non só dous territorios, senón tamén dúas culturas. Non só diferentes, senón cun desnivel de desenvolvemento, froito de razóns históricas que non imos recordar.

Con tódalas limitacións ou excesos con que os queiramos tacha, hai que recoñecer que un aire novo e forza e ilusión envolvían unha etapa sen estrear, que queríamos vivir en plenitude.

A identificación con estas causas, sempre a favor de Galicia, é o que eu entendo por identidade galega.

2.- Algúns feitos que a puxeron en práctica

- O Cardeal Quiroga foi quen de acoller e vibrar ante estes novos camiños e tivo xestos que manifestaron este compromiso, como celebrar a misa pola “santiña” (así chamou a Rosalía), a primeira en lingua galega oficiada por unha autoridade eclesiástica, aínda cando non había tradución oficial.
- Un grupo de cregos celebraba na Igrexa das Ánimas a misa dominical en galego tamén. E foron xurdindo iniciativas eclesiais que timidamente ían tentando incorporar na Igrexa os valores da inculturación e da encarnación que avalara o Concilio. No fondo, nada que non descubrixe o Evanxeo.
- Don Miguel Anxo Araúxo celebrou a súa ordenación episcopal na nosa lingua en 1970, o que lle valeu para que o réxime tivese unha coidada vixilancia sobre os seus actos e escritos. E son moitas as testemuñas e os froitos da súa praxe na galeguidade. Non a menor, a carta pastoral *A fe cristiá ante a cuestión da Lingua gale-*

ga,(1975) e un *Oracional* en galego. O bispo de Ourense, Diéguez Reboredo, publicou no 1988 unha carta sobre *O galego na Igrexa* (Encrucillada, nº 61, páx. 53). E Frei Xosé Gómez, en 1981, na misa crismal do Xoves Santo, pide o uso do galego na liturxia. E lamenta que aínda esteamos tan lonxe do que nos pide o Concilio Galego... (!) (Encrucillada, nº 63, 1989, páx. 93).

- Os Secretariados de Catequeses das cinco dioceses uníronse na tarefa de actualizar a educación da fe dos rapaces e polo tanto dos educadores. No fondo, desde as novas directrices postconciliares, tendentes a personalizar a fe alentando o compromiso, e na forma, publicando en galego todo o material para levalo a cabo. Tiven a sorte de participar nesta tarefa e desde dentro puideron avaliar o traballo e o froito.

- Houbo cregos que puxeron as súas enerxías no compromiso coa lingua, e contra a pobreza. Foron nacemento grupos eclesiais onde se reivindicaban os dereitos dos máis necesitados: cota social agraria, propiedade comunitaria dos montes, camiños, estradas, cooperativas; o que se chamou unha pastoral encarnada nas necesidades do pobo, que non era igual á que se podía facer desde un partido político, porque as razóns eran os principios evanxélicos. Pero que podían coincidir nos obxectivos.

- As congregacións relixiosas, sobre todo as femininas, deron un xiro singular. Unhas, acentuando e outras, iniciando un camiño de encarnación e proximidade coa xente, desde as vestimentas e formas de vida ata a entrega aos máis necesitados, nunha liña social e mesmo eclesial, participando moito máis en accións eclesiais dun xeito mesmamente institucional e non só desde os seus propios guetos.

- Algúns dos movementos especializados da Acción Católica, pese á súa orientación nacional española e centralizada, foron quen de adaptar os seus esquemas á encarnación no *hic* e *nunc*, sobre todo os xuvenís: XOC, XEC (logo MECG), XIC, XARC...

- E non vou máis que recordar –porque para a xente que me vai ler, non é descoñecido– todo o que se creou para logralo: pu-

blicacións coma *Boa Nova*, *Encrucillada*, *Irimia*, *Badal*, *Exeria* e follas parroquiais, a primeira no Castiñeiriño, chamada *Fátima*... Os catecismos e as guías para as catequeses; encontros coma os Coloquios, Cruceiros, Romaxes, Foros, Sábados bíblicos, Relixiosas no mundo rural, Movemento Rural Cristián, Mulleres Cristiás Galegas, Escola de Espiritualidade... Case todos, aínda vivos.

Foi todo ideal e nunha liña de pureza evanxélica? Sería absurdo que o afirmásemos e mesmo que o pretendésemos. Coma todo o humano, riscou de excesos, e de deficiencias.

3.- Afondando nas consecuencias

A identidade galega non era só a lingua, pero si o primeiro signo de querer asumir os outros. Temos toda unha simboloxía xeográfica, cultural, literaria, musical e histórica que había que ir pondo en valor, e sabela levar ao noso compromiso como cristiáns. Fíxose moito nestas dimensións, e aí están as letras e as melodías de tantos artistas. (Cantareliña, Saraivas, Fuxan os ventos, A Quenlla...) Mesmo arquitecturas coma a igrexa de Aguiño, construída e ornada con elementos mariñeiros... E non digamos a iconografía do Nadal cheo de meniños e nais ben enxebres... A creatividade funcionou a favor do *made in Galicia*...

Dentro da Igrexa había resistencias abondo, pero os novos tiñamos forza e eramos quen de levar adiante diferentes accións nesta liña. E non hai que ocultar que tivo un forte custo de sufrimento e de vidas rotas, que cada quen tivo que restaurar.

As dificultades non foron poucas; por un lado os bispos, con moita idade e de fóra de Galicia. E por outra, a identificación que había entre a Igrexa institucional e o réxime franquista, tan católico el e tan “nacionalista español”, que vían perigos por todas partes para a sacra unidade de España.

Esta é a causa, ou unha delas, que eu vexo para que as autoridades eclesiásticas, e mesmo ás veces as superiores e superiores de congregacións relixiosas non fosen sempre quen de entender esta realidade.

Desde o centralismo político e eclesial, unha cousa era entender a encarnación nun suburbio de Bombai ou do Brasil, e outra moi distinta, crer que Galicia necesitaba que acollésemos e nos expresásemos no seu idioma. Para que? Non entendían todos o castelán? Non era mesmo un ben para eles que progresaran incorporándose á lingua do Estado? A implantación do castelán que se viñera facendo e incrementando despois da guerra civil, formaba parte dese progreso, e acabaría coas ignorancias e os retrasos seculares... Quero crer que o pensaban así e así o defenderon.

En determinados sectores sociais e eclesiais nunca se aceptou a semellanza entre as terras de misión e as comunidades autónomas con lingua e/ou cultura propias. Polo tanto, a encarnación que pedía o Concilio, non tiña cabida aquí. Polo menos, nesta dimensión cultural. E ouso dicir que isto segue. Aínda que agora se note menos, porque as circunstancias, desgraciadamente, están levándonos a pór a atención noutros problemas máis urxentes, aínda que non sempre máis importantes.

Tivemos tamén outros determinantes en contra: o progreso económico das clases populares, que non foi proporcional co progreso cultural, veu en crear sociedades que tiñan por modelo o que eles consideraban cultura superior (popularmente os ricos). Coas casas novas, o mobiliario moderno, as roupas de moda, o coche, as viaxes... tentábase copiar tamén a fala... De aí, ese rexeitamento maior en certos sectores das cidades e das vilas que subiron o seu status económico, e que nas aspiracións máis fondas copian tamén a lingua, os costumes, e mesmo o votar polos partidos políticos (tal vez sería máis exacto poñelo en singular...) das clases "ben"... Pódome enganar, pero afirmo que o comprobei e o comprobo cada día: moita xente segue vendo nos que falan castelán, a clase modelo. E quérena para os seus fillos, co seu mesmo status, a súa mesma lingua. Deste trauma non se liberan moitos curas; se non, non se explica a resistencia, cando para a maioría deles foi a lingua na que aprenderon a falar. E mesmo segue sendo, en moitos, a lingua familiar.

Para min, que a Igrexa xerárquica contribuíu moito a fomentar esta mentalidade. Nas cidades ou parroquias do entorno, e nas vilas, é onde menos logros tivo a liturxia en galego. Hai algunhas que nunca a asumiron, outras que sostiveron unha celebración na semana, e agora nin iso.

Subliñaríase especialmente, a ausencia da lingua nai nas exequias. Teño asistido a moitas e participado en igrexas cheas ata o adro... onde a persoa que está de corpo presente e todo o seu entorno foron sempre galegofalantes, e alí non se escoita máis que o castelán. É curioso oír o crego celebrante falar galego no adro ou no bar, e de portas a dentro da igrexa non existe esa lingua. Ás veces, si, unha canción. Coma se houberse dous niveis e coma se a palabra e a pregaria litúrxica non se sentisen cómodas máis que coa lingua superior, a castelá.

4.- Os logros

- Con todo, algo se quixo facer mesmo desde a Xerarquía. O Concilio galego (1968-1979) foi un froito. Pensado e convocado para adaptar o Vaticano II á realidade de Galicia. Proba da súa comprensión, valoración e vontade de levalo á práctica. As circunstancias posteriores –a morte do cardeal Quiroga, principal motor da empresa; os conflitos da Asemblea conxunta (1969-71); a falta de experiencia democrática e participativa en todos; unidas ás reaccións anticonciliares que xurdiron moi pronto a nivel universal cos movementos lefebvrianos ou afíns– minimizaron os resultados. E xa daquela considerámolo un concilio híbrido. Aí o está, cunha maioría de textos totalmente coherentes coa liña conciliar do Vaticano II, de encarnación e popularidade, cunha gran valoración da lingua galega e unha praxe totalmente parada. Apartada. Que nin por casualidade se practica tal como o expresan os documentos, pese a que ás veces se cita. O Concilio Galego, polo menos respecto á lingua, está morto ou fóra de servizo. Monseñor Araújo escribiu nas súas *Memorias de vida*: “Ter esquecido o Concilio Pastoral de Galicia é un pecado histórico

de omisión que ten que magoar as costas dos bispos de Galicia”. (Ir Indo, 1993, páx. 238).

- Tamén hai que agradecerlle á Xerarquía a tradución dos libros litúrxicos. Agradecemento extensivo a cregos e laicos que a propuxeron e traballaron arreo por levala a cabo con lograda eficacia. É mágoa que se usen tan pouco!

- As publicacións non institucionais de tipo teolóxico, pastoral, relixioso, oracional son maioritariamente en galego. Tanto en libros como en revistas. Temos *Biblia, Novo Testamento, Salmos, A liturxia das horas, Cancioneiro relixioso, Oracional, O evanxeo dos nenos* –e nestes días vén de aparecer *O Novo Testamento para xente nova*–. Temos liturxias dominicais varias (primeiro en papel e agora en dixital): *Badal, Remol*, a da Escola de Espiritualidade. Non temos xa, aínda que duraron 25 anos, os chamados Encontros de Música relixiosa en Pontevedra; así chamados, aínda que na primeira etapa, a máis longa e influente, se celebraban en Poio. Estes posibilitaron a creación de letras e músicas de cancións relixiosas galegas. O evanxeo ofrécenos semanalmente *Eclesialia* en dixital e *Irimia* en papel. E estou segura de que hai moitos máis que eu descoñezo. Temos as revistas *Encrucillada* e *Irimia* e algúns boletíns parroquiais que non cito por non ter datos de todos.

- Temos un bo listado de libros en galego: teoloxía, ensaios, historia relixiosa, oracionais, biografías, homenaxes... Pero tal vez estamos a piques de empezar o descenso: por lei de vida van desaparecendo os primeiros impulsores e fecundos creadores... Van ter continuadores? En número e agora mesmo, certamente non. Na produción literaria –ensaio, novela, poesía, teatro, historia– si hai continuidade, con escritores novos. Na produción relixiosa, tristemente, non.

- Nos aspectos socioeconómicos son patentes os progresos, deteriorados agora pola crise. E descompensados se os comparamos co crecemento cultural e relixioso, marcadamente menor.

5.- O panorama hoxe: luces e sombras

É de deserto. Os bispos galegos? Hai tres nados en Galicia e dous, das comunidades veciñas de Zamora e Palencia. Ningún exerce como tal. Quero dicir como galegos. Nin na fala habitual, nin nas orientacións pastorais, nin na denuncia cando a política social ou económica non responde ás necesidades do pobo, non responde ao Evanxeo.

Nas celebracións catedralicias dá vergoña escoitar esas poucas palabras en galego con que acaban as homilías, coma unha esmola a non se sabe quen. En troques, poucas horas necesitaron para responder aos desexos do Papa de cultivar o latín... e ben que se nota. Non o critico (por educación e afección gusto moito do latín); pero xa me gustaría que se secundase tamén no galego, que tamén está escrito e tamén o predicou a Igrexa... En proporción, multiplicouse máis o latín nuns meses ca o galego en cincuenta anos...

As celebracións da eucaristía dominical en galego, se xa non eran moitas, hoxe diminuíron ou suprimíronse. Cada lector ou lectora deste artigo pode mirar ao seu redor e comprobar que a realidade supera as miñas palabras, certamente pesimistas.

Vou fixarme só na cidade na que vivo, Pontevedra. Das catro parroquias do centro, só unha, San Bartolomeu, mantén unha misa en galego, a vespertina dos domingos. Nas outras tres (Santa María, San Xosé e Virxe do Camiño) non hai ningunha. Os Padres Franciscanos teñen unha os sábados. A igrexa da Peregrina, ningunha. A capela de San Roque, ningunha. Na periferia: Monteporreiro, unha (as homilías todas en galego) e Santiaguíño do Burgo, unha e non sempre. En canto ás outras parroquias do Concello, non hai ningunha misa semanal en galego nas de Bértola, Bora, A Canicouva, Cerponzóns, Lérez, Salcedo, Tomeza, Marcón, Mourente, Verducido e Santo André de Xeve. Alba, Santa María de Xeve e Campañó teñen unha. En Lourizán e San Salvador de Poio –esta, xa fóra do concello de Pontevedra– fanse todas en galego. Folgan os comentarios.

O comportamento da cidade de Pontevedra ben podería ser non moi representativo do que ocorre nas demais cidades. Sabemos de varias parroquias urbanas de Galicia que ao longo dos últimos tres ou catro decenios veñen mantendo, no referente á liturxia en galego, unha práctica moito máis favorable á nosa lingua. Isto manifestase, por exemplo, en que fan un reparto máis equilibrado entre galego e castelán nas misas dos domingos, asignan aos actos en lingua galega horarios non marxinais, celebran nesta lingua as misas máis solemnes do ano, etc. Tanto na Coruña coma no Ferrol, Santiago, ou Vigo, por exemplo, podemos contar máis dunha parroquia onde se fai deste xeito. Pero, en calquera caso, unha minoría.

Isto de sinalar as misas en galego é un dato significativo. Pode axudar a comprender a situación. Pero, aínda que todas as parroquias celebren algunha na nosa lingua, non querría dicir que por ese camiño se ía chegar á normalización do galego na Igrexa. A normalización virá, se algún día se logra, cando a lingua galega sexa a normal na Igrexa, e isto ten moita máis amplitude, desde os carteis ás programacións semanais... É claro que a Igrexa soa non pode lograr a normalización da lingua do noso País, terá que facelo da man das institucións gobernamentais, culturais, sociais, deportivas... Pero ela debe pór a parte que lle toca. E axudar a romper prexuízos sociais ou políticos. A fala galega, se nun tempo foi signo de determinada clase social, hoxe risca de ser signo de clase política, e ningunha das dúas cousas temos que tomalas como válidas.

Tocante á publicación de boletíns das dioceses, só Tui-Vigo o ten en galego. As páxinas web de Lugo, Ourense e Mondoñedo-Ferrol están en castelán. A de Tui-Vigo, en galego. A de Santiago é bilingüe, con dominio castelán.

Revistas de carácter institucional na nosa diocese de Santiago: *O Boa*, en castelán; *Compostelanum*, en castelán; *Compostela*, en castelán. *O Adro* (1999) foi en galego; pero xa non existe. *Lumieira* é bilingüe; pero non ten nin o 10% en lingua galega, cando nun principio tivo un bilingüismo polo menos equilibrado, ou algo máis de galego. *A barca de Santiago* (revista dixital da diocese de San-



tiago) non chega a un 10% en lingua galega. E neste último que acaba de saír, o número 10, só un (!) artigo está en galego, o do Sr. Arcebispo, que abre a publicación.

No canal 13 de TV, *La Iglesia en Galicia* emítense todo en castelán. A misa dominical na TVG e *O día do Señor* mantéñense en galego.

Brilla con luz propia a modesta publicación do Seminario de Mondoñedo, *Amencer*, cen por cen galega en lingua e en espírito. Vai polo número 220. E, co mesmo nome, a dos Salesianos de Ourense.

Dumio, da diocese de Mondoñedo-Ferrol, resiste cun 60% en galego e publícase unha vez ao mes coa *Voz de Galicia*; van uns cen números.

Nas últimas festas de Nadal, recollín un folleto na parroquia de Santa María de Pontevedra, que reza na portada "*Villancicos ¡Feliz Navidad!*" e dentro unha ordenada colección de panxoliñas: 13 en castelán, 1 en latín, e 1 en galego. Bendito bilingüismo! Non haberá máis dunha en galego...!

Acaba de chegar-me a nova (mala neste caso) de que un libriño de oracións para a catequese, editado en galego hai uns dez anos, pronto vai reeditarse en castelán... Un exemplo que confirma a regra do retroceso.

Os cregos novos que están a chegar a parroquias acostumadas a vivir a súa fe en galego, por estar ata hai pouco ao cargo de pastores que tomaron en serio a galeguización da liturxia, seguen daquela maneira, pero van introducindo as novidades en castelán, como quen non quere a cousa...

Hai un dato curioso. Os documentos oficiais que saen en galego, levan sempre o duplicado en castelán; pero, cando saen en castelán, que son maioría, non sempre inclúen a tradución galega. Eu diría que todo lector que le o galego, sabe traducilo ao castelán. Pero non á inversa. De onde deduzo que sería máis rendible publicar máis en galego...

6.- Cal pode ser a causa ou causas desta desafección?

Para min no teñen moita explicación. Ignorancia da lingua pola súa parte? Non. Convicción de que será máis eficaz pastoralmente en castelán? Dubido. Pensar que van lograr maiores ascensos ou compracencia das autoridades? Pode ser. Calquera cousa menos fidelidade ao Evanxeo, ao Concilio, á xente.

No Evanxeo atopamos un Xesús comprometido co seu pobo e a súa lingua. Sen ter que especular sobre a que falaba...

Se lemos o Concilio, hai un insistente empeño en esixir a encarnación dos evangelizadores cos evangelizados. “Como certamente o uso da lingua vernácula pode ser moi útil para o pobo na administración dos sacramentos e dos sacramentais, debe dársele maior cabida...” (SC, 63).

Os bispos galegos foron claros e contundentes:

De acordo co Regulamento do Concilio pastoral correspóndenos agora ós bispos de Galicia referenda-las conclusións á que chegou a III Xuntanza Xeral e ao mesmo tempo arranxar os medios precisos para que sexan levadas á práctica, co fin de que “co esforzo conxunto total do pobo galego, non só participe, senón que tamén sinta profundamente como cousa súa a celebración do misterio da liturxia e deste xeito vaia erguéndose cada vez máis a Igrexa”. (Carta da Sagrada Congregación de Sacramentos e do Culto Divino ao Concilio Pastoral de Galicia). En cumprimento, pois, da nosa misión, os Bispos de Galicia temos tomado por unanimidade os seguintes acordos...

E segue enumerando as conclusións sobre sacramentos, liturxia en galego, etc. (*O Concilio Pastoral de Galicia*, Lumieira, nº 29-30, páx. 352).

Con todo, eu diría que non se trata só de que impulsemos a liturxia en lingua galega por identificación co pobo, senón que penso que debemos fomentala e sostela tamén fóra da liturxia, na vida normal, porque a lingua é un ben cultural, un patrimonio que herdamos e que está en risco de desaparecer. Como cidadáns

correspóndenos conserva-la como outros bens patrimoniais: auga, aire, terra... O ser ademais crentes cristiáns non fai máis que reforzar o compromiso como seres humanos.

Quen non tivo ocasión de aprender a lingua galega no seu fogar, tivo ocasión de aprendela na escola. Levamos 33 anos con ensino de galego na institución escolar, que é gratuíta e obrigatoria. Quen queda fóra? Hai que pensar que a xente que chega, ten a súa necesidade de aprendelo para o seu traballo. E de feito, faino. É admirable escoitar a cantidade de estranxeiros, desde latinoamericanos a chineses ou de Europa oriental, que entenden e falan en galego... sen motivacións evanxélicas, que é algo que tiñan que ter en conta os cristiáns...

Tamén é frecuente defenderse con iso de que a xente non quere o galego. E ocrrese-me obxectar: a xente tampouco quere moitas cousas que desde Roma ata o cura párroco deciden sen contar con ela. Pero toda a comprensión e a condescendencia vai para este aspecto sen intentar razoar, motivar, convencer, educar.

U-la causa da resistencia que manteñen as Xerarquías? Para min, e sen excluír outras menores e variadas, moito está nos medos. Medo á identificación cos partidos políticos nacionalistas e/ou de esquerdas. Non o poden disimular. E estaría disposta a comprendelos se non observase ao mesmo tempo que noutras coincidencias con partidos da dereita non lles importaría esta identificación. Nin a disimulan por un mínimo de pudor. Nin sequera facela explícita en homilías e actos culturais. Sobre todo en tempos de eleccións. Páranse a reflexionalo? Ou unha vez máis pensan que os fieis non pensamos ou non nos decatamos? Podería poñer exemplos moi concretos. Grupos de relixiosas que viñeron dispostas a asumir a encarnación, lingua incluída, recuaron ao comprobar as coincidencias cos partidos políticos que o viven así desde os seus programas. Sen se decatar que os fins poden coincidir no apoio á lingua como na axuda aos máis febles, ou o respecto á persoa, que tamén coincide co Evanxeo. Esa é a nosa situación, ben diferente á doutras comunidades nas que a lingua non é patrimonio só dunha determinada clase social. É fácil rebelarse

contra esta situación, pero nada doado solucionala. Temos que nos educar moito.

7.- Máis carencias

Aparte da lingua, non falada habitualmente, hai outros signos das deficiencias neste senso de identidade galega ou de encarnación na realidade en palabras do Vaticano II.

A celebración do Día das Letras Galegas. Algunha vez vimos unha participación da Igrexa nesta data, algún xesto de identificación coa festa? Mesmo de contribución ás súas actividades?

Que pasou coa chamada Misa de Rosalía, no 25 de Xullo? Unha tradición xa dos anos sesenta, en pleno franquismo. Hai uns anos, cando os organizadores iniciais xa ían desaparecendo, e sobre todo porque cambiaba o *status* da igrexa de San Domingos e non se podería celebrar sen permiso episcopal, a Asociación Encrucillada ofreceuse a asumir ela a súa organización. E así se lle propuxo ao Arcebispo. Pero non. Preferiu entregarlla a un pequeno grupo de profesores da Universidade (seguramente non tanto polo seu compromiso cristián como por distintas afinidades ideolóxicas).

Hoxe mesmo –escribo isto o 24 de febreiro– estamos a celebrar os 176 anos de Rosalía e os 140 dos seus *Cantares gallegos*. Non debería ser unha festa para todos, incluída a Igrexa, polo menos con algún xesto?

Escoitamos algunha vez o nome de Alexandre Bóveda, por exemplo, como testemuña dun compromiso político vivido con toda a forza do seu cristianismo? Nin sequera podemos estar seguras de que coñecen a fondo o seu compromiso cristián vivido ata a morte. E que falta lles faría a moitos dirixentes políticos actuais ter un modelo así, sexan da dereita, do centro ou da esquerda! Honradez, compromiso social e familiar, testemuño cristián ata a morte!

En xeral, as actividades que non organiza a institución, aínda que sexan eclesiais e ortodoxas, non existen. Sobre todo, as marcadamente galegas. Houbo un tempo no que os seminaristas ían

aos Foros de Encrucillada para escoitar os teólogos ou mesmo altas xerarquías eclesiásticas, ou famosos misioneiros e misioneiras. Agora para eles nada diso existe. As xerarquías brillaron pola súa ausencia en celebracións como os 25 anos de *Encrucillada*, na homenaxe ao bispo Don Miguel Araújo, na xubilación de Torres Queiruga, nos *In memoriam* de cregos como Manolo Espiña ou Bernardo García Cendán. Nada diso se considera da Igrexa, cando a asociación é crente, confesante e está exercendo a súa liberdade de afondar na fe responsablemente. Non será –pero parecer, parece– que queren amosar a súa distancia cos grupos que de boa fe, por convicción e por devoción queremos expresar o noso compromiso na nosa lingua e coa nosa lingua, coa nosa terra.

E, aínda peor, pódese marxinar de actos institucionais a participación de determinadas persoas porque pertencen a este grupo de comprometidos/as co seu pobo?

Como se pode facer viable a encarnación da fe na cultura se a institución que se supón difusora desa fe, non se achega á cultura, veña de quen veña? Estou a referirme á cultura especificamente galega.

Pero isto forma parte dunha realidade máis ampla aínda e dolorosa, que é a separación entre fe e vida. Non todo o clero é igual; pero en conxunto deuse, parécemo, un retroceso. Por exemplo, con todo isto da crise, podes ir á Misa domingo tras domingo e ver que non se fai aplicación ningunha do Evanxeo, na predicación, a esas cuestións que constitúen a vida e as preocupacións da xente. Aquilo de facer nosas as penas, traballos, alegrías, preocupacións concretas que estea vivindo a xente, segundo anunciaba e desexaba o Concilio Vaticano II. Como moito, cando len algunhas preces que veñen preparadas por algúns deses papeliños de celebración que circulan por aí, algunha alusión de pasada, nada concreta nin comprometida. Parece que tampouco iso ten que ver co que é a experiencia relixiosa cristiá.

E non digamos cando as pon en interdito ou censura. Celebracións como as Romaxes, que priorizan a identidade coa lingua e

a cultura galega, sen se separar da fe e da praxe cristiá. E estas condenas fanse sen ter asistido nunca, e por censuras chegadas de fóra cunha linguaxe que de cristiá non pode levar nin o nome. Por vergoña non as transcribo, aínda que as conservo... Todo isto non pode, non é posible que poida facer algo positivo na liña da encarnación que o Concilio pediu á Igrexa e á Cultura.

E, chegados a este punto, non podoo deixar de pensar nos abusos que se dan a cotío sen a menor censura. O agravio comparativo está ben á vista. Hai cregos que celebran ata seis misas diarias e cóbranas... Asistín a un funeral no que se comezou pola homilía e, ante as miñas preguntas á veciña, descubriume o segredo: con iso o celebrante facía tempo para que chegasen os outros dous da táboa, que estaban noutro funeral. Eu desexaría que, se os señores bispos non aproban isto, o denunciasen publicamente para que todos nos fixemos sabedores. E recoñezo que a motivación é dobre ao denunciálo. Por un lado estou convencida de que non se debe facer. E por outro o agravio comparativo: iso pásase e o outro non! Aí están as Romaxes sen celebración eucarística desde hai cinco anos, desde que a un señor madrileño se lle ocorreu dicir barbaridades en insultos e calumnias¹. Como é posible? Pois xa nolo advirte o Evanxeo: vemos a palla no ollo alleo e non a viga no noso.

E as romarías tradicionais? É todo ortodoxo no Corpiño, nos Milagres, no Santo André de Teixido, etc. Suprimíronse as eucaristías algunha vez por defectos de forma?

Coincide este final coa inesperada dimisión do Papa Bieito. Axúdame a rematar con aires de esperanza. Este xesto, que non é normal porque case non se fixo ata agora, pero que é perfectamente coherente, sensato e evanxélico, esperta confianza. E quero volver soñar con novos aires conciliares que poidan facer revivir tantas esperanzas truncadas por motivos e culpabilidades de todos.

¹ Este “señor” é o que hoxe, 13 de marzo, escribe uns comentarios pexorativos e difamadores sobre o papa Francisco. Tomen nota, señores Bispos.

8.- Que lle pediríamos á Igrexa neste intre

Permítaseme unha reflexión máis, antes de rematar o tema de hoxe.

Nestes días, co gallo do conclave, escríbese moito do Papa, do Vaticano, da Igrexa universal, dos problemas prementes que, no fondo, determinaron a xubilación de Bieito XVI. E sácanse consecuencias non sempre alentadoras. Xa hai tempo tamén que se reflexiona en xornais e revistas sobre o Concilio Vaticano II con motivo dos seus cincuenta anos. E cada vez vanse aclarando máis as causas de que hoxe, polo menos aparentemente, o Concilio estea varado. O Vaticano II e o Galego. Os novos movementos eclesiais, inmediatamente anteriores ou postconciliares, fixéronse fortes e actuaron na liña de paralización, e mesmo de retroceso, do movemento postconciliar. E ás veces temos a impresión de que esa é a única Igrexa que existe, a única que conta para a maioría das xerarquías, a que se move comodamente. Abundan os exemplos e só con recordar as viaxes do Papa, os encontros da xuventude, as misas da familia, os cargos eclesiais de confianza, etc. Comprendemos quen ten a iniciativa, o poder, mesmo os medios materiais para mover os fíos. Pero a Igrexa é algo máis que eles. Somos todos. E os grupos que tentaron e seguen a tentar a fidelidade ao Concilio e a pór en práctica as súas ensinanzas, seguimos aquí cunha certa sensación de orfandade. E, ás veces, de marxinação e mesmo de sospeita, se non de condena. Queda moita máis xente que non camiñou nin nunha liña nin na outra. E sobrevive sen avanzar, ou abandona todo. Penso que Xesús tería que dicir outra vez *Misereor super turbam...* Dáme compaixón esta xente.

Necesitamos un Papa que sexa quen de axuntarnos nunha mesma dirección no esencial, aínda que cada grupo manteña o seu carisma dentro da unidade. A democracia non ten que estar ausente da institución. Todo isto xa o desexou o Concilio, pero non fomos quen de seguilo.

Agora si, volvo ó meu tema e remato. Aos bispos, aos cregos, aos fieis, que saiban e saibamos unirnos no compromiso de traballar

por unha Galicia máis solidaria cos máis necesitados. Por unha Galicia de homes e mulleres honrados. Que os que están no poder, non rouben nin enganen, e os que formamos o pobo, sexamos solidarios os uns cos outros. E que entre todos poidamos soste a súa cultura e a súa lingua “mil primaveras máis”, como pediu Cunqueiro.

Engracia Vidal Estévez

NOTA:

Preparada a bibliografía básica pensamos que ...o acaído para completar este artigo sería ampliala a todas as publicacións relixiosas e/ou eclesiais feitas en galego. No Consello de Redacción da revista valoramos esta posibilidade, e comprometémonos a publicala, nun próximo número da revista Encrucillada.



Sombras e pouquidade na dramaturxia de Vidal Bolaño

Xesús Portas Ferro

1.- Un dramaturgo para as Letras

Roberto Vidal Bolaño (1950-2002) foi unha das poucas persoas dedicadas plenamente e de forma senlleira á construción do sistema teatral galego. Realizou este labor, desde a mocidade ata o seu pasamento, mediante o desempeño das máis diversas funcións que caben nas táboas. Recoñéceno así todos os estudosos da súa obra e el mesmo expresouno un día escribindo que se sentía: “Inmerso, pola miña condición de autor, director, actor, produtor, iluminador, escenógrafo, figurinista e público, nesa mesma paisaxe á que me pretendo achegar [...]”¹. Aquí atenderemos sobre todo aos froitos da súa condición de autor, isto é, á escrita dramática, aínda que sen limitarmos a nosa atención ao estritamente verbal ou literario das obras, pois tamén os elementos relativos á proxémica, quinésica, sons, vestiario, decorados, iluminación, imaxes proxectadas e outros efectos son abordados polos dramaturgos, sobre todo por aqueles que teñen unha grande experiencia como directores.

Xa logo fai trece anos que, co gallo da estrea d’ *A burla do galo*, M. Guede Oliva albiscou un dezasete de maio no que as Letras Galegas habían proclamar os méritos do noso autor, porque, ao ver de Guede, falar de Vidal Bolaño supuña “acouta-las páxinas máis notables que ten dado a literatura dramática galega ó longo de toda a súa historia”². E engadía que a obra dramática de RVB tiña “a medida e o vigor necesario para situarnos [...] e ubicar nela o mellor e máis coherente que a escrita teatral galega ten dado de si propia”³.

1 Vidal Bolaño, 2002 b.

2 Guede, 2000, p. 15.

3 Ibidem.

Verbo da cantidade, non está de máis notar que desde *Laudamuco, señor de ningures*, primeira peza que estreou (1974) e publicou (1977), deica *Animaliños* e mais *Integral*, que foron as derradeiras, ofreceu á escena uns trinta títulos. Nove deles, producidos de 1975 a 1985 agás un, foron representados daquela e permanecen ata agora inéditos. Afórrolle ao lector a relación completa das pezas teatrais de Vidal Bolaño, que poderá achar facilmente noutros lugares e veremos, ao parecer con algunha excepción, incluídas nas obras completas que está a preparar Edicións Positivas. Na bibliografía que pecha este artigo, figuran só os títulos que, editados en vida do autor ou pouco despois do seu pasamento, coidei conveniente consultar na preparación deste traballo. Só uns poucos dos editados non se achan aí, por me seren de difícil acceso ou non me tiraren moito o interese: *2132* (1992), *Touporroutou da lúa e do sol* (1996), *Criaturas* (2000), *Rosalía* (2001) e *Sen ir máis lonxe* (2002).

A valoración cualitativa, á que enriba nos aproximamos guiados por Guede Oliva, pódese concretar moito e amplificar máis, baixándonos a apreciar as características sobranceiras desta dramaturxia. Esas características son principalmente tres: a singularidade do mundo ficticio recreado nas súas obras, a innovación formal con elas operada e, finalmente, o logro dun obxectivo claramente definido desde moi cedo, o da creación dun teatro popular galego de vangarda. Algo diremos de cada unha delas en senso inverso ao desta enumeración.

2.- Un teatro popular galego de vangarda

Nos comezos da carreira teatral de RVB o teatro galego aínda non existía, ou tal se pode afirmar con máis razón e sentido do que tería afirmar o contrario. Deixamos aparte a dramaturxia de Valle-Inclán, que pertence ao sistema teatral, literario e cultural hispánicos, non ao sistema cultural galego e galegófono. Deste estamos a tratar.

Así entendido o lerio, aquilo que na arte dramática galega precede ao labor encetado polo “Grupo Abrente” contra as vésperas de 1980, redúcese a pulos descontinuos e proxectos abortados, aínda

que suscitados por nomes tan sonoros coma os de Rafael Dieste, Eduardo Blanco Amor e Álvaro Cunqueiro ou, antes deles e con maior xenio, Castelao e mais Otero Pedrayo. Sen desprezarmos, claro está, as achegas menores dos Carré Alvarellos, Lugrís Freire, Cotarelo, Varela Buxán... A carón do de Vidal Bolaño, outros nomes maiores do numeroso “Grupo Abrente” son Manuel Lourenzo e Euloxio R. Ruibal.

Escribírase deica entón pouco teatro e, con todo, non era este o dato máis grave da situación. As carencias fundamentais atinxían ás outras dúas patas que sosteñen o fenómeno teatral. A primeira delas, a referida ao espectáculo, incluíndo todo tipo de axentes e infraestruturas que o fan posíbel –escenarios, actores, compañías... A segunda, o público. Faltaba sobre todo e cumpría crear un público para o teatro galego. A tales eivas parecía referirse Otero Pedrayo as varias veces –unha delas, aínda en 1975– que, segundo nos lembran Boullón Agrelo e Tato Plaza⁴, denunciou o baleiro teatral como a principal necesidade que presentaba a literatura galega naquela altura. A obviar esas carencias vai dedicar RVB, a carón doutras moitas persoas, a súa anqueira.

Os trazos de “popular” e “galego” entendíanos no sentido de que o novo teatro que se propugnaba, asumise como propios os valores e os intereses da cultura popular. Cedo na produción dramática de RVB e noutros autores de Abrente aparecen incorporados elementos da cultura popular galega, máis concretamente e na liña apuntada outrora por Castelao e Otero, os elementos para-teatrais característicos das celebracións rituais do ciclo anual: as farsas e máscaras do Entroido, os xigantes e cabezudos, as cantigas, as ladaíñas e os contos tradicionais, por exemplo. De por parte, tamén asumiu RVB o programa de Otero e Castelao polo que estes se propuxeran crear en Galicia un teatro que a elementos populares coma os devanditos engadise aqueloutros innovadores que no primeiro terzo do século XX se estaban introducindo en Europa en continuidade co labor que iniciara Stalinavski no Teatro da Arte, en Moscú: dando unha grande cabida, ao lado ou por

4 Cfr. p. 12.

riba da palabra, a elementos como o movemento, a danza, a plástica, os xogos de luces e sombras, a música, outros sons. A unión destes elementos do Teatro da Arte cos procedentes das tradicións populares dos países orientais prouguéralle moito a Castelao cando asistiu contra 1921 en París ás representacións do Teatro do Morcego, de Nikita Balief, as mesmas que en Madrid chamaran a atención de Ortega ese mesmo ano⁵.

A aplicación que de tal proposta iniciara Otero na escrita de varias pezas do seu *Teatro de máscaras*, inspirou a RVB, ou así o afirma este, e o seguimento desa inspiración supuxo⁶ un cambio cualitativo na evolución da dramaturxia do noso autor. Este seguimento non ten nada de serodio. Nas obras da primeira época aparecen sobre todo os elementos folclóricos parateatrais aos que se fixo referencia. Nas da segunda época, que comezaría contra mediados dos anos 80, dáse un paso máis.

No programa de man da estrea de *Agasallo de sombras*, en 1984, escribía RVB: “Des que, non sen poucas dificultades, descubrín o *Teatro de máscaras* de Don Ramón Otero Pedrayo, algunha das súas pezas vén exercendo sobre min unha meiguice enfermiza da que só acerto a me ceibar, e sempre de xeito fuxidío, contrapoñéndolle unha lectura a tempo desas catedrais da indisciplina teatral que para min son *A tentación de San Antonio* de Gustavo Flaubert e o *Fausto* de Goethe [...]”⁷. Sombras e espectros irrompen no escenario como uns personaxes máis, produtos oníricos ou visionarios dos personaxes primarios as máis das veces e saídos outras dos fondos escuros do propio mundo social representado. Este recurso, que configura de maneira total *Agasallo de sombras*, pode verse xa prenunciado en *Bailadela da morte ditosa*, escrita en 1980 nunha primeira versión, e, sen deixar de imprimir abondas pegadas noutras pezas intermedias, volve a ser fundamental na creación de *Rastros* (1998) e na de *Integral* (2002).

5 Cfr. Paz Gago, p. 1127.

6 Segundo M. Quintáns 2003.

7 M. Quintáns 2003, p. 53.

Recursos semellantes achamos, certamente, en varias das pezas curtas de Otero; así, en *Os espectros das doenzas*, *Vento nocturno*, *O poeta asasinado*, *A sublevación dos traxes* e, sobre todo, *O café dos espellos*. Nesta última un único personaxe primario, O Vencido da Vida, asiste ao desfile duns conxuntos de sombras que representan diversos tipos sociais. Unha delas, a Dona, que aparece despois do desfile dos grupos referidos, identifícase como representante da Morte, e finalmente unha Sombra intérprete revélalle ao protagonista que todas as que vira desfilas e actuar, eran en realidade unha única sombra, máis aínda, eran el mesmo, imaxes súas: “Son ti reflexado no espello⁸”. Tamén na disolución das inúmeras sombras que acompañan a Rosa unha noite, personaxes de *Agasallo de sombras*, todas ao finaren desvelan a cara de Rosa, o único personaxe primario, “son todas ela mesma voltas sombras⁹”. Esta coincidencia fai evidente a afinidade de *Agasallo de sombras*, de Vidal Bolaño, con *O café dos espellos*, de Otero Pedrayo. Aínda así, *A sublevación dos traxes* é a única peza de Otero expresamente sinalada por RVB, no referido programa de man, como inspiradora de *Agasallo de sombras*.

Contra o final da súa carreira, o noso autor segue recoñecendo esta débeda nunca esquecida co ourensán: “Ao longo da miña traxectoria como autor ou como director teatral, tiven sempre o teatro de Don Ramón Otero Pedrayo como referente exemplar. A el acudín máis dunha vez para lle ripar ideas, atopar respostas, soñar espectáculos teatrais imposibles ou cando menos improbables¹⁰”.

Polo aproveitamento dos referidos elementos, presentes dalgún xeito no pretérito teatral de Galicia, a labouira de RVB e os seus compañeiros pode con toda xustiza considerarse unha “(re)construción” do teatro galego, para o dicirmos con I. López Silva no título do seu estudo sobre a obra de Bolaño, que introduce a primeira edición de *Mar revolto*. Unha construción, porque o é de algo que antes non existía. Unha reconstrución, en canto retoma parte

8 Otero Pedrayo, p. 142.

9 Vidal Bolaño 1992 b, p. 87.

10 Vidal Bolaño 1999, p. 257; citado en M. Quintáns 2003, p. 52.

importante dun planeamento previamente ideado –e minimamente executado– polos homes da Xeración Nós. De por parte, e nunha ollada máis ampla, porque recolle e reemprega restos dun suposto teatro galego antigo cuxo desenvolvemento en clave culta se atrancara por mor do sometemento da cultura autóctona medieval a unha cultura allea, aló contra o remate da Idade Media; sometemento abafante e persistente, aínda por riba, durante os séculos en que se sucederon os movementos cos que as culturas e linguas neolatinas puxaban e se arrequecían (Humanismo, Renacemento, Barroco, Neoclasicismo), que foron precisamente os nosos “séculos escuros”.

3.- Sombras e espectros: a innovación formal

Segundo M. Quintáns, un dos máis perspicuos coñecedores da súa obra, a revolución formal operada na dramaturxia de RVB comeza con *Agasallo de sombras*.

Este estudoso atribúe tal salto ao emprego de diversos recursos, coma o que fai ás secuencias de tipo cinematográfico ao lado ou no canto das clásicas escenas da dramaturxia anterior, con outros procedementos tamén relacionados coa linguaxe audiovisual: montaxes, encadres e diversas transicións entre planos e secuencias.

Ao meu ver, o meirande cambio operado na obra devandita débese en primeiro lugar, aínda que non soamente, á natureza completamente onírica dos personaxes do drama, coa relativa excepción de Rosa. Rosa representa a Rosalía volta a Santiago con 24 anos, casada non hai moito, nai aínda dunha soa filla e, sobre todo, chea de dúbidas sobre o uso que, na nova situación vital, lle cumpría facer da súa liberdade como muller e artista. É ela quen, único personaxe primario, soña ou proxecta as visións de todos os demais: Aurelio Aguirre, finado traxicamente tres anos antes; Manuel Murguía, ausente en Madrid ou na Coruña mentres Rosalía vive soa en Compostela; a Tise, enfermidade romántica da que estaría Rosa atinxida; a propia Rosalía no día vindeiro da súa morte ... Estes e os demais personaxes secundarios, un bo fato deles, son puras sombras.

Que un espírito ou visión se materialice en escena con grande pertinencia para a trama non supón ningunha novidade. A presenza e intervención de personaxes sobrenaturais no teatro é moi vella; xa na traxedia grega, un supoñer. Énos ben familiar a do espectro do pai de Hamlet na obra homónima de Shakespeare. Máis próxima nos resulta a intervención do diaño, so o nome de Mefistófeles, no *Faust* de Goethe. Esta obra –expresamente sinalada por RVB como unha das que influíron no seu labor– nunca foi considerada como propiamente pertencente ao xénero dramático; porén algunha vez foi levada ás táboas. Máis proximidade aínda nos ofrece *La tentation de saint Antoine* (1874), de Gustave Flaubert, da que o noso autor reconece tamén a influencia. Unha secuencia de *Agasallo de sombras* localizada en Francia presenta o demo arramplándolle un porquiño ao santo Antón; por certo, esta pasaxe do porco non aparece na obra de Flaubert, mais si na tradición popular do “porquiño de santo Antón” mantido polos veciños dun rueiro a prol dos pobres.

La tentation de saint Antoine, un monllo de prodixios e visións presentados como feitos e diálogos obxectivos, é unha obra inclasificábel xenericamente, máis axeitada para a lectura –individual ou, mellor, en público por varios lectores– do que para ser escenificada. Vidal Bolaño viu nela un bo exemplo do teatro “imposible ou improbable” que lle praciá facer. O importante para nós é que toda a súa trama consiste precisamente nun entrabado de visións que, entre tentadoras e témeras, sofre o eremita na Tebaida e nas que non soamente intervén o demo, senón tamén persoas con el relacionadas que xa morreran ou vivían moi lonxe do vidente, igual que nalgunhas pezas de RVB. Nunha e noutras os personaxes son puras sombras, ás veces só puras voces.

Que obxectividade hai, ou se pretende que haxa, en calquera destes tipos de aparicións? Nun cosmos radicalmente desenfeitizado, este noso occidental e postmoderno que viviu e interpretou Vidal Bolaño, a intervención de elementos preternaturais é pura ficción. E non só porque aquí se trata de teatro. Desde tempos antigos, a presenza do espiritual na realidade mundana sempre deu que desconfiar, mesmo cando se admitía como posíbel; por iso na

propia Igrexa o discernimento de espíritos era unha esixencia previa para a aceptar como real. Volveo ao teatro, cando o Espectro do pai se fai ver e oír por Hamlet no cuarto da Raíña, esta, que non o ve nin o oe, pregúntalle a Hamlet con quen está a falar. Tras a resposta do fillo, retrúcalle ela que se trata dunha pura modelación do seu cerebro e que se debe á loucura, doenza que ten moita habelencia para a produción de creacións incorpóreas. O propio Hamlet, un pouco antes, concibira dúbidas sobre a realidade do Espectro e a verdade da súa mensaxe, considerando a posibilidade de que fosen unicamente imaxinacións propias, torpes coma a fragua de Vulcano. Querendo resolver tal dúbida, argallara a estratexema de que unha troupe de actores representase diante do Rei, como acusándoo para que se delatase, unha traizón homicida e incestuosa semellante á que este, segundo o oráculo do Espectro, cometera co pai.


En RVB non hai lugar ao engano. Nin sequera á dúbida. Claramente se nos advirte a espectadores e lectores, no caso daquelas pezas cuxa trama basea na intervención de sombras e espectros, que tanto estes coma a historia que soportan, son produto dun soño ou do maxín tresvariado do personaxe primario: Rosa en *Agasallo de sombras*, Esther en *Rastros*, Don Esmeraldino en *A burla do galo*. Non poden ser algo obxectivo, independente da ciencia e a crenza do individuo. Agora ben, son inmensamente pertinentes desde o punto de vista significativo, porque reflicten con propiedade o carácter doente e a situación interior conflictiva do personaxe primario. As tres cousas –a advertencia, a causa e a significación– están patentes no referente a *Rastros*. Moncho, Xan e Iago, os tres personaxes secundarios, son presentados desde o principio como simples sombras; así, na extensa didascalía que introduce o “Tempo 3¹¹”. Un pouco máis adiante, eles mesmos se din que non son de carne e óso, nin sequera están realmente alí onde as súas sombras apareceran, isto é, no cuarto onde Esther, agora entubada no hospital e subtraída in extremis ao suicidio frustrado, cortara as veas e case se escoara do sangue. Se non están onde a imaxinación de Esther os está proxectando ao reproducir na doenza tempos e

11 Vidal Bolaño 1998c, p. 13.

sucesos da súa problemática relación con eles, onde están, pois logo? Anda cada un á súa vida, sen querer ou poder saber das leas da pobre muller. Poida que estean onde –tamén isto maxinado pola enferma corrixíndose– di Moncho: “Ti (Xan) vas camiño do aeroporto! Iago apodrece en Alcalá Meco! E eu ínflome de callos nunha taberna de merda, como cada xoves! Só somos unha lembranza difusa nos recunchos da súa memoria. Unha chea de promesas incumpridas. Nada. Tres caras borrosas nunha puta foto que nin saberá onde demo garda¹²”.

A novidade que supón este tratamento das sombras en relación con aqueles que achamos en *Hamlet*, na *Tentation de saint Antoine* e mesmo nalgunhas pezas de Otero, aínda non sendo tan grande a diferenza, é moi importante. Consiste en que nas obras de Vidal Bolaño estrutura as pezas ás que se aplica, en canto define o punto de vista, o principal dos factores que dan forma ás obras artísticas e, máis concretamente, ás literarias. Se a isto engadimos a súa pertinencia significativa verbo do tema e da problemática do mundo representado, decatámonos axiña do peso que ten na dramaturxia de RVB. Podería apoñerse que isto só vale para tres ou catro das súas obras, as enriba referidas. Dunha maneira estrita, é admisíbel a obxección. Así e todo, debe recoñecerse tamén que en moitas outras obras súas aparecen personaxes semellábeis ás sombras e espectros dos que vimos tratando; por exemplo, as figuras de: a Morte en *Bailadela da morte ditosa* e n’*A burla do galo*, o Tolo de Cira en *Días sen gloria*, o Vinchas en *Doentes*, Xan de Nartallo n’*As actas escuras*. E algo semellante acontece con certos trazos de personaxes e sucesos doutras pezas, coma *Saxo tenor* ou *Anxeliños*, onde as cousas están vistas e narradas desde un punto de vista desvariado ou mesmo alucinado. O narrador que testemuña e introduce as representacións escénicas dos acontecementos, é en *Saxo tenor* un vello borrachuzo, o Tío Sam. En *Anxeliños* un fato de pobres demos, entre eles Sor Anxélica, tratan de xustificar na comisaría por que mataran o Damián, irmán do xefe Charli, malia que os

12 P. 45.



salvara da ruína laboral: só porque viran nel unha encarnación do demo maior. A perspectiva ou punto de vista dá forma á obra e mais deforma a realidade representada. Xa non digamos cando quen ve e narra, é un suxeito doente ou tresvariado, como acontece adoito nas obras de Vidal Bolaño.

Non hai lugar aquí para nos alargarmos no tratamento doutras fontes da innovación na arte dramática de RVB. Algunhas danse xa nas primeiras obras, de xeito semellante ao que nos anos 60 e 70 acontece cos cultivadores do teatro independente e da protesta, coma o “nuevo teatro” español dun Martínez Ballesteros ou Romero Esteo: un teatro simbolista e alegórico, grotesco e farfante. Tamén recorre, xa daquela, a técnicas de distanciamento, a exemplo de Bertolt Brecht e da vella tradición medieval, coma a volubidade dos actores ou as súas parénteses para introducir, comentar ou resumir aspectos da trama. Aproveita, de por parte, a tradición recente de mestizaxe do teatro coa narrativa e a lírica: a interpolación de treitos narrativos, o emprego de didascalias e anotacións escénicas de contido máis lírico do que práctico para a dirección escénica e outras de carácter metateatral, o recurso a puntos de vista usados na narrativa máis innovadora, o emprego de prolepses (anticipacións) e analepses (voltas atrás ou lembranzas), o encadramento dunha acción dentro doutra, o teatro no teatro, etc. E finalmente habemos salientar o recurso a técnicas propias do cinema. O secuencialismo. As transicións mediante fundidos en negro, fundidos encadeados, encadres selectivos; personaxes e zonas do espazo escénico que xorden da escuridade e na escuridade se perden, voces en off sobre fondo negro, etc. Isto, no tocante á disposición formal e á sintaxe dos compoñentes. En canto ao contido, podemos salientar con M. Quintáns a representación en vivo de accións inusitadas no escenario e frecuentes no audiovisual: corpos espidos ou semiespidos (*Integral*, *Agasallo de sombras*, *Anxeliños*, *A burla do galo*), trebellos e xogos eróticos (*A burla do galo*), coitos (*Laudamuco*, *Bailadela*), violacións (*Días sen gloria*), suicidios (*Bailadela*, *Cochos*), homicidios (*Saxo tenor*, *Doentes*, *Días sen gloria*, *A ópera de a patación*).

4.- Un mundo de pouquidade

Os mundos recreados aos que nos transporta a obra de Vidal Bolaño, non teñen res de arcádicos ou felices. Nin sequera o das farsas da mocidade. Xa en *Laudamuco* e en *Ledaíñas pola morte do meco* domina a miseria humana, tanto dos poderosos coma dos sometidos. Sempre se nos amosa, presentado con diversa crueza ou claridade, o mundo da “pouquidade”. Este neoloxismo creado polo autor e que achamos adoito nesas primeiras obras, raramente deixa de aparecer en ningunha das posteriores. Os dramas máis duros en reflectir a pouquidade do mundo e do ser humano ben poden ser: *Doentes*, *Días sen gloria*, *Rastros* e *Saxo tenor* e, aínda que se trata dunha adaptación, *A ópera de a patacón*. Porén mesmo *Anxeliños*, comedia satánica segundo reza o subtítulo, non lles vai moito por detrás.

Máis dunha vez tense adscrito unha parte da obra de RVB á corrente do “dirty realism” (realismo sucio) cultivada na literatura norteamericana dos últimos decenios do século XX. Así, por exemplo, Inma López Silva¹³, inducíndoo da condición marxinal dos personaxes. Persoalmente, non vexo tan claramente o realismo; cústame atopar nas obras de Vidal Bolaño moitos dos operadores realistas presentes na narrativa ou o teatro naturalista, contra os que por certo reaxiu Bertolt Brecht opóndolles os recursos tendentes á consecución do chamado efecto de distanciamento ou de estrañamento, destrutores da ilusión escénica. Destoutros elementos, dos que despegan a ficción da realidade e mesmo da verisemellanza, atopo moitos e acho que sobrancean por riba dos primeiros. Acho exaxeracións deica a hipérbole en personaxes e accións, pasaxes grotescas e de farsa, interpolación de cancións, prólogos e epílogos, intermedios narrativos... O recurso ás sombras e visións subxectivas é un máis destes elementos, que nos aproximarían máis ben ao surrealismo. E, igualmente, as afinidades con Valle-Inclán en canto á deformación da figura dos heroes.

Porén, se realismo hai pouco, sucidade hai abonda, mesmo da escatolóxica (*Laudamuco*). Tamén da moral. É case imposíbel ato-

13 Cfr. p. 93.

par un personaxe bolañano merecente de xustificación desde esta perspectiva. Os seus heroes, malia as propias connaturais deformacións, amosan de cote algún trazo que os fai en certa medida dignos. Os opoñentes resultan relativamente bastante máis noxentos, ata o punto de se faceren moi noxentos. Porén, case sempre os redime un chisco o ton humorístico con que se enxergan os seus vicios e defectos. Tocante a isto hai algunha excepción. En *Saxo tenor*, por exemplo, o Home Serio está visto con xenreira e en *Doentes* pode acharse algo semellante. Os políticos e outros representantes das clases dominantes levan a peor parte. Mais case ningún deles chega a ser pintado como absolutamente indigno. Ningún, un supoñer, tan ruín e desprezábel coma o Latino de Híspalis de *Luces de bohemia*.

A referencia a este drama de Valle-Inclán vén moi ao caso. Non se pode excluír toda pegada do realismo sucio en Vidal Bolaño, sobre todo sabéndonos –como viamos hai dous anos tratando da poesía de Lois Pereiro– que a influencia de Charles Bukowski (1929-1994), principal representante desta corrente, se espallou un pouco difusamente por todos lados. O certo é tamén que nas pezas de sabor yankee e gangsteril –*Saxo tenor* e *Anxeliños*, nomeadamente– percíbense pegadas do cine e da novela negra, e do mundo de perdedores e da inmoralidade, poida que a través de James Thompson, un novelista e guionista de cine máis vello ca Bukowski. Así e todo, boa parte da sucidade moral, e aínda da estética da perda que é posíbel atopar reflectida en RVB, xa estaba na obra de Valle-Inclán. Ou, douscentos anos antes en John Gay, naquel mundo de ladróns, asasinos e prostitutas imperante en *The Beggar's Opera* (1728) que Vidal Bolaño retoma, a través de *Die Dreigroschenoper* (1928) de Bertolt Brecht, e nos achega n'A *ópera de a patacón*. Esta é, ao meu ver, a máis sucia e dura das súas creacións.

O das obras de RVB é sobre todo un mundo desesperanzado, con se cadra a pequena excepción das *Ledañas pola morte do meco*, obra de denuncia e concienciación do pobo, que remata albiscando certa posibilidade de superar a opresión.

Adoito a morte, con frecuencia a Morte personificada, ofrécese como o único destino aos heroes dos dramas bolañanos. Único

desenlace para a trama, única saída para a lea representada, única liberación posíbel para a condición desgraciada da persoa doente ou fracasada. Isto é así en case todas as pezas. En *Laudamuco* representa a única solución para a grotesca, máis ca trágica, situación á que abocaron o señor e mais o servo. En *Bailadela* asistimos á súa exaltación, aínda por riba, en forma de suicidio liberador. Este, o suicidio realizado ao xeito en que se mataban os porcos, achega en *Cochos* a redención, a reconquista da dignidade para Sebastián Rilo. En *Saxo tenor*, so a forma de asasinato, a morte constitúese en principio e fin; a que atinxe ao rapaz que ía comprar o saxo na tenda do Xudeu, desencadea a trama principal, e a do Tío Sam por mans do Home da Gabardina, destinatario explícito do relato que aquel lle fai, pecha con xustiza ou sen ela a trama principal e mais a secundaria. N'A *ópera de a patacón* o asasinato é moeda común nas relacións entre os suxeitos do submundo representado, é a maneira de Mackie o Navallas impor a súa lei, mesmo ás súas antigas amantes. En *Días sen gloria* o homicidio inflixido en escena por Ela, a prostituta nova e peregrina, sobre El, o gallofo vello, enmarca circularmente e resolve a acción principal, e por riba, un cadáver, da esposa do gallofo, acompaña silente os protagonistas todo ao longo da súa peregrinación desde terras francesas deica Santiago. En *Doentes* está a morte axexando unha noite enteira por medio dos agoiros do Vinchas, fai acenos da súa inminencia mentres imos asumindo de que xeito puxo fin ás arelas revolucionarias dos fillos dos protagonistas, e, para acabar, opera con crueldade, diante do coro das monxas de San Paio, na malleira mortal que inflixen a Cañete os rapaces da Falanxe, e mais no estouro das armas da garda do Xeneralísimo que poñen fin á vida de don Valeriano ás portas do templo. N'A *burla do galo* ten a Morte a palabra derradeira co asasinato de Don Esmeraldino, xa máis galo do que home, e mais coa lección definitiva que imparte na escena final do cemiterio. Á súa centralidade en *Anxeliños* xa nos referimos enriba. E tamén en *Agasallo de sombras*: a sombra de Aurelio Aguirre, quen uns anos antes da historia aparecera morto na praia do Orzán, é dos personaxes secundarios o principal, e el é quen dissolve a reunión rematando, a disparos da súa pistola, coa presenza das demais sombras participantes. En *Rastros*, se non se frustrase

o suicidio, só a morte satisfaría de vez o desexo, sostido por Esther desde a infancia, de ser libre coma os paxariños. Mesmo n'As *actas escuras* se entremete: a agonía e pasamento de Don Mauro, frade dominico e home de ciencia autor dun informe negativo sobre a autenticidade das reliquias do Apóstolo, enmarcan circularmente – como adoitado en RVB– a lembranza que o seu sobriño Casiano, lendo o informe nunca entregado, fai das investigacións e controversias que o tío e mais el viviran uns anos antes, na catedral e noutros ambientes composteláns, mentres preparaban o ditame.

Nun mundo tal de sucidade e morte, os demais elementos son accidentais e, por coherentes, redundantes. Tolos, borrachos e borrachas, vellos, putas, ladróns, gángsters, ricos porcos, mendigos, tísicos e enfermos de varias doenzas, coxos e outros eivados; traizóns, mentiras, trapelas, hipocrísía, infidelidade, estraperlo e demais negocios escuros; beatos e beatas falsas, frades fanáticos, cóengos con lendias e ideas curtas na cabeza, monxas mandonas, cregos untuosos, cregos desamañados; rexedores, comerciantes, capitáns, políticos miserábeis trunfando ou podrecendo na oposición clandestina. Uns e outros, todos lixados en distintos graos e perfectamente adaptados a esa atmosfera profunda de sucidade e morte. Nada estraño, pois logo, ten que a noite, o inverno, a brétema constitúan, con xusta pertinencia simbólica, a atmosfera física onde con frecuencia os personaxes se moven e os acontecementos se producen. Igual relevancia simbólica adquire a compoñente espacial. Un retrete é o espazo único en *Laudamuco*, unha grande gaiola de reixas case cortello de porcos en *Cochos*, un camarote de terceira con cinco persoas confinadas dentro durante días en *Mar revolto*, un cuarto estragado e enzoufado de sangue en *Rastros*. Un vertedoiro de lixo e esterco en varias secuencias de *Anxeliños* e d'*A ópera de a patacón*, cantinas e tabernas de mala morte en *Doentes* e *Saxo tenor*, prostíbulos en *Integral* e *A burla do galo* (e en secuencias de *Doentes* e *Días sen gloria*), un cemiterio (unha vez en *Doentes* e varias n' *A burla do galo*). Ou, resumindo, “esa clase de sitios onde, se é que non che permiten cuspir no chan da túa casa, podías ir e facelo¹⁴”.

14 Vidal Bolaño 1993, p. 7. A cita é de Jim Thompson.

5.- E Santiago, unha rexión dese mundo

Propón Inma López Silva¹⁵ a agrupación de tres pezas de RVB baixo a etiqueta dun “ciclo xacobeo”, aquelas que coida atinxiren ao tema das reliquias do Apóstolo e ás peregrinacións. Nel non inclúe *Doentes*, peregrinación nocturna de dous vellos “esperpentos” –calco intencionado de *Luces de bohemia*– por unha ducia de ambientes representativos da Compostela dos anos 50 do século XX, entre eles o tellado da catedral. Porén dá a entender un pouco máis embaixo que ben se podería facer unha agrupación diferente, incluíndo nela todas as obras que inciden sobre o tema xacobeo, entendido este adxectivo como relativo á cidade tanto ou máis do que ao santo¹⁶.

Persoalmente coido que, adrede máis do que por sorte, RVB creou un conxunto de dramas históricos sobre a súa cidade, co fin non tanto de trazar o devir dela ao longo dos séculos, canto de a entender nos trazos que mellor a caracterizan sincronicamente. O grupo comprende: *Xubileu*, *Días sen gloria*, *As actas escuras*, *A burla do galo* e *Doentes*. Poden incluírse, con menos propiedade, *Agasallo de sombras* e mais *Rastros*.

O primeiro trazo compostelán que tira a atención do autor, é o de obxecto e destino das peregrinacións xacobeas. Abórdase o seu senso e discútese a súa validez, primeiramente en *Xubileu* (estreada en 1982) e logo en *Días sen gloria* (1992), en nova versión, unha das mellores obras do autor. A acción ocorre nun fusco inverno da primeira Idade Moderna, coa cabalería a se degradar e o fenómeno das peregrinacións nas últimas dun proceso de decaemento tanto relixioso coma económico. Ecoan as obxeccións da “devotio moderna” e a sentenza “Qui multum peregrinantur, raro sanctificantur”. Curiosamente, o vello gallofo, un falso peregrino e ladrón inveterado, deféndese das obxeccións que lle pon a moza que el guía, e retórcese contra o crego que atopan nalgures tentando disuadir os peregrinos de seguiren o camiño. Coma se fose xa o único que cre nos milagres de Santiago, fai a súa derradeira viaxe e, nun arrouto de contraditoria enormidade, a única que empren-

15 L. c.

16 Cfr. p. 106.

de con fe, pois espera a resurrección da súa muller, cuxo cadáver carrega secretamente dentro dun carro de man. Por desventura, o único que consegue é a propia morte. Nin economicamente á mesma Compostela lle interesan xa os peregrinos; supóñenlle máis un perigo que cómpre afastar, ca o vello negocio do que se aproveitar, polo que só lles permite permanecer na cidade un máximo de tres días, incluídos o da chegada e o da saída.

N'As *actas escuras* enxérgase o tema da autenticidade das reliquias apostólicas. A acción relaciónase historicamente coas escavacións dirixidas por López Ferreiro so o pontificado do arcebispo Payá y Rico contra 1878-79. A cuestión resólvese máis ben en senso contrario. O arcebispo e o cabido catedralicio son pintados como axentes do escurantismo. O sabio frade don Mauro, de quen se solicitaba un informe positivo, evolúe deica a dúbida e finalmente redacta un ditame negativo, que, porén, non ousa entregar ao arcebispo. Aparte dos ámbitos eclesiásticos —a cripta, a sancristía da catedral, o pazo arcebispal, etc.— preséntansenos outros ambientes da cidade, como o dos cafés, a fonda onde se hospedan don Mauro e o sobriño, as rúas de día e de noite, a estación ferroviaria, a cuberta da catedral onde se acubilla Xan de Nartallo, a prensa tradicionalista e a liberal... A peza obtivo o premio Camiño de Santiago 1994 e non foi estreada, debido a unha especie de censura, ata 2010. Hai críticos que a consideran a mellor obra do autor. Ao meu entender, aínda que ten secuencias e transicións moi logradas, adocece de longas disquisicións e debates de tipo filosófico e histórico, que, se no espectáculo se poden disimular bastante cunha boa interpretación, na lectura resultan abondo cargosos.

N'A *burla do galo* (2000) sométese a proba a santidad de Compostela. A virtude milagreira do apóstolo sae mal parada des que foi capaz de sandar o corpo do Galo de Portugal, devolvéndoo á súa condición de home, e mais non consegue sandalo espiritualmente, xa que Don Esmeraldino segue recalcitrante e demoníaco, tanto ou máis do que antes. Con todo, o verdadeiramente salientábel da peza é que nela se vai desvelando aos poucos a falsidade da santidad das mulleres e homes máis representativos da sociedade compostelá, aquela que se reúne no casino; todos, mesmo a mocidade,

andan enzoufados en adulterios, desexos inconfesábeis, traizóns, mentiras e hipocrísias. A persoa máis casta, virtuosa e santa da cidade, a muller do Rexedor e irmá única de sete frades, réndese tamén ela ás artes demoníacas do burlador e derrétese toda perante a tentación. Os sete frades fanáticos asasinan por mor da relixión. Primeiro queiman a muller do Capitán polas relacións adúlteras que mantiña co Rexedor, e despois a Don Esmeraldino por suporse que domeara a castidade da irmá, trapela argallada en realidade polo seu criado Porfirio baixo disfrace e lección do amo.

Doentes (1998) é o gran drama compostelán de RVB. A máis negra e nocturna Compostela aí se nos dá a ver. O medo, os negocios sucios, a represión política, a extorsión, a impotencia dos desconformes, a imposibilidade de toda reacción, o desespero e a morte como únicas saídas. Ninguén é de fiar, nin sequera os heroes, agás se cadra o infeliz Cañete. E a igrexa, coas mans lixadas e a mente inconsciente, amósase perfectamente adaptada ao sistema. Nótese que o protagonista, don Valeriano, é un crego excedente e persoa pouco de fiar, como el mesmo reconece; cuxos defectos son notorios e no que apenas se achan virtudes. Alén diso, está o crego de conduta extravagante, hóspede habitual de casas de mala nota nas que pretende exercer un benéfico labor de apostolado. E, de por parte, o cura relambido e ortodoxo, amigo do poder e xustificador do elemento represor. Este tipo é vello na dramaturxia de Vidal Bolaño; así, o crego que tenta desmobilizar a protesta en *Ledaíñas pola morte do meco*. En *Animaliños* presentáranos aínda outro tipo, o que fala moito e non di nada que teña sentido.

Compostela tamén se nos amosa como o lugar onde as arelas de liberdade agroman unha e outra vez sen que acaden a florecer e frutificar. Así acontecería coas da mocidade romántica de mediados do século XIX, de cuxo fracaso serían vítimas sinaladas Rosalía e mais Aurelio Aguirre (*Agasallo de sombras*). Así tamén, un século e pico máis tarde, coas da mocidade libertaria ou revolucionaria do 68 e da transición do postfranquismo á democracia. As vítimas destouta frustración están representadas por Esther e os seus tres amigos, en *Rastros*.

Xesús Portas Ferro

Principal bibliografía consultada:

- Alonso Girgado, L. e Monteagudo, T. (1999), *Homenaxe ó profesor Manuel Quintáns*, Follas Novas, Santiago de Compostela.
- Álvarez, Rosario e Vilavedra, Dolores, eds. (1999), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, Universidade de Santiago de Compostela.
- Becerra Suárez, Carmen (2000), “A coherente aventura teatral de Roberto Vidal Bolaño”, en Vidal Bolaño, Roberto (2000), pp. 57-89.
- Becerra Suárez, Carmen e Vilariño Picos, M^a Teresa.eds. (2002), *Roberto Vidal Bolaño, escritor escénico*, TrisTram, Lugo.
- Boullón Agrelo, Isabel e Tato Plaza, Fernando R. (1989), “Introducción”, en Otero Pedrayo, Ramón, pp.7-33.
- Fernández Castro, Xosé Manuel (2011), *A obra dramática de Roberto Vidal Bolaño*, Xunta de Galicia, Edicións Laiovento, 592 pp.
- Guede Oliva, Manuel (2000), “Imposible outro alento”, en Vidal Bolaño, Roberto (2000), pp. 15-16.
- López Silva, Inmaculada (2001), “Roberto Vidal Bolaño na (re)construción do teatro galego. De Abrente a *Mar Revolto*”, en Vidal Bolaño, Roberto (2001), pp. 47-134.
- Otero Pedrayo, Ramón (1989), *Teatro de máscaras, Esquemas e proxectos*, Galaxia, Vigo, [1934].
- Paz Gago, Xosé María (1999), “Teatro da subversión. As tradicións do antroido no Teatro Galego Contemporáneo”, en Álvarez, Rosario e Vilavedra, Dolores, eds. (1999), pp. 1125-1138.
- Quintáns Suárez, Manuel (1992), “Camiños do teatro galego actual”, en Vidal Bolaño, Roberto (1992 b), pp. 5-15.
- Quintáns Suárez, Manuel (2003), “Tradición e modernidade na dramaturxia de Vidal Bolaño”, en Vidal Bolaño, Roberto (2003), pp. 41-103.
- Vidal Bolaño, Roberto (1977 a), *Laudamuco, señor de ningures*, en Idem, *Laudamuco, señor de ningures, Ledañas pola morte do Meco*, Pico Sacro, Santiago de Compostela.
- Vidal Bolaño, Roberto (1977 b), *Ledañas pola morte do Meco*, en Idem, *Laudamuco, señor de ningures, Ledañas pola morte do Meco*, Pico Sacro, Santiago, 1977, pp. 61-113.
- Vidal Bolaño, Roberto (1992 a), *Bailadela da morte ditosa (Sete baileretas de amor e unha morte)*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela.
- Vidal Bolaño, Roberto (1992 b), *Agasallo de sombras (Romaxe de feridas e de medos en dous actos e dezanove escenas)*, Editorial Compostela, Santiago de Compostela.
- Vidal Bolaño, Roberto (1992 c), *Cochos. Relatorio valeroso en dous tem-*

- pos, un prólogo e un epílogo, para porca e actor en cativerio*. Sotelo Blanco, Santiago de Compostela.
- Vidal Bolaño, Roberto (1992 d), *Días sen gloria*, Editorial Deputación Provincial, A Coruña.
- Vidal Bolaño, Roberto (1993), *Saxo tenor (Desgracia arrabaldeira improbable entre loucos, chourizos, gángsters, chulos, currantes e putas)*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo.
- Vidal Bolaño, Roberto (1998 a), *A ópera de a patacón, Versión libre para charanga e comediantes pouco ou nada subsidiados, arredor de textos de John Gay e de Bertolt Brecht*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo.
- Vidal Bolaño, Roberto (1998 b), *Doentes*, Editorial Deputación Provincial, A Coruña.
- Vidal Bolaño, Roberto (1998 c), *Rastros. Desgracia en catro tempos e unha presada de recordos*, Edicións Positivas, Santiago de Compostela.
- Vidal Bolaño, Roberto (1999), “Teatro con T maiúsculo. (Acerca do teatro de Don Ramón Otero Pedrayo)”, en Alonso Girgado, L. e Monteaugudo, T. (1999), pp. 257-264.
- Vidal Bolaño, Roberto (2000), *A burla do galo*, IGAEM, Santiago de Compostela.
- Vidal Bolaño, Roberto (2001), *Mar Revolto*, CDG-IGAEM, Santiago de Compostela.
- Vidal Bolaño, Roberto (2002 a), *Anxeliños!*, en Becerra Suárez, Carmen (2002) e Vilariño Picos, M^a Teresa (eds.), pp. 295-395.
- Vidal Bolaño, Roberto (2002 b), “Perspectivas do teatro galego actual”, en <http://bvg.udc.es>.
- Vidal Bolaño, Roberto (2002 c), *Integral*, Edicións Embora, Ferrol.
- Vidal Bolaño, Roberto (2003), *Animaliños*, Follas Novas, Santiago de Compostela.
- Vidal Bolaño, Roberto (2005), *As actas escuras*, Concello de Santiago e A Nosa Terra, [1997: AS-PG e A Nosa Terra].
- Veites, Manuel F., ed. (1998), *Do novo teatro á nova dramaturxia (1965-1995)*, Xerais, Vigo.



As artes vivas en Galicia, unha crise anunciada

Inmaculada López Silva

1.- A historia, ou de como medrou a burbulla teatral

As políticas para as artes escénicas en Galicia foron tradicionalmente un espazo do campo cultural que se foi forxando a partir das tensións entre a profesión e os sucesivos gobernos desde a Transición. Cómpre retrotraerse aos últimos anos do Franquismo e o Teatro Independente, con selo de identidade en Galicia nas Mostras de Abrente de Ribadavia (1973-1980) e mesmo na máis castellanizada sucursal viguesa das *Jornadas / Mostras de Teatro de Vigo* (1972-1979), para comprender como os primeiros pasos do proceso institucional se deron en boa medida por e para unha nacente profesión teatral que intuía os pasos imprescindíbeis para construír un sistema teatral ben definido e, sobre todo, para dar sentido ao seu quefacer artístico a través da consolidación de todos os elementos necesarios para que ese sistema funcionase de xeito efectivo (Even Zohar, 1997). Por tanto, cumpría non só contar con produtores (que eran eles), senón tamén con consumidores, repertorios, institucións e mercados teatrais, elementos inexistentes por aquela altura nunha Galicia contemporánea en cueiros que procuraba, ademais, reconstruírse cultural e identitariamente deixando atrás as cinsas da Ditadura. Nin que dicir ten que, daquela, e durante moitos anos despois, as artes vivas en Galicia foron engulidas polo teatro como estandarte dunha cultura do espectáculo galega na que a danza, a maxia, o circo e outras artes performativas só comezaron a facerse cun espazo a fins dos anos noventa do pasado século.

A partir de que en 1978, cando Roberto Vidal Bolaño dá o paso da profesionalización da súa compañía Teatro Antroido, algo muda xa nas relacións entre as compañías que o seguen e

se autodefinen coma profesionais, e a Mostra de Ribadavia, que se converte, por iso, na plataforma de reivindicación case sindical desa nacente profesión. Ribadavia supuxo o espazo de diálogo coas institucións políticas que habían artellar nos anos seguintes a autonomía cultural que viña outorgada pola aprobación do Estatuto (1981); de resultas, xurdiría na vila ourensá un xermolo de artellamento institucional que, se ben afectaría nun primeiro momento ao tecido produtivo (primeiras asociacións profesionais, primeiras cooperativas de compañía, etc.), axiña se había proxectar ao tecido político baixo unha concepción moi europea e, sobre todo, afrancesada: aquela vella idea de Jean Vilar do teatro (e a cultura en xeral) como servizo público, igual ca o gas, a auga ou a electricidade (Vilar, 1986; López Silva, 2004), fermoso concepto que tivo que ver coa política cultural española na Transición (Rubio Aróstegui, 2003: 46).

Eses antecedentes protosistémicos e, en realidade, protopolíticos, de Ribadavia teñen unha conexión directa co establecemento das políticas culturais galegas nos oitenta, políticas que van marcar decisivamente o devir da organización total do sistema teatral galego ata a actualidade. Luís Álvarez Pousa, a quen o vicepresidente da Xunta, Xosé Luís Barreiro Rivas, encargara a tarefa de realizar unha xestión efectiva da Consellería de Cultura da que era titular Filgueira Valverde, era un xornalista novo moi vencellado vitalmente coa efervescencia cultural do momento, que participara nas Mostras de Ribadavia e coñecía de primeira man as demandas da Profesión teatral. Por iso unha das súas primeiras decisións foi abrir unha canle de diálogo para establecer unha política teatral que fose xerando un factor fundamental en todo sistema teatral que tivese vocación de servizo público: o sistema institucional. Foi a partir dese compromiso entre Profesión e ámbito político que se creou o Centro Dramático Galego (1984) baixo a crenza, que os anos demostraron certa, de que un estándar institucional podería ser o mecanismo que dese ao sistema teatral o pulo que o sector produtivo necesitaría para sobrevivir: apertura de canles de financiamento, consolidación de redes de distribución e mercados, organización de públicos, etc. O CDG

sería o foco desde o que o Executivo emanaría teatralidade galega a través de producións propias e, axiña, a través dunha política de coproducións que, efectivamente, deu pé á aparición dun novo repertorio, formas de facer, compañías, traballadores da posta en escena, etc.

O modelo elixido por Álvarez Pousa tivo o acerto de implicar o sector profesional na súa propia xestión desde a crenza na acción político-cultural como servizo público no que as institucións poden servir como guía, como sucedeu co propio CDG e, uns anos despois, co IGAEM, institución que nacería, xustamente, para xestionar de xeito organizado e executivo a relación (sobre todo económica) entre as empresas de artes escénicas e o sector público.

Mais houbo un problema derivado disto: desde fins dos 80 as dinámicas do sistema teatral foron facéndose progresivamente dependentes das institucións culturais públicas. Estas, centradas na promoción da creación e distribución de cultura, non estaban a contribuír a que o sector produtivo, afianzándose aínda na súa condición profesional, consolidase o seu público consumidor.

Isto fixo á Profesión teatral galega aporisticamente cada vez máis dependente do ámbito institucional como consumidor inicial dos seus produtos, ou, se non, como mercado inicial no que os espectadores non sempre foron quen de soste o teatro galego co seu propio consumo.

Dalgún xeito, o propio devir das políticas teatrais en Galicia durante os 90 provocou a medranza dunha sorte de *burbulla teatral*, isto é, un sistema financeiramente autoorganizado e autorreferencial que non se sostén grazas ao consumo, senón grazas á súa propia *raison d'être* institucional. Se as finanzas do teatro melloraron, isto foi porque o propio sistema institucional as fixo medrar a través da subvención como mecanismo de financiamento directo que deixaba en segundo lugar o afianzamento das estruturas produtivas desde o consumo. En Galicia, por tanto, déuselle a volta á famosa curva de Baumol arredor da “fatalidade dos custos” nas

artes vivas¹: no caso galego, a “lagoa de produtividade” propia destas actividades tendeu a ser paliada puntualmente polo público, mentres que o Estado, a través das subvencións e da programación teatral en espazos da Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA), se convertía, en realidade, no principal consumidor do teatro galego pois nela se factura arredor do 70% do mesmo. Por iso, agora que o Estado deixou de financiar as artes vivas, estas caen, pois non só non posúen un público consumidor que as sosteña, senón que este foi concibido dentro das dinámicas do sistema non como investidor principal, senón como simple corrector da natural eiva do mercado das artes vivas, función que é difícil de mudar coa présa que esixen os tempos de crise.

Por outra banda, a importancia institucional outorgada ao CDG como primeira compañía do teatro galego, impediu en ocasións, ao longo das dúas décadas que seguiron á súa creación, que de feito o sistema produtivo puidese desvencellarse totalmente dos espazos públicos de creación, dos que, ademais, dependía fortemente canto ao financiamento. Manuel Guede, actual director do CDG que tamén o foi no período 1991-2005, ten definido en varias ocasións a compañía pública coma “o buque insignia” do teatro galego. Fóra da consideración canónica que encerra a denominación, o certo é que en Galicia as consecuencias desa forte canonicidade do CDG produciron en ocasións certos desaxustes a respecto dun sistema privado que, se ben por unha banda dependeu fortemente da política de contratacións da compañía pública, tamén vía cómo, noutras, era incapaz de competir coa forte visibilidade do CDG. Esta, se ben nunha primeira época (aproximadamente entre 1984 e 1990) foi quen de arrastrar consigo todo o

1 Baumol e Bowen (1966) explicaron como Lei de Fatalidade de Custos a tendencia natural deficitaria das artes vivas polo simple feito de selo. Ao non se poderen definir como industria por non produciren en serie, estas actividades presentan unha lagoa de produtividade causada porque os seus custos e gastos aumentan á medida que o seu consumo se esgota. Isto provoca que, para o seu sostemento, cumpra ou ben aumentar o prezo do consumo (difícil en contextos socioloxicamente refractarios a estas actividades) ou ben inxectar capital desde outras vías. Os estados de benestar optaron, por isto, por establecer medidas públicas de financiamento das artes vivas, fosen directas (subvencións e axudas) ou indirectas (medidas fiscais, fomento do consumo).

teatro galego, foi progresivamente invisibilizándoo, á medida que se constataba, en realidade, que nin o teatro público nin o privado eran quen de conquistar eses públicos chamados a soste o mercado das artes vivas, mais que observaban, desde as marxes do sistema, como esa función recaía esencialmente nas institucións públicas.

2.- Dos pros e os contras da conversión do IGAEM en AGADIC

A definición do teatro como servizo público, no sentido de Jean Vilar antes mencionado, ten que ver, en realidade, coa consideración democrática dunha organización das institucións que entende a cultura e os seus produtos como bens públicos ou cidadáns, feito que xustifica en si mesmo non só a intervención por parte do Estado (a través das institucións que, nun sistema representativo, se atribuirían directamente á elección cidadá), senón, sobre todo, ao seu sostemento con fondos públicos. En efecto, se consideramos, como dicíamos, que a propia economía das artes vivas implica que estas precisen dunha inxección de capital non derivada necesariamente da súa simple exhibición, a definición destas actividades como bens públicos con implicacións estatais implica, necesariamente, o compromiso do Estado co sostemento dese sector produtivo. O mesmo que sucede, por certo, con outros sectores deficitarios máis, imprescindíbeis nos Estados europeos actuais, coma a agricultura, tamén fortemente subvencionada.

Un repaso rápido pola configuración do sistema institucional cultural nos 80 e os 90 demostra que esta foi a premisa básica do seu proceso de emerxencia, centrándose no ámbito produtivo (o único verdadeiramente existente e organizado) baixo unha crenza razoábel: o asentamento dunha produción escénica potente dinamizaría de seu os demais factores do sistema (consumidores, mercado e renovación do repertorio, esencialmente). Dalgún xeito, efectivamente, iso foi o que aconteceu; mais, case trinta anos despois, nin o ámbito do consumo nin o do mercado (como vimos de explicar) maduraron o suficiente como para poder definir o sistema teatral galego como autónomo.

Seguramente de todas as accións políticas procedentes desa consideración pública das artes vivas, a máis significativa sexa a creación en 1989 (efectiva desde 1991) do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), que nacía, segundo a Lei que o crea, para “o desenvolvemento da política cultural en relación coa produción, promoción e difusión das actividades do teatro, da danza e da música²”. Nacía, por tanto, como unha entidade con total autonomía canto á xestión, aínda que no seu Consello Reitor se integraban fórmulas de control colexiadas (representantes dos partidos políticos con representación na Mesa de Cultura do Parlamento e un membro designado polo Consello da Cultura Galega). A entidade viña establecerse como o referente organizativo para a canalización da intervención do Estado galego sobre as artes escénicas, especialmente no ámbito económico (convocatorias e concesión de subvencións, coproducións, etc.) e da distribución, este último materializado, en 1996, a través da creación da RGTA para a distribución de ámbito local con subvención autonómica, que se ve reforzada desde 2007 pola Rede Galega de Salas. Polo tanto, o Executivo (cómpre lembrar que nun acordo dos partidos que formaban a Mesa de Cultura do Parlamento Galego) xeraba unha institución que incidiría directamente sobre a elaboración dun mercado teatral, baixo tutela institucional, no que a promoción da produción (demanda constante da Profesión teatral) seguía a ser o pilar básico.

En 2008, porén, a estrutura do IGAEM modificase e créase a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC) vencellada a un Plan Galego das Artes Escénicas que nunca chegou a implementarse. O cambio viña causado por unha forte vontade do novo goberno bipartito PSOE-BNG (2005-2009) de modernizar e rees-

2 Cómpre indicar que xa en 1984, isto é, nos propios inicios da cultura institucional, se realiza un primeiro borrador para a creación dun organismo autónomo que xestionase a política das artes escénicas en Galicia canto á súa promoción e difusión, á imaxe e semellanza do INAEM. Era o Instituto Galego das Artes do Espectáculo (IGAE) e o seu proxecto foi encargado ao daquela director do CDG, Eduardo Alonso. O seu proceso de creación, en realidade, ponse en marcha en 1986, aínda que é en xuño de 1987 cando entra no Parlamento de Galicia o borrador do proxecto de lei para a súa creación.

trutar un sistema ao que, por aquela altura, xa se lle detectaba o problema estrutural do que vimos falando: a ausencia dun público consumidor que o sostivese.

O deseño da Axencia, malia todo cunha vontade máis claramente política ca a do anterior IGAEM³, parte dunha mudanza sutil mais, na miña opinión, claramente perceptíbel, que ten que ver cun erro na consideración económica das artes escénicas derivado, en realidade, dunha viraxe liberal na consideración da relación entre teatro e Estado⁴. Partindo da necesidade de crear un novo organismo autónomo especializado para o “desenvolvemento do tecido empresarial propio do mercado cultural galego”, a AGADIC procura unha función moito máis específica ca a do IGAEM e claramente virada cara ao lado puramente mercantil e profesional das artes vivas.

Miguel Martín, xerente do IGAEM por aquela altura e artífice da súa conversión en AGADIC, ten expresado posteriormente a súa dúbida arredor da necesidade de considerar o teatro un servizo público (Xestoso & López Silva, 2012). Unha opinión deste tipo aséntase, en realidade, nunha vontade economicista (errónea desde a definición económica das mesmas de Baumol e Bowen) de considerar as artes escénicas industrias que deberían xerar produtividade dun xeito autónomo e non desde a tradicional tutela estatal que Martín consideraría improdutiva. A nova organización,

3 A Axencia ten tamén unha estrutura de goberno que constaría dun Consello de Dirección e un Director (artigo 7º), pero o Consello de Dirección está formado exclusivamente por membros do goberno: presidido “pola persoa titular da Consellaría con competencias en materia de cultura”, está integrado tamén polo Director Xeral de Creación e Difusión Cultural e o seu Subdirector Xeral, por un representante da Consellería de Innovación e Industria con rango de Director Xeral e por un representante da Consellería de Economía e Facenda con rango de Director Xeral. A Dirección da AGADIC é o órgano executivo ao que corresponde a xestión; a persoa encargada da mesma sería nomeada polo Consello da Xunta por proposta do titular da Consellaría correspondente en materia de cultura. Para integrar dalgún xeito os sectores profesionais na estrutura da AGADIC, engádese un Consello Aesor cuxos votos non son vinculantes en ningún caso.

4 O artigo 3º da Lei 4/2008 establece como obxectivo da AGADIC “o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego, cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos, e na asignacións de ingresos suficientes e estables”.

que tamén modificaba considerabelmente a estrutura interna da institución, viña insistir na necesidade de entender que o Estado non tiña que sostener un sistema produtivo completo, senón fomentar a súa progresiva autonomía e acceso ao capital privado que dinamizase un mercado máis liberalizado.

Vista así, a intención semella razoábel, mais as características do sistema galego das artes escénicas dificultaban a posta en práctica dun modelo que esixe unha capacidade elevada de acceso ao capital privado, sexa a través de financeiros, sexa a través do consumo particular dos públicos, dos que non só se carecía, senón que se vería aínda máis dificultado coa chegada da crise a fins de 2008 e, por suposto, a definitiva posta en dúbida por parte da opinión pública da necesidade do investimento de capital público na cultura cando as necesidades dun país case en bancarrota semellaban moito máis inmediatas ca o sostemento das artes escénicas.

Polo tanto, a mudanza ideolóxica nese proceso economicamente liberalizador das artes escénicas tiña unha certa fondura estrutural e chegaba, na miña opinión, non só nun mal momento, senón que era inapropiada dadas as circunstancias previas. Unha modificación deste tipo só podería asumirse con garantías de financiamento que nin a AGADIC nin o Plan Galego das Artes Escénicas aseguraban, e despois dun proceso de reestruturación produtiva e, en realidade, sistémica, que no teatro galego xamais se dera. A dependencia a respecto das institucións públicas era excesiva e estas, novamente, cometían un erro básico: tentar modificar as estruturas produtivas sen prestar atención realmente á necesidade de fortalecer as estruturas de consumo e financiamento desde o propio Estado para preparar a progresiva retirada deste. Iso, evidentemente, non aconteceu así.

3.- Unha crise ou unha reconversión consciente?

É a economía a que explica a crise das artes escénicas en Galicia? Non só. Máis ben parece que se trata da política e dun complexo devir sistémico que viu como, coa chegada da crise financeiri-

ra, se deu nas artes escénicas en Galicia a tormenta perfecta. En fin, que, dadas as circunstancias de partida, se algo podía ir mal, iría. De feito, foi.

Nese senso, quixera expor aquí a hipótese de que a crise de 2008 foi un acelerador conxuntural de certos males que arrastraba o teatro galego e que só serían resolúbeis en época de bonanza tanto económica como política, e con moita vontade dun sector profesional que, de darse as dúas circunstancias anteriores, habería de estar disposto a unha progresiva reestruturación que o puxese en condicións de adquirir cotas de autonomía empresarial e económica.

Mais nada disto foi así. A crise de 2008 non só esnaquizou calquera posibilidade a medio prazo de bonanza económica, senón que conduciu tamén a un repregamento político que, en aras dunha mal entendida “austeridade” (tal cousa aplicada de xeito moi específico, ademais, ao sector cultural e educativo), foi elaborando un discurso de contención do gasto en cultura que, ao meu modo de ver, agachaba a vontade política de reconverter o sector das artes vivas. Podería extraerse esa conclusión, e así o entendeu o sector profesional, das declaracións de Juan Carlos Fernández Fasero, director da AGADIC entre 2008 e 2012, cando indicaba á prensa que “Quizais o modelo destes 25 anos que elas [as compañías] pediron non era o bo” (La Voz de Galicia, 28-10-2011). En consecuencia, o sector produtivo tendeu a unha oposición frontal a todo tipo de cambio no que, efectivamente, semella o peor momento para mudanzas.

A AGADIC reduciu os seus orzamentos totais de 2012 a 2013 nun 38,95%, entre os que as axudas á produción descenderon, segundo a partida, entre un 66% e un 28%. A estes datos cómpre engadir a constante redución do capítulo de axudas desde 2010 que, experimentando un recorte drástico de máis do 40% nos orzamentos de 2011 naquelas partidas vinculadas á produción escénica en vivo (actividade escénica, crédito cultura, distribución e salas privadas), afrontaba 2012 devindicando gastos: deixaba para 2013 un orzamento de axudas á actividade escénica que deixaba para ese ano só 150.000 euros e para 2013 os 550.000 restantes. Malia

que, desde fontes gobernamentais, se insiste nunha redución orzamentaria algo menor cá anterior, o certo é que a AGADIC sofre en 2013 un recorte orzamentario de arredor do 50%. Alén diso, as consecuencias desta crise no sector poden apreciarse tamén a través dalgúns datos do Observatorio da Cultura do Consello da Cultura Galega: a Xunta de Galicia reduciu o seu orzamento para o fomento das actividades culturais un 55% desde o comezo da crise; os espectadores de teatro caeron en Galicia entre 2009 e 2011 en algo máis de 118.000; entre 2009 e 2012, o emprego cultural perdeu en Galicia 2.800 traballadores.

A defensa dos intereses propios da profesión das artes vivas en Galicia, liderado pola Plataforma das Artes Escénicas⁵, converteuse, por tanto, na defensa da existencia do propio sector tal como se coñecía antes da crise, especialmente ante a incerteza dun futuro que, sen consumidores en forma de espectadores nin financiamento, público ou privado, se debuxa difícil ou de consecuencias terribéis para un sistema que, en realidade, aínda era relativamente emerxente.

A xulgar polos xestos emanados das institucións políticas, podemos deducir *grosso modo* en qué consistiría a devandita reconversión do sistema teatral galego, sempre na liña liberalizadora que se encetou, en realidade, coa propia creación da AGADIC en 2008 nos termos que analizamos antes. A crise, de certo, fixo evidente a incapacidade do Estado Autonómico para soste- r tal como o viña facendo as artes vivas, altamente financiadas publicamente.

Caben dúas posibilidades: ou optar polo mantemento da axuda estatal combinada habilmente con algún tipo de medida indirecta

5 Trátase dunha organización creada en 2012 que aglutina diversas entidades representativas do sector: AAAG (Asociación de Actores e Actrices de Galicia), Escena Galega (Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas), DANESGA (Asociación Profesional de Danza Escénica Galega), Salas De Teatro Privadas, AFEARTE (Asociación de Festivais de Artes Escénicas), ASILGA (Asociación de Ilusionistas de Galicia), UNIMA GALICIA (Unión de Marionetistas de Galicia), Asociación Alumn@s da ESAD, APCG (Asociación de Profesionais do Circo de Galicia). Tamén conta co apoio de AGAG (Asociación Galega de Guionistas), Revista Núa, Revista Galega de Teatro e a Asociación de Amigos do Teatro de Vigo.

(de carácter fiscal ou de consecución de préstamos a baixo xuro cun aval do Estado difícil de lograr en plena crise de confianza nas finanzas públicas) para soste en termos cualitativos e cuantitativos o sector produtivo das artes vivas en condicións semellantes ás anteriores a crise; ou optar pola diminución do propio sector, de xeito que as medidas anteriores (sexan o financiamento directo unicamente ou unha combinación do directo co indirecto) sexan máis rendíbeis e, en realidade, supoñan un investimento menor. Esta segunda opción de adelgazamento do sector parece ser a posta en práctica por parte da Xunta e da AGADIC a través de decisións que camiñan evidentemente nesa liña: redución drástica das axudas á produción e á distribución e retraso no pago de axudas á RGTA que impiden directamente a programación e a contratación⁶. A isto cómpre engadir a xa tradicional incapacidade do público para soste o teatro galego, un sostemento que, de existir, quizais podería non só paliar os efectos adversos da tendencia á austeridade institucional, senón amplificar a voz do sector profesional a modo de demandas lexítimas duns consumidores que, ata agora, tamén pagaron o seu teatro en forma de impostos. Alén diso, a subida do IVE cultural ao 21% non axudou a que os consumidores de artes vivas⁷ puidesen paliar a caída en picado dunha profesión que deixou de acceder ao financiamento, ás posibilidades de distribución e ao adiamento dos pagos practicamente ao mesmo tempo.

A economía e a política crúas só permiten intuír que todo isto ten consecuencias artísticas devastadoras. Unha diminución do diñeiro investido en arte e en cultura non só ten como resultado a caída dun sector produtivo importante en termos económicos e laborais, como vimos, senón que implica, tamén, un menor acceso da cidadanía a actividades que a fan máis culta, crítica e demostradamente feliz, dereitos naturais do Estado de Benestar. Alén diso, a cultura foi, durante todo o século XX, un factor fundamental

6 Estímase que en Galicia se perderon máis de 1000 funcións de teatro entre 2009 e 2011, segundo datos da SGAE.

7 Estímase que o sector das artes vivas viu reducido nun 31,43% o seu público e un 33% os seus ingresos por consumo entre o 1 de setembro e o 31 de decembro de 2012, segundo datos de FAETEDA (Federación Estatal de Empresas de Teatro y Danza).

na conformación da identidade galega e no artellamento dun feito diferencial que se constituíu en modelo político e modelo de convivencia cunha alta capacidade para a cohesión colectiva e o desenvolvemento intelectual dos galegos e as galegas.

Os procesos que vimos de describir no ámbito das artes escénicas, parellos a moitos procesos noutros sistemas do campo cultural, demostran nunha sorte de efecto dominó que as mudanzas en calquera dos sistemas que conforman a sociedade, nomeadamente os culturais, teñen consecuencias na percepción colectiva e, por tanto, na paz social, nos niveis de satisfacción cidadá e, sobre todo, nos procesos de cohesión grupal que garanten, en última instancia, que iso que chamamos Galicia non só teña un sentido, senón que exista para unhas maiorías que, ata agora, partían do acordo de que iso era así.

A pregunta derradeira, evidentemente sen resposta, é se será esta crise a que sirva como escusa para que ese acordo se modifique e a identidade, definitivamente, mude. Máis aínda: a que novo modelo de identidade nos conduce isto? E, en definitiva, estamos a ser as cidadás e os cidadáns os artífices dos novos acordos sobre a nosa identidade cultural?

Inmaculada López Silva

Bibliografía:

- Baumol, William J., Bowen, William G., *Performing arts – The economic dilemma. A Study of Problems common to Theatre, Opera, Music and Dance*. Hampshire: The MIT Press, 1966.
- Even-Zohar, Itamar, *Factors and Dependencies in Culture: A Revised Outline for Polysystem Culture Research* en *Canadian Review of Comparative Literature* XXIV: 1. 15-34, 1997.
- Culture planning and cultural resistance in the making and maintaining of entities* en *Sun Yat-sen Journal of Humanities* 14. 45-52, 2002.
- López Silva, Inmaculada, Vilavedra, Dolores *Un abrente teatral. As Mostras e o Concurso de Teatro de Ribadavia*. Ed. Galaxia, Vigo, 2002.
- Lamapereira, Antón, Riobó, Pedro P. *Entrevista a Luís Álvarez Pousa* en *Revista Galega de Teatro* 39. 6-15, 2004.
- López Silva, Inmaculada, *O Centro Dramático Galego, coma o gas, a auga ou a electricidade* en *Grial* 162. 116-123, 2004.
- Rubio Aróstegui, Juan Arturo, *La política cultural del Estado en los gobiernos socialistas: 1982-1996*. Ed. Trea S.L., Oviedo, 2003.
- Vilar, Jean, *Le théâtre, service public, et autres textes*. Ed Gallimard, París, 1986.
- Xestoso, Manuel, López Silva, Inma, *O teatro amosa a súa desolación* en *Tempos Novos*, 186, 2012.



Este vaise, e aquel vaise...!

Xosé Luís Barreiro Rivas

1.- A pantasma da emigración percorre Galicia outra vez

En cinco anos que levamos de crise un total de 73.215 galegos buscaron futuro na emigración, 2/3 para asentarse noutras comunidades autónomas de España (Madrid, Cataluña e Canarias principalmente), e 1/3 para buscar traballo en diversos países de Europa, Asia e América, con preferencia notable por Alemaña e outros países centroeuropeos. De acordo cos datos facilitados polo INE, nos nove primeiros meses de 2012 saíron de Galicia 11.900 persoas, que supoñen o 283% da cota emigratoria rexistrada en Galicia dez anos atrás. E por iso non resulta esaxerado dicir que a pantasma da emigración volve a percorrer Galicia enteira, non só polas zonas rurais e desindustrializadas, senón tamén polas zonas urbanas –Vigo e A Coruña– que moi pouco atrás simbolizaban a xei-

ra de urbanización e crecemento do noso país.

Pero este drama da nova emigración dista moito de expresarse na frialdade dos números, xa que, dos 73.215 emigrantes rexistrados dende 2008, os comprendidos entre os 16 e os 29 anos acadaban a arrepiaante cifra de 43.554 persoas, equivalentes ao 59,4% do total. Un 44% dos mozos emigrados saen das nove cidades –de máis de 30.000 habitantes– que ten Galicia actualmente. E esas cifras fálannos no só dun desangrado social de repercusións demográficas irreversibles, senón tamén dunha emigración esencialmente cualificada, que, tendo sido formada con xenerosos recursos polo sistema universitario galego (SUG), contribuirá co seu saber ao desenvolvemento progresivo de países que xa se atopan entre os máis ricos do mundo. Perdemos

xente, xa que logo, e perdemos recursos. Debilitamos dramáticamente o nos tecido social, e deixamos esmorecer sen remedio o tecido económico xerado nos sectores industrial e de servizos. E, cando empezabamos a pensar que chegara a hora de rexenerar o país, e sandalo das feridas recibidas por unha emigración secular e por unha grave desestruturación da poboación, estamos acelerando de feito cara a un país de vellos e de clases pasivas, que pronto terá enormes dificultades para financiar os servizos públicos máis esenciais.

Alén dos efectos económicos desta sangría migratoria, cada vez son máis os sociólogos e psicólogos sociais que alertan da grave circunstancia de que a maioría destes mozos emigrantes van consolidar os seus proxectos vitais –matrimonio, fillos e unidade familiar ampla– noutras comunidades ou en países estranxeiros, polo que será enormemente difícil que, nunha situación de fragilidade económica coma a que estamos enfilando, atopemos incentivos e axudas para futuros retornos. E por iso podemos estar ante o

comezo dunha nova diáspora coma a que caracterizou a emigración galega na etapa americana e nos primeiros anos da emigración á Europa Central.

Diante deste enorme problema, que a finais do século XX parecía case erradicado, a primeira tentación que sentimos é a de maldicir a crise, dando por suposto que a ela lle debemos todas as causas deste mal, e supoñendo incluso que unha política que diverxese do duro axuste ao que estamos sometidos podería reducir ou paliar este drama. A tentación sófrena especialmente a Xunta e os órganos especializados do Estado, que atopan na crise a obvia causalidade que lle evita posteriores pescudas sobre tan grave fenómeno. Pero esa visión, que en boa parte é certa, constitúe tamén un engano para pailáns, co que só se pretende botar terra sobre unha realidade política e económica que debería ser axiña revisada. Porque moito antes da crise xa era evidente que a economía de Galicia era incapaz de asumir non só aos traballadores de baixa e media cualificación, senón tamén, e moi especialmente, ás crecentes

masas de mozos que cun perfil profesional altamente cualificado están condenados a escoller, na súa inmensa maioría, entre o subemprego ou a emigración.

Hai xa moitos anos que unha boa parte dos nosos estudantes encontraba emprego en Madrid e Barcelona. E, aínda que é certo que esa emigración ao interior de España pode ser analizada dun xeito menos dramático, coma se fose un éxito da modernización e progreso da sociedade galega, tamén é verdade que as causas esenciais do problema xa quedaban retratadas nesa etapa e nese modelo migratorio, que non debemos supoñer que ten cambiado radicalmente polo simple feito de ollalo a través dos mouros vidros da crise. Aceptarei de entrada que nin son eu a persoa nin é este o lugar para analizar as eivas do noso sistema produtivo, a crise permanente que subxace no sistema dende o intre da reconversión industrial, e os altos custos orzamentarios que ten un sistema que dilapida unha enorme cantidade de recursos nun modelo de ordenación territorial –cada vez máis disperso e irracional– que fai

insostible as infraestruturas e servizos comunitarios. Pero iso non me impide alertar sobre o feito de que, obrigados a malgastar cada vez máis en inversións non produtivas, e incapaces de anovar e tecnificar ata niveis adecuados o noso tecido empresarial, será imposible inverter a curto ou medio prazo a dirección actual dos saldos migratorios. E iso xa non ten que ver coa crise financeira que estamos atravesando, senón coa crise permanente dun país moi mal diagnosticado e peor gobernado dende hai moitos anos, e que só cos inmensos recursos recibidos do Estado e dos Fondos Europeos de Cohesión foi capaz de disimular a dramática sensación de que estamos empuxando o tren por unha vía trabucada.

2.- *Tu quoque, Pescanova?*

Símbolo e evidencia do que estamos dicindo é –despois do afundimento das Caixas, do esgotamento das áreas comerciais, e da ringleira de quebras e despedimentos que afecta ás pequenas e medianas empresas– a inesperada e incomprendible crise do xigante Pescanova

va. Os que teñen a profesión de informados, que en Galicia medran coma os fentos, explícanme nestes días que iso xa se vía vir, que xa se viñan producindo liortas e manobras no Consello de Administración que alentaban a morto, e que se eles falaran máis dalgún empresario de éxito –deses aos que en Galiza sempre se lles dá unha pátina de patriotismo financeiro– terían que fuxir do país. Non quero ocultarlles que, postos a saber, tamén eu sei algunhas cousas que me amolan moito e me permiten dar certas explicacións que adoitan ser moi celebradas nas ceas con amigos. Pero eu négo-me a resolver esta crise cunha análise económica simple coma a que lle poderíamos aplicar a unha empresa calquera, e non quero deixar de amosar a fonda rabia que me produce o comprobar que unha boa parte da nosa épica empresarial e financeira –que tantas veces nos tapou a boca remitíndonos a Breogán– estaba protagonizada por verdadeiros atordados –ou peor aínda, aproveitados– que só poden exhibir como méritos magníficas herdanzas, un paraíso de oportunidades xeradas ao

socairo dun Estado intervencionista, e as inercias imparables dun crecemento xeneralizado que agora non resiste as bafaradas, perfectamente previsibles, da crise.

Por todo o dito renuncio a facer unha análise das causas da crise e do grao de viabilidade da crise de Pescanova, e no seu lugar só quero proclamar que non hai dereito. Non hai dereito a que unha empresa posuidora dun nicho comercial tan vizo-so e de tan curta realización de beneficios, acabe xerando volumes de débeda que, máis aló de ser disparatada, non acerta sequera a fixar, e mesmo precisa dunha nova ampliación de 100 millóns de euros que poden levala a ser inviable nos termos actuais. Non hai dereito a que esa débeda traia orixe, máis alá dunha mala xestión ou de investimentos pouco medidos, a que se carguen á débeda moitas innovacións e ampliacións que deberan ser afrontadas con incrementos de capital.

Tampouco hai dereito a que as cuantiosas axudas entregadas a Pescanova no tempo de Fraga non servisen para afianzar as estruturas empresariais,

e que foran desviadas cara ao obxectivo pseudopatriótico de manter a estrutura de capital á conveniencia de certos socios ou familias. Non hai dereito a que a impresionante expansión de Pescanova, centrada especialmente no sector extractivo e na comercialización directa dos elaborados de alta mar se fixera nun marco cheo de ángulos escuros que agora cuestionan a verdadeira dimensión e viabilidade do proxecto. E non hai dereito, finalmente, a que, no medio da que está caendo, se nos volva a espetar o aburrido e insoportable discurso de que temos que salvar a galeguidade e a viabilidade da empresa, coma se Galicia fose un territorio económico alleo aos modelos empresariais e bursátiles europeos, e como se os galegos de a pé mantivésemos obrigas de gratitude con empresarios que non están á altura das circunstancias. Alguén terá que proclamar un día que a galeguidade será o que queira pero non cotiza en bolsa, nin vale para avaliar préstamos, nin fai bo ao empresario que é malo ou irresponsable, nin dá de comer aos traballadores, nin cambia o cariz dos capitais, nin é a cau-

sa –non sexamos parvos– de por que as empresas se asentan aquí. Así que, polo que a min respecta, xa poden espelirse en Pescanova, porque a min dáme igual mercarlle os lagostinos a Fernández de Sousa ca mercarllos a José Carceller. E quen non estea de acordo con este discurso quizá teña que poñerse en contacto co novo BNG –que é soberanista e independentista, e soña cunha Galicia rica en recursos e potencialidades– para pedirlle unha empresa nacional, intervida pola Xunta, e á marxe dos modelos comerciais e financeiros que rexen en Europa. Porque hai xa moito tempo que eu non creo nesa andrómene.

3.- O Club Deportivo de A Coruña, de símbolo a chapuza

Incluso para os que nacemos do Tambre para abaixo, onde se asenta o viveiro de seareiros do Real Club Celta de Vigo, o Deportivo da Coruña, o de César Lendoiro e Arsenio Iglesias, e o que ao mando de Irureta escribiu as mellores páxinas do fútbol galego, chegou a ser símbolo de éxito e modernidade, e orgullo dun país como Galicia

que, cunha estrutura de pequenas cidades e infinitas aldeas ten que facer fronte aos retos da sociedade globalizada e tecnolóxica.

Pero aquel mesmo club que asombrou co seu fútbol nos mellores estadios de Europa e chegou a tratar de igual a igual aos mellores e máis tradicionais clubs da *Champions League*, fica hoxe convertido nunha representación paradigmática das pésimas aventuras financeiras do recente pasado, cunha crise de xogo que o mantén no derradeiro posto da táboa da Primeira División –en apertada e fratricida disputa co Celta de Vigo–, cunha situación de 100 millóns de euros en débedas que ameazan seriamente a súa continuidade como equipo, e cun desprestixio social dos seus reitores e responsables que pon aos pés dos cabalos ás mesmas persoas –Lendoiro nomeadamente– que foron considerados líderes sociais dunha cidade que chegou a creerse tocada pola man do deus Mercurio.

O problema do Deportivo é ao mesmo tempo económico e simbólico, e a súa gravidade revélase polo feito de agromar

nunha época chea de problemas económicos e simbólicos: caída de Caixa Galicia, venda do Banco Pastor, crise xeneralizada do modelo comercial iniciado por Francisco Vázquez e perda do artificioso centralismo que se quixo soerguer contra Galicia a partir do esquema cidade-aldea no que os coruñeses se arrogaron para si mesmos un papel estelar de pretendidas raíces históricas.

Xa que logo, unha vez comprobado que en termos xeográficos o centro de Galicia tampouco é A Coruña, e que as dinámicas de empobrecemento demográfico non respectan a ninguén, todo apunta a que a cidade da Coruña está chamada a redefinirse e reconstruírse a partir dun novo modelo, nun proceso que, se ben é certo que afecta a toda Galicia e á mesma cidade de Vigo, amosa na Coruña as especiais dificultades de quen ten que descender da ilusión á realidade, e de quen fixo depender o seu futuro dunha fuxida cara a diante que finalmente resultou insostible.

De todo iso lémbrome cada vez que vexo ao Deportivo coqueteando coa terceira divi-

sión. E de todo iso falo coa soa intención de poder evitar esta crise engadida, se é que aínda estamos a tempo.

4-. O PSdeG-PSOE está ensimesmado

Eu fun dos que crin que Pepe Blanco, ex ministro de Fomento e ex-vice secretario xeral do PSOE, acabaría facendo política en Galicia e para Galicia, e que desa política ían xurdir un liderado sólido, un PSdeG-PSOE estabilizado, e unha alternativa viable, aínda que non necesariamente exitosa, ao PP de Núñez Feijoo. Tamén cría que Pepe Blanco estaba disposto a intentar esta aventura aínda que fose a costa de sacrificar a súa cómoda e oportuna representación en Madrid, e que, ademais de ter folgos e experiencia suficientes para intentalo con éxito, tamén gozaba dun certo consenso –o maior dos consensos neste intre posibles– entre os militantes galegos do PSOE.

Pero o destino de Pepe Blanco está escrito nos xenes deste país, que cada vez que ve xurdir unha esperanza que procede de

circuítos alleos ao dominio tradicional da sociedade galega, á que lle recoñecen competencia para producir non só un cambio de poder e de proxecto, senón tamén –e sobre todo– un cambio profundo das elites políticas sociais e empresariais, acoden sempre a cortalo, aínda que sexa a costa de permanecer na mediocridade estéril e no inmovilismo absoluto.

Seguindo o máis vello e máis covarde costume, tan vil como infalible, a Pepe Blanco non lle plantaron batalla de cara e na política, senón polas costas e no xulgado, sabedores de que un xuíz investigando é igual que un catedrático examinando: que se quere leala léaa, e se quere que algún bo rapaz se quede no camiño dificilmente ha fracasar no empeño. E aí está xa embarrancado nunha investigación lenta, trapalleira e seguramente condenada a concluír en auga de borrallas, pero que para o poder dominante tivo dúas virtudes xa conseguidas: a de poñer a Blanco fóra da carreira polo poder galego e pola reconstrución do PSOE, e a de darlle ao Partido Popular un contrapunto mediático para

contrapoñelo co caso Bárcenas, antes de que o regreso da xuíza Ayala ao caso dos ERE de Andalucía lle ofrecese aos telexornais de TVE mellores vantaxes comparativas.

Lamento de veras este incidente e este proceder de certas institucións sempre dispostas a instigar e de outras que nunca teñen arrestos para frear estas estratexias político-xudiciais sen antes deixalas amolecer e podreecer en detrimento da imaxe e das lexítimas aspiracións dos que deberían atopar protección na Administración de Xustiza. Lamento que, cando saibamos que o de Pepe queda en nada xa será tarde para todo, e xa estarán conseguidos todos os obxectivos espurios –incluído o

de difama que algo queda– que pretenden os xestores desta lea saducea. Lamento que o PSOE de Galicia non poida poñer na liña de saída ao único corredor que tiña un bo plano da ruta e que estaba chamado a gañar a meta con todos os loureiros. E lamento, sobre todo, que Galicia siga sendo campioa de España e de Europa na noxenta arte de cortarlle as ás aos mellores, de arrombar nas cunetas aos máis experimentados, e de elevar ao cume aos máis leves e condescendentes.

Claro que, cando expresan preferencias, todas as miñas análises son discutibles. Pero o pesimismo das conclusións non.

Xosé Luís Barreiro Rivas



8 de marzo: Día internacional da muller

Xoán Bernárdez Vilar

*Filla do rei galego,
sabella chamábase a doncela,
que por Zerbino en amoroso lume
quéimase tempo ha.*

Orlando Furioso.

Ludovico Ariosto (1474-1533)

Se ben que nos máis antigos documentos, inscricións, ou relatos orais, tanto expicios coma hebreos, ou que proceden dos vellos e destacados imperios do medio oriente, hai mencións dabondo sobre mulleres de sobresalientes méritos do seu tempo, a verdade sexa dita, entre nós, neste solar da vella Gallaecia, sobre o que se conservan textos e referencias a partir do século VIII a. C., ademais dalgunhas outras máis antigas aínda, se ben que dubidasas, nada máis que xeneralidades sabemos acerca das nosas mulleres daqueles intres.

Teremos que chegar aos tempos inmediatamente anteriores

ao cambio da Era para sermos sabedores da importancia social, e quizais tamén relixiosa, das mulleres galaicas, así como que elas tomaban parte nos combates, ademais de coidar dos fillos e das cousas da casa. Elas eran as *Matribus Galaicis* dos textos. Mais ningún documento, nin sequera os irlandeses que se ocupan de Breogán, da súa Torre e dos seus fillos, ou os autores nados na Gallaecia, coma Paulo Orosio e Idacio Lémico, nos transmiten o nome de ningunha delas. A primeira que coñecemos, foi a lendaria e viúva raíña Lupa, señora das terras próximas ao actual Padrón, que no século I d.C. deu acollida á non menos fantástica barca que traía os restos do Apóstolo.

Coa chegada do cristianismo a esta terra xurdiron moitas santas, unhas apócrifas, e reais outras, sobrevivindo tamén o fascinante relato da benaventu-

rada peregrina Etheria, –ou *Exe-ria*–, que, a finais do século IV, se convertería na nosa primeira escritora coñecida. Sabemos, así mesmo, os nomes dalgunhas das seguidoras de Prisciliano, aproximadamente polo mesmo tempo, así como os de determinadas raíñas consortes, ou os das numerosas mulleres que figuran nos testamentos medievais.

Mais debemos de nos ocupar tamén da princesa que figura na estrofa coa encabecemos este comentario, datable nos comezos da Reconquista. Pois, aínda que Ariosto imprimise a súa, por moitos motivos, fantástica obra *Orlando Furioso* no ano 1516, o contexto da mesma é moi anterior. Porque Orlando –Roldán–, un dos afamados cabaleiros do emperador Carlomagno (742-814), caera o 15 de agosto do 778 en Roncesvales. O que obriga a situar antes desta data os acontecementos que Ariosto relata. Como consecuencia, esa posiblemente imaxinaria princesa *Isabella*, da que fala, e á que fai orixinaria de Baiona, ten que ser tamén anterior en varios anos á morte de Orlando. *Isabella*, ademais, sería inmortalizada polo extraordinario pintor, ilus-

trador e escultor Gustave Doré (1832-1883), quen a retratou no momento do seu naufragio nos acantilados da costa da Aquitania.

Seguindo a nosa procura lembremos que famosas pola súa influencia política foron, xa no século XIV, as irmás Xoana e Inés de Castro, que casaron con senllos Pedro I, un de Castela, e o outro de Portugal. No século seguinte, pasou a primeiro termo entre as nosas donas Constanza de Castro, filla do Mariscal Pardo de Cela, o que fixeran decapitar en Mondoñedo os Reis Católicos. Constanza de Castro, xunto co seu home Fernán Arias, mantivo a rebelión fronte ás forzas absolutistas ao longo dun ano, dende o seu castelo de Vilaxoán, preto de Foz, ata que a epidemia causada pola corrupción das augas do seu pozo a levou á tumba.

Dacabalo dos séculos XVI-XVII viviu a sorprendente Isabel Barreto de Castro, posiblemente de ascendencia portuguesa, aínda que nada en Pontevedra, quen, ao enviivar do navegante Álvaro de Mendaña, continuou coa súa expedición polo Pacífico, descubriendo as illas

Salomón e Marquesas, converténdose despois na primeira Almirante da Historia.

Case que ao mesmo tempo, o 14 de maio de 1586, Maior Fernández de la Cámara y Pita –María Pita– facía fronte ao Almirante inglés Drake na Coruña, inflamando os seus defensores e pelexando con espada e pico, ao ver como na loita caía o seu propio marido.

Aínda a risco de deixar algunha no tinteiro, entre as posteriores, lembremos a filantrópica Concepción Arenal (Ferrol, 1820 - Vigo, 1893), xornalista por afección, novelista, visitadora de prisións, construtora de vivendas para obreiros, defensora da abolición da escravitude e da necesidade da asistencia domiciliaria, e que, entre as súas numerosas publicacións, deixounos a de *El visitador del Pobre*.

Recollamos tamén a Rosalía Castro de Murguía (Santiago, 1837 - Padrón, 1885), aínda que aforremos repetir innecesariamente, por sabido, canto supuxo para a cultura e as letras.

Emilia Pardo Bazán (A Coruña, 1852 - Madrid, 1921),

memorable polígrafa, a pesar de todo rexeitada pola douta corporación da Real Academia Española, e catedrática de literaturas estranxeiras na Universidade Central.

Carolina Otero Iglesias –Bella Otero– (Ponte Valga, 1865 - Niza, 1965), cantante, bailarina e actriz, universalmente famosa no mundo do espectáculo, aínda que quizais tamén cortesá.

Máis próxima a nós, Antonia Ferrín Moreiras (O Carballiño, 1914 - Santiago, 2009), autora, hai 50 anos, da primeira Tese de Matemáticas e Astronomía de Galicia, ademais de dar clases de balde, fora alumna do profesor, astrónomo e sacerdote Ramón María Aller (Lalín, 1878-1966). Licenciada nada menos que en catro carreiras, Antonia Ferrín padeceu, lamentablemente, una auténtica persecución ideolóxica que motivou que o Observatorio Astronómico da USC languidecese durante anos.

Día Internacional da Muller: esposas, nais, *Matribus Galicis*, traballadoras, profesoras, investigadoras, psicólogas, médicas ou enfermeiras, administrativas e un longo etcétera.

1.- Audiovisual

Co gallo do cincuenta aniversario do pasamento do xornalista e escritor Julio Camba Andreu (Vilanova da Arousa, 1884 - Madrid, 1962), os cineastas Emilio Fernández e Alfonso Castaño veñen de realizar para a produtora Faro unha longametraxe sobre a súa vida e obra: *O meu nome é Camba* é o título da mesma. Miguel Llanderas Barrio é quen encarna o protagonista, mentres que o guión foi realizado por Fermín Galindo, profesor da USC. De Julio Camba, home agora relativamente esquecido, consérvanse varias obras que podemos considerar como autenticamente inmortais: *Londres* (1916), *La rana viajera* (1920), ou *Aventuras de una peseta* (1923). Mais tampouco poderemos esquecer nunca a súa breve crónica *Cambados y Ginebra*, na que compara os debates que daquela se facían na Sé das Nacións Unidas, coas trapelas e argalladas dos avogados cambadeses.

2.- As Letras

O 19 de febreiro, a editorial pontevedresa Kalandraka re-

cibiu no Pazo de El Pardo, en Madrid, de mans do Príncipe de Asturias, o Premio Nacional ao Mellor Labor Editorial e Cultural 2012. O director da mesma, José Ballesteros, comentou que o proxecto da editorial era “non didáctico, mais si educativo”. A Editorial Kalandraka, que principiou as súas actividades no ano 1998, de xeito especial ao servizo do libro tanto infantil como xuvenil, ata hoxe leva recollendo un impresionante número de premios.

De todos é sabido que o próximo 17 de maio cumpriranse cento cincuenta anos da impresión e publicación en 1863, en Vigo, de *Cantares Gallegos*, a obra de Rosalía Castro (Compostela, 1837 - Padrón, 1885) que sinala o renacemento da nosa literatura. Ese día foi designado tamén como o Día das Letras Galegas. Pois ben, a partir do 22 de febreiro pasado, antevéspera do nacemento da escritora, véñense dando xa recitais de *Cantares Gallegos* en todo o país, como oportuno xeito de conmemorar a aparición dos mesmos. En Ourense, alumnos de 15 nacionalidades leron a tradución dos poemas rosalianos ás súas dife-

rentes falas. Actos semellantes están a se dar nas diferentes poboacións do país.

O 28 de febreiro a Real Academia, no seu Salón de Actos, na Coruña, fixo a presentación do *Diccionario de alimentación e restauración* (galego-castelán-inglés). Intervíñeron o entón aínda presidente Xosé Luís Méndez Ferrín, Valentín García Gómez, Secretario Xeral de Política Lingüística, e Manuel González González, o coordinador da obra.

O pasado 23 de marzo, e como homenaxe ao que fora Presidente dunha e Director da outra, Francisco Fernández del Riego, que no mes de xaneiro pasado tería cumprido os cen anos de idade, a Real Academia realizou un Plenario Extraordinario na Sé da Fundación Penzol, en Vigo.

O emotivo acto evocouno na voz tanto da mantedora do acto Malores Villanueva, coma de cantos nel interviñeron, e mesmo no Plenario Público que se celebrou a continuación.

3.- Banda deseñada

Norberto Fernández (Pontevedra, 1967) deixou aos 21 anos

un emprego aceptablemente remunerado, para se dedicar á ilustración da súa vida: ser ilustrador tanto de Banda Deseñada coma de novelas gráficas, especializándose nas eróticas e de ciencia ficción. Os seus debuxos foron habituais nas revistas *Golfiño* e *Eros Comix*, se ben a súa obra máis representativa parece ser a de *Erika, la novia de la oscuridad* (2007). A finais do pasado ano, e con guións de Jimmy Palmiotti e Justin Gray, Norberto Fernández publicou nos Estados Unidos a novela gráfica *Retrovirus*, ben recibida pola crítica daquel país. O 28 de febreiro Norberto Fernández presentou a obra, aínda en inglés, na librería Banda Deseñada, en Vigo.

4.- Cine e Teatro

O venres 15 de marzo, a TVG estreou unha serie-documental titulada *As Raíces da Galicia Industrial*. A directora da mesma é Xisela Franco (Vigo, 1978), persoa xa con experiencia no xénero documental, e a súa produtora, Faro. O traballo abrangue o desenvolvemento da nosa industria dende o século XVIII ata hoxe, a través de 13 capítulos, con achegas dos arquivos e

museos do país, entre eles o Pacheco, o Museo de Pontevedra e o Museo Massó, así como entrevistas a empresarios actuais que viviron parte do desenvolvemento, tanto do sector conserveiro coma do naval, o téxtil, a minería, as comunicacións, a industria alimentaria, a electricidade, os balnearios, etc. Cada capítulo ten unha duración duns 30 minutos.

Ao día seguinte a mesma emisora proxectou outro novo programa, *Ribeiras*, que se vai ocupar dos oficios do mar, no que mulleres e homes son os protagonistas. Foi realizado por Producións Celta, e no seu primeiro programa ocupouse de personaxes de Muros, Malpica, Meira, Moaña....

Entre os días 13 e 17 do mesmo mes, tivo lugar a IX edición do Festival Internacional Play-Doc, de Tui. Ao longo destes cinco días asistiron arredor de seis mil espectadores. Convidado de honra do mesmo foi Ross McElwee. Comezado o festival cun documental sobre os Beatles, nel foron proxectados, tamén, 7 filmes galegos, así como outros seis do cubano Nicolás Guillén (1938-2003). Entre os

que optaban ao Premio había un filme chinés, un búlgaro, outro estadounidense e outro irlandés, *Le libraire de Belfast*, da directora Alessandra Celestia. O xurado concedeu o máximo galardón do Festival á película búlgara *Sophia's last ambulance*, de Ilian Metev, quen recibiu a nova a través do móbil, pois naquel intre atopábase en Croacia. Nela aborda os problemas dunha sociedade ao bordo do colapso, na que tres paramédicos tratan de salvar vidas utilizando unha ambulancia con unidade de reanimación, debuxando con ácido humor o panorama sanitario do país.

5.- Etnografía

O inventario do noso Patrimonio Cultural supera xa os tres mil bens: capelas agochadas, torres medio arrombadas, cruceiros despercebidos, pedras de antigos castros, etc. Trátase dun catálogo comezado hai uns dous anos coa intención de preservar este Patrimonio e evitar o seu deterioro final. Polo de agora, a área de maior número de bens inventariados correspóndese coa zona do Barbanza e da Costa da Morte. Tamén se in-

clúen nel os bens en inminente perigo de desaparición polo seu estado de abandono.

Víctor López (Vigo, 1973), que a pesar da súa mocidade leva xa anos a laborar coma conservador e restaurador, traballou na Catedral de Compostela, na que atopou unhas pinturas do século XVII. Dende o ano 2003, está destinado no prestixioso *Victoria & Albert Museum* de Londres, onde ten a misión de conservar e manter a réplica do noso Pórtico da Gloria que se exhibe nel dende o ano 1866, xunto con outras moitas e admirables réplicas da arte mundial. Antes Víctor formárase na Escola de Conservación e Restauración de Pontevedra. Outra das súas preferencias é a Rede Europea de Museos de Arte Islámico, que engloba o Padroado da Alhambra, pois atráeo enormemente o recto das xesarías nazarís.

6.- Novas en Xeral

Ángela de la Cruz (A Coruña, 1965), e Pedro Barbeito (A Coruña, 1969), son os dous únicos galegos incluídos no *ranking* 2012 de artistas de relevancia

mundial. A primeira, que estudara na Universidade de Santiago, vive agora en Londres, onde realiza esculturas non convencionais, sendo considerada como unha auténtica perfeccionista. En canto a Barbeito, que reside en New York, pinta sobre temas de desbordante imaxinación, inspirándose na historia, nos cómics, nos videoxogos e tamén no cine e na televisión.

Cadrande co cincuenta aniversario da súa fundación, a Fundación Penzol vén de catalogar 115 documentos, entre os que se inclúen cartas dende Cachamuña ata Castelao e Cela, incluídas outras moitas, entre elas tamén de Murguía, Laxeiro ou Cunqueiro, así como unha de Castelao na que se ocupa do Estatuto. Tales documentos foron dixitalizados mercé a un convenio coa Fundación Cidade da Cultura.

No acceso á que foi a súa Consulta, na rúa Policarpo Sanz, en Vigo, a Irmandade da Sanidade Galega e mais o Colexio Oficial de Médicos de Pontevedra renderonlle unha homenaxe ao oftalmólogo compostelán Antón Beiras García (Santiago 1915 - Vigo, 1968),

creador do aparato que denominou Vigoscopio, dedicado á corrección do estrabismo. O acto consistiu na colocación dunha placa na porta do edificio, sendo presidido pola súa viúva, a pedagoga Antía Cal (La Habana, 1923).

Xosé Luís Méndez Ferrín (Ourense, 1938), profesor, académico e autor capaz de acadar os máis brillantes premios da literatura do país, dimitiu o pasado 25 de febreiro do seu cargo coma Presidente da nosa Academia, para o que fora elixido en xaneiro do 2010. É dicir, que se mantivera á fronte da Institución pouco máis de tres anos. Parece ser que, dun xeito ou doutro, no seo da mesma existían certas diferenzas. Un xornal foráneo destapou a posibilidade dunha actuación, pola súa banda, de certo nepotismo na contratación de empregados, mentres que outros falan do interese de determinadas entidades para colonizar, ou manipular, a RAG. Como consecuencia, e a pesar das moitas comunicacións de apoio que recibiu para que rematase o mandato, Ferrín, entendendo que se atopaba fóra de lugar, o 13 de

marzo seguinte certificou a súa saída, abandonando ao mesmo tempo o seu posto como Académico Numerario. Con tal motivo, houbo quen botou man de eufémicos comentarios, que o consideraron como procedente “do alto liñaxe dos McFerrin, corsarios escoceses”, que é “un señor galego, un fidalgo español ou un príncipe celtibero”. Como único autenticamente destacable deste lamentable suceso, atopamos o Premio Otero Pedrayo co que o escritor foi distinguido cinco días despois do seu abandono.

7.- Premios

O 14 de febreiro o xornalista xubilado Víctor Iglesias Viqueira (Vigo, 1947, aínda que afincado na valmiñorana Sabarís) resultou gañador do premio Cartas de Amor convocado polo concello de Nigrán. Un Premio que era apto nada máis que para maiores de 55 anos.

A Asociación Galega de Editores concedeu o pasado 15 de marzo á Fundación Penzol o Premio Fernández del Riego á difusión do ámbito editorial e cultural do ano 2012. Con

todo, resulta por demais importante que este galardón recaese, precisamente, na Fundación da que o propio Fernández del Riego fora director ao longo de tantas décadas. No mesmo acto, que tivo lugar no Auditorio Mar de Vigo, foron concedidos os Premios Ánxel Casal, que, no apartado da Edición Histórica, recaeron en: Edicións Toxosoutos, Edicións do Cumio e Teófilo Edicións. No apartado do Libro de ficción, premíouse *Morgana en Esmelle*, de Begoña Caamaño Castiñeiras (Vigo, 1964); o de Libro de non ficción, a *O rastro que deixamos*, de Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947), e o Díaz Pardo ao mellor libro ilustrado, a *Cartas de Inverno*, de Antonio Seixas. Outros premios foron o do libro infantil para Leticia Costas, Kalandraka; o X.M. Álvarez Blázquez, para Fina Casalderrey Fraga (Xeve, 1951), mentres que o da mellor iniciativa editorial recaeu na pontevedresa OQO films.

Os Premios da Crítica en Galicia, con Sé en Vigo, veñen de cumprir 35 anos de existencia. A efeméride foi aproveitada para promover unha nova iniciativa:

os sábados culturais, que se realizarán cada primeiro sábado de mes e que principiarán a partir do 6 de abril próximo. Ao mesmo tempo foi anunciada a presentación dunha obra que resume a memoria da Fundación, dende o ano 1978 ata hoxe.

8.- Universidade

O 28 de xaneiro, festa de San Tomé de Aquino, patrón dos Estudantes, e a proposta da Facultade de Física e Química da universidade viguesa, o Catedrático emérito da Universidade de Salamanca, Julio Casado Linarejos, e o escritor vilalbés Agustín Fernández Paz foron investidos como Doutores *Honoris Causa*. O Doutor Casado solicitou no acto que se eliminen as diferenzas entre Ciencias e Humanidades.

9.- Varia

Carlos Mella (A Estrada, 1930), autor, economista e político, foi nomeado o 4 de febreiro Presidente da Fundación Castelao, con Sede en Rianxo, substituíndo no cargo a Avelino Pousa Antelo, recentemente falecido e presidente da mesma

ao longo dos últimos 23 anos. Esta fundación data do 1984 e dela era xa membro fundacional o novo Presidente.

O pasado 16 de febreiro tivo lugar na Alameda da Praza de Compostela en Vigo, lugar no que residira as súas últimas décadas da súa vida Francisco Fernández del Riego (1913-2010), unha homenaxe ao mesmo no centenario do seu nacemento. No acto tomaron parte a irmá do extinto, a Fundación Peña Novo, a Real Academia, a Xunta, membros do grupo A Roda, diferentes personalidades e escritores, así como a Asociación columbófila Galega, que soltou simbolicamente cen pombas, unha por cada ano.

Dous días despois, tamén en Vigo, o Centro Ramón Piñeiro presentou o libro *Epistolario de Álvaro Cunqueiro e Alberto Casal (1955-1961)*, dous grandes amigos en vida: Cunqueiro nado en Mondoñedo e falecido na cidade olívica (1911-1981), e Alberto Casal nado en Beceerreá, notario e hábil columnista que, cando o facía, asinaba simplemente C.

O 26 de febreiro o profesor Carlos Sixirei Paredes, direc-

tor tamén da Fundación Celso Emilio Ferreiro, e dentro do ciclo Economía, Historias e C. C. Sociais, organizado pola Agrupación Cultural O Facho, impartiu unha lección sobre *Os galegos nas independencias latino-americanas*. O Doutor Sixirei Paredes é autor de numerosas obras históricas. A súa conferencia foi dada na Real Academia Galega, na Rúa Tabernas, A Coruña.

A Asociación Encrucillada, o Instituto de Estudos Chai-regos e a Asociación Xermolos promoveron unha homenaxe ao desaparecido compañeiro de Encrucillada, Bernardo García Cendán (Vilalba, 1941-2012). Esta consistiu na presentación do libro *Unha alborada nova*, no que se recollen as cantigas, os pregos e diferentes textos da súa autoría. A obra foi presentada na Casa da Cultura de Vilalba, o 8 de marzo, e na Galería Sargadelos de Lugo, o día 12.

Xosé Fernández Ferreiro (Nogueira de Ramuín, 1931), xornalista, poeta e autor de máis de dezaioito obras, foi recibido na Real Academia Galega o 9 de marzo pasado. Fernández Ferreiro, nos seus comezos integrante do Grupo literario Brais

Pinto, tratou nos seus escritos non só dos afiadores, senón que tamén deu á imprenta as primeiras obras do Oeste e de Ciencia Ficción da nosa literatura. E en 1985 fíxose merecedor do Premio Galicia de Periodismo. No acto da súa recepción, Ferreiro fixo unha exposición acerca das difusas fronteiras entre a literatura e o xornalismo, sendo respondido por Manuel Rivas (*A Coruña*, 1957), poeta, escritor e tamén xornalista.

Facendo agora un breve resumo doutras das moitas actividades do período do que nos ocupamos hoxe, digamos que:

- Arredor do 20 de xaneiro salientouse moito a recente aparición do testamento do famoso Mariscal Pero Pardo de Cela, decapitado diante da Catedral de Mondoñedo o 3 de outubro de 1483. Tal testamento, porén, parece non ser autógrafa, xa que data de arredor do ano 1515, o que o fai posterior ao seu pasamento.

- En febreiro, o Centro Ramón Piñeiro para a investigación das Humanidades, de Compostela, cumpriu os seus primeiros 20 anos de frutífera andaina. Ao mesmo tempo, o Centro Coreográfico levou por

numerosas localidades do país o ballet *Quebranos*, coa colaboración da Escola de Danza Maite Quiñones, mentres que a gaiteira Cristina Pato centrou no Gaiás o seu espectáculo *Galicia Connection*, 2013.

- No mes de marzo o Teatro de Aquí representou *Criaturas* de Roberto Vidal Bolaño, mentres que no Ferrol tamén se evocou a súa figura con *Vidal Bolaño recuperado*. No Gaiás celebrouse *Concerto para bebés* e a V Bienal Literaria do Centro Pen. O Museo Massó, de Cangas, incorporou ao seu fondo valiosas pezas romanas, ao tempo que Campolameiro avanza no seu proxecto interdisciplinar sobre a Arte Rupestre, na compañía da citania de San Cibrao de Las –ou das Lás– na que foron adxudicadas obras para a posta en marcha do seu Centro de Interpretación da Cultura Castrexa. Seguiron tamén as Palestras da A.C. o Facho da Coruña, co doutor en Psicoloxía José Martínez-Romero Gandós, que falou sobre *Un galego do Alén-mar*, ás que debemos de engadir, así mesmo, as conferencias do Instituto do Val Miñor.

Xoán Bernárdez Vilar



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

1.- Un ola e un adeus

Ola, amigos e amigas lectoras desta carta trimestral, que quere ser carta de esperanza, cando menos recollendo anacos da vida do mundo e da Igrexa que nos remitan a vivir as horas e días coa ilusión na fronte e no corazón! Nestes últimos días e semanas parece coma se todo quedase secuestrado polo feito eclesial da dimisión dun Papa, Bieito XVI, e polo da elección do seu sucesor, Francisco. Sen embargo, non seriamos fieis ao significado fondo destes feitos, se nos esquecésemos de que Galicia, España, o mundo, segue vivindo, loitando, sufrindo e desesperando, e quizabes soñando tamén con que algo por fin cambie, e, polo tanto, agarrándose coma a ferro ardente a calquera sinal que apunte nesta venturosa dirección. Prestándolle atención, como é debido, ao vai-vén dos Papas, non

deixaremos de ollar para outros feitos que nos axudan a soster a esperanza na vida cotiá do mundo e da Igrexa.

2.- O adeus de Bieito XVI

Como son as cousas!, se hai quince días a palabra e os teclados enchíanse de consideracións referentes á dimisión do Papa Bieito XVI, agora, elixido xa o novo Papa Francisco, parece coma se unha sombra de esquecemento deitase sobre o seu nome, a súa figura, a súa traxectoria e, maiormente, sobre o seu xesto último: a dimisión. Normal ou non a cousa, desexamos facernos eco do que supuxo para o conxunto da Igrexa o adeus de Joseph Ratzinger como Papa. En xeral petou positivamente na conciencia de case todo o mundo. A imaxe do Papa Xoán Paulo II debaténdose entre a vida e a morte e sostendo contra vento e

marea o testemuño do seu ministerio apostólico, aínda que a moitos/as lle parecese sublime, a moita xente, sen embargo —entre a que nos contamos—, parecíanos máis ben patético, e non propio dunha institución que debería saber que os cargos son tales mentres as persoas estean capacitadas para exercer os servizos que lles van asociados. Claro que á contra partíase dunha concepción do papado case absolutamente divinizado, e daquela que un Papa deixase de ser Papa era algo así como se Deus deixase de ser Deus. Había que selo e sostelo ata as últimas, aínda que xa non se puidese responder das tarefas encomendadas.

E esta foi, ao noso ver, a gran achega, achega profética, que Bieito XVI lle fixo á Igrexa: desbancar esta concepción do papado e abrírnos a un entendemento do mesmo máis normal, máis humano, máis funcional, e, polo tanto tamén, así o cremos, máis de Deus. Un é Papa mentres poida desempeñar satisfactoriamente as funcións das que, por ser Papa, ten que responder. Pensamos que, ao respecto, haberá un antes e un

despois desde a dimisión de Bieito XVI; xa nada será igual na mente de quen acceda ao papado e no conxunto da Igrexa que contemple a súa ancianidade, e con ela o seu posible deterioro.

Sobre as razóns desa dimisión, temos as palabras da persoa que a levou a cabo: cansazo, falta de forzas físicas e espirituais para darlle cara ao que debería afrontar, que na conciencia do Papa, sabendo todo o que sabía, debía ser moito. Precioso este recoñecemento polo que ten de realista, de humano e tamén, polo tanto, de espiritual. Os anos non pasan en balde, para ninguén, os achaques mingúan as posibilidades reais das persoas, e a maiores estaba ao redor de si esa “recua de lobos” que non eran precisamente factores de alento e de apoio. Non nos estraña que cobizase o silencio do mosteiro vaticano, onde rezar e acougar á espera dun ósculo final máis grato ca o dos eclesiásticos desconsiderados.

3.- O ola do Papa Francisco

Porque foron así, coma un ola, as súas primeiras palabras dirixidas a miles de persoas que

se congregaran na praza de San Pedro para seren as primeiras en ver o rostro do novo Papa naquel serán do 13 de marzo. “Pero aquí estou”. E o que estaba alí era un xesuíta de 76 anos, que estaban sendo arcebispo e cardeal na cidade de Bos Aires, onde se significara ata o presente por un estilo de vida sinxelo, pobre, achegado ao mundo da xente pobre e marxinal, próximo ao pobo ata nas formas máis cotiás de andar, comer, viaxar, compartir, pero, ao mesmo tempo, recio e contundente cando houbo que defender a dignidade dos máis débiles da sociedade ante os abusos dos políticos, como en Arxentina foron os Kirchner. Máis brando, menos belixerante, parece ser, se mostrou coa ditadura de Videla, polo que, no nome de toda a xerarquía de Arxentina xa no seu momento pedira perdón ao pobo. Polo demais, un home de talento conservador, defensor tamén dos temas que normalmente defende a xerarquía católica (sería imposible que non fose así), pero tocado, iso parece, por dúas paixóns revolucionarias, sobre todo cando se xuntan nunha soa persoa: a paixón por Deus, pola súa amizade e inti-

midade, e a paixón pola xente máis débil, pola súa amizade tamén, pola súa intimidación. Deus e tenrura, Deus como tenrura, parece ser o seu lema de vida, unha tenrura que non é debilidadade, senón fortaleza.

Temos que recoñecer que, cobizosos como andamos por atopar razóns para a esperanza –tan necesitados estamos delas!– o rostro, as palabras, os xestos do novo Papa acenderon en nós unha lapa de ilusión que oxalá se converta en laparada inmensa que nos queime, que nos arrastre no traballo por unha Igrexa renovada, pobre ao servizo da xente pobre. “Como me gustaría unha Igrexa pobre e para os pobres”, confesoulles aos milleiros de periodistas aos que recibiu no día seguinte da elección, e aos que tamén lles revelou a suxestión última do arcebispo emérito de Sao Paulo, o Cardeal Claudio Hummes: “Non te esquezas da xente pobre”. Recomendación que o levou, dixo, a escoller o nome de Francisco, o santo da pobreza e tamén o santo da paz; o santo espido, en coiro, ante os poderes do mundo que o querían aloumiñar, e o santo da viaxe de

irmán onde o sultán sarraceno, co que as tropas cristiás mantiñan guerra encarnizada.

O seu falar sinxelo, totalmente comprensible, de persoa fondamente crente, pero sen concesións a grandes propostas teóricas, quedou de manifesto desde o primeiro momento da súa posta en escena desde o balcón vaticano. Se a iso lle sumamos a conciencia de ser chamado e elixido como bispo de Roma, e desde aí ao servizo de toda a catolicidade; se a iso lle engadimos o xesto tan significativo de demandar do pobo a oración para facelo obxecto a el da bendición de Deus, antes de que el tamén lla ofrecera ao pobo, e así outras cousas que nos días sucesivos foron sucedendo, todo apunta a que estamos outra vez ante un Papa bo, que nos empuxará a superar o mundo dos debates estériles para envolvernos a todos nunha praxe do amor, da solidariedade, que é a única que dá sentido e razón da existencia e da actividade da Igrexa.

Traballo non lle faltará ao Papa. Multiplicáronse os escritos ofrecéndolle propostas de traballo máis ou menos inmi-

nente. Cada quen ten as súas, nós tamén temos as nosas, pero preferimos polo de agora quedarnos á espera da voz e da suxestión deste Papa Francisco que entrou na Igrexa con pé manso e con personalidade cativadora. No fondo, todos, todas, gustamos algunha vez polo menos de deixarnos levar.

4.- O suspense dunhas Xornadas de Pastoral

A quen isto escribe e a outra moita xente causoulle estrañeza, e algo máis, o rebumbio que se armou ao redor dunhas Xornadas de Pastoral que este ano, coma moitos máis ata o de agora, tiñan organizado as Escolas Católicas de España, e que baixo o lema “*Cartografía da Fe*” se habían realizar en diversas dioceses españolas: Oviedo, Santiago, Granada, Madrid, Valencia, Valladolid, Zaragoza, Bilbao e Tenerife. O arcebispo de Oviedo, Xesús Sanz, foi o primeiro en suspender as Xornadas cando estas empezaban a súa andaina, na segunda quincena de xaneiro; o motivo era –parece– que non se axustaban aos contidos, método e fins da carta *Porta fidei*, coa

que o Papa emérito Bieito XVI convocara o ano da fe. Por riba ou por baixo diso, quedou claro que o que realmente molestaba era que entre o persoal responsable de animar as Xornadas coa súa presenza e palabra había en concreto dúas persoas, a “díscola” monxa dominica Sor Lucía Caram e o divorciado Emilio Pinto, mestre e terapeuta. As xornadas, suprimidas en Oviedo e Granada, leváronse a cabo igualmente nos demais lugares, modificando os contidos e poñentes de acordo coas suxestións dos señores bispos.

O feito chama realmente a atención. Ás Escolas Católicas deberíaselles supoñer unha maioría de idade no ámbito que lles corresponde –e nese ámbito está tamén o da formación na fe e para a fe dos seus traballadores–; sería normal que houbera comunicación, pero en principio sería innecesario, parece, o control e a supervisión cautelara dos bispos sobre as comunidades relixiosas, formadas, experimentadas, que se responsabilizan na Igrexa desta parcela particular da evanxelización. De feito, nunca houbo unha comunicación previa ao

xeito de supervisión para autorizar os actos ata este ano, no que o arcebispo de Oviedo, do que son notorios os seus afáns de atar curto o rabaño encomendado, deu a espantada.

Que pasa nunha Igrexa para que as cousas cheguen a estes niveis? Son tan irresponsables os superiores relixiosos dos que dependen as Escolas Católicas? Que comechume lle entrou a certos bispos e arcebispos, para con frecuencia facerse ver con modais resolutivos, autoritarios, como de quen ten sempre a primeira e a derradeira palabra? Non haberá que converterse todos a outra maneira de traballar harmonizadamente, escoitando máis, confiando máis, responsabilizando máis? Non sei por que, pero dános que o Papa actual nos pode ensinar moitas cousas ao respecto, e que imos ter a oportunidade de estrear novas maneiras que igual custan máis, pero que tamén renden máis. Oxalá! Falta fai!

5.- Desafiuamentos veñen, desafiuamentos van

Por desgraza, é este un dos temas de conversa, de irrita-

ción, de indignación, no que a nivel popular hai máis claridade de ideas e de accións, e ante o que as autoridades políticas están máis remitentes. Ultimamente houbo, con todo, pasos significativos, dos que o máis importante foi a Iniciativa Lexislativa Popular que levou ao Congreso dos Deputados unha proposta de lei para modificar a lei hipotecaria, que incluía tres puntos básicos: 1) Dación en pago, é dicir, vivenda por débeda. 2) Paralización de desafiuzamentos cando se trate da vivenda habitual e o impago se deba a causas alleas á propia vontade. 3) Seguir residindo na vivenda cun aluguer non superior ao 30% dos seus ingresos mensuais durante 5 anos.

O PP, que primeiro se resistía a darlle entrada a esta proposta, modificou o seu criterio ante a presión social, aínda que segue sen estar polo labor. A isto houbo que engadir a decisión do Tribunal de Xustiza da Unión Europea que, contra sentenza do Tribunal Constitucional español, declara ilegal o procedemento español de execución hipotecaria, porque vulnera de forma clara os dereitos funda-

mentais das persoas afectadas, e concretamente o dereito á defensa, o que dá pé á paralización dos procesos de desafiuzamentos, e obrigará a cambiar as leis españolas. E nesas andamos, cun aire de esperanza acariñando as vidas de miles de familias que se atopaban nesa escandalosa situación.

Pero antes xa de todo isto, uníndose a un amplísimo movemento cidadán, e tomando postura propia, a Federación de Movementsos de Acción Católica, que xa dera mostras de ter os pés postos na rúa ao lado de quen sofre, sacou un comunicado breve pero substancial, falando do dereito básico da vivenda, falando de como se estaba vulnerando en España, dándolle prioridade aos intereses da banca; falando de como a este carro opresor se subían concellos, inmobiliarias, cidadáns particulares e o mesmo Goberno que se negaba a modificar unhas leis manifestamente inxustas. Pregúntanse loxicamente que temos que dicir e facer os/as cristiáns/ás ante todo iso, e, botando man da mesma doutrina social da Igrexa e do mesmo Catecismo

da Igrexa Católica, conclúe que debemos estar do lado de quen sofre esta inxustiza e apoiar de forma clara, e así o fan, os tres puntos básicos da Iniciativa Lexislativa Popular que comentabamos máis arriba. Desde logo é o menos que se podería facer. Pero está ben, moi ben, que se fixese. Moito máis belixerantes debiamos ser todos/as ao respecto. A nosa felicitación maior, neste senso, para esa muller excepcional, Ada Colau, portavoz da PAH (Plataforma Afectadas Hipoteca).

6.- 100 Dumios

Así titulaban os seus redactores o número cen da Publicación Mensual da Diocese de Mondoñedo-Ferrol, de oito follas en formato de periódico, que cada último xoves de mes sae á luz incorporada á edición da Voz de Galicia para as zonas da mesma diocese. A cousa vén dos tempos do bispo, hoxe emérito, Gea Escolano, e sostense pola vontade dun equipo de redacción vivo e persistente, dirixido na actualidade polo mesmo Vigairo Xeral da diocese, Antonio Rodríguez Basanta, e tamén, todo hai que dicilo,

pola colaboración económica da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que subvenciona as páxinas en galego. Páxinas en galego que –teño diante o número 100– chegan a seis das oito que compoñen a edición. Contidos e fotos están ao servizo dunha información basicamente diocesana, pero tamén aberta ao conxunto das dioceses galegas e mesmo á Igrexa en xeral, cando nesta se van sucedendo acontecementos de certo relevo. Cremos que é unha oferta digna, ben feita, alentadora, respectuosa cando menos coa identidade lingüística galega, por moito que a maiores nos gustase que nela, abondo oficiosa, se dese entrada a experiencias reais de persoas, grupos, comunidades cristiás, que tamén están tirando polo carro da experiencia cristiá con ganas e creatividade, aínda que sexa con algunha que outra estridencia (Xesús tamén foi estridente). En calquera caso, parabéns para este labor, que xa nos gustaría ver similar noutras dioceses galegas.

7.- Un Sínodo diocesano en Santiago de Compostela

O pasado 12 de outubro o arcebispo Santiago de Compostela convocaba mediante carta aberta un sínodo diocesano, nunha diocese que deixara de telos hai xa máis de 100 anos. Considérase que desde a pastoral diocesana se ten levado a cabo un importante esforzo de adecuación á nova situación eclesial e social, pero entende que o momento pide unha tarefa de maior envergadura, pois o testemuño cristián da diocese perdeu relevancia. Anuncia o lema do sínodo, *Renovarnos en comunión dende Cristo*, e insta especialmente “a sacerdotes, relixiosos, catequistas, profesores cristiáns e demais axentes de pastoral que asuman con valentía e humildade a celebración do sínodo, vencendo inercias e desconfianzas”. E máis adiante remata dicindo “Entusiasmádevos para saber entusiasmar, implicádevos para saber implicar, esperade para saber transmitir esperanza”.

A carta anuncio foi acompañada dunha carta pastoral titulada *Renovarnos desde Cristo camiñando en comunión*, na

que se describe o itinerario do Sínodo: 1. Convocatoria o 12 de outubro. 2. Preparación e sensibilización: curso 2012-2013. 3. Consultas e reflexión: 2013-2014. 4. Asembleas sinodais para orientar o novo itinerario pastoral da diocese: 2014-2015. 5. Eucaristía de clausura. E todo está sendo acompañado por trípticos ao caso e con materiais litúrxicos que trasladen á celebración este mundo de inquedanzas, de expectativas e de traballo. O material, no que puidemos ver, está todo el editado tanto en galego como en castelán.

Serán quen o arcebispo compostelán e os seus colaboradores de entusiasmar a unha poboación eclesial, ás comunidades cristiás diocesanas, para embarcarse nunha verdadeira busca do que realmente còmpre facer como seguidores/as de Xesús na nosa sociedade, dispostos a rachar co que haxa que rachar e a soñar co que haxa que soñar para que o novo de Xesús prenda na nosa Terra? Oxalá, desexámolo de corazón. Pero son moitas as persoas queimadas por movidas similares aquí e acolá, que logo que-

dan en nada, en case nada. Que este non sexa o caso!

8.- Pagola si, Pagola non?

Parece que o caso Pagola chega á súa fin. Un comunicado da Comisión vaticana para a Doutrina da Fe recoñece que o libro do sacerdote de San Sebastián titulado *Jesús. Aproximación histórica*, “non contén ningún error doutrinal ou afirmación herética” e admite as mesmas suxestións do autor para modificar certos aspectos metodolóxicos que podían dar pé a malentendidos e a que certas cousas se puidesen ler cun significado distinto do pretendido polo mesmo autor. Cando o comunicado romano chegou ás súas mans, Xosé Antón Pagola escribiu unha carta agradecida a toda a xente que durante estes longos anos o estivera apoiando, e manifestou publicamente a súa satisfacción porque as augas amansaran e porque ao máximo nivel eclesial se lle dese un respaldo ao seu traballo, iso si, indicando que se deberán introducir as modificacións por el mesmo propostas. Aínda con esas, o bispo auxiliar de Madrid, Martínez Camino,

remacha no cravo, e, no canto de recoñecer erros con rostro de exceso de celos en si mesmo e no grupo de bispos e teólogos extremos que estiveran detrás do asunto, anda con reviravoltas, buscando a maneira do si, pero non, que dalgún xeito xustificase tanto esforzo inutilmente feito.

O libro estivo e está aí coas súas múltiples edicións, máis ou menos camufladas coma en tempos de Inquisición; vendéronse 140.000 exemplares, está editado xa en seis linguas, e hai moita constancia de que se contan por miles tamén as persoas ou grupos e comunidades que se beneficiaron da lectura e meditación deste libro, que tiña a pretensión lexítima de presentar a un Xesús histórico dunha forma fonda, e amena, próxima, que levaba directamente a encariñarse coa súa persoa e tarefa e a animarse no seu seguimento nos tempos de hoxe. Non haberá que aplicar tamén aquí aquilo de que “coñecerédelos polos seus froitos” (Mt 7,16a)? É que o *sensus fidelium* (a intuición crente do pobo normal) non vale para nada? Que sentido ten tanta liorta inútil,

cando tanta é a tarefa e tanto hai onde realmente gastar honestamente o corpo e o sangue? En fin, mentres moitas persoas relerán con gusto e proveito cristián o traballo de Pagola, outros, se cadra, quedaranse no baleiro estéril das súas mesmas condenas. Cando cambiarán as cousas, cando empezaremos a remar xuntos, xuntas, na mesma dirección, sabéndonos humildemente complementarios e desactivando toda forma e maneira de exclusión?

9.- Con necesidade de confesión e de perdón

E isto lévanos ao punto final desta Rolda coresmal que escribo cando a primavera se acaba de facer presente e cando a Pascua asoma xa por detrás das celosías da vida. Se lle botamos unha ollada á sociedade, se lle botamos unha ollada á Igrexa, aínda que sexa coa levidade con que aquí o fixemos, é doado decatarse de que o mal rolda a diario as nosas portas, e, de cando en vez, unhas persoas máis e outras menos, todos, todas, quedamos sinalados/as pola súa presenza destrutora. Pobres de nós, pobre da socie-

dade, que perda o sentido da culpa e do pecado! Estupendo servizo que faría a Igrexa se o soubese manter na súa xusta medida, evanxelizado el mesmo, ese sentido da culpa e do pecado, pola Boa Nova de Xesús! Pero, estámolo facendo?

Hai moitas parroquias ou comunidades cristiás onde non se celebra o perdón de Deus, previo recoñecemento do propio pecado, nin sequera nos tempos de Coresma coma os que estamos vivindo. Hai parroquias ou comunidades onde se está intentando volver a tempos pasados recuperando formas de confesión que, segundo análises ben feitos no seu momento, manifestáranse insuficientes para celebrar con proveito e crecemento o perdón de Deus. En xeral, o pobo cristián non quere este formato tradicional, que considera un atentado case á súa intimidade, á súa liberdade. Por aquí e por alí, noutros tempos máis ca hoxe, ofértanse experiencias de celebracións comunitarias da penitencia que, esquivando a literalidade dalgunha regulamentación oficial, intentan iniciar pedagoxicamente a quen nelas participa,

sabendo que, pasado o pasado ao redor do sacramento da penitencia, o camiño é longo, e non todo se vai conseguir nun primeiro encontro penitencial. Estas celebracións penitencias en xeral son ben vistas pola xente, maiormente porque son respectuosas coa súa liberdade e porque están ao nivel do que nestes momentos sinceramente a maioría de cristiáns/cristiás estamos dispostos a facer e con-

ceder. E, claro, algunha palabra que dicir teremos en asuntos que nos afectan tan directamente, ou? E o pobo estáa dicindo. Outra cousa é que se o escoite.

En fin, que vos aproveite a confesión, se confesades (do xeito que sexa), e que se vos alegre o corpo e a alma coa Pascua que Deus gratuitamente nos ofrece.

Manuel Regal Ledo